

ÍNDICE

2	XUSTIFICACIÓN
3	XORNADAS I Xornada (Xoves, 10 decembro) Benvida da presidenta da Asociación de Periodistas de Galicia (APG)
4	Conferencia inauaugural: “Supeditará o COVID-19 as políticas europeas de igualdade?”
10	Conferencia: “É o xornalismo esencial para derrubar estereotipos?”
16	Panel: “A perspectiva de xénero nas fontes informativas tra-lo COVID-19”
28	Panel: “Decae a atención informativa sobre a violencia e a igualdade de xénero”
43	Panel: “Medios dixitais e a súa influencia na percepción sobre a igualdade e a violencia de xénero”
54	Conferencia: “Onde están as mulleres na cobertura informativa e científica do COVID-19?”
63	Debate: “Formación universitaria en igualdade: materia pendente?”
74	II Xornada (Venres, 11 decembro) Conferencia: “Incidencia do COVID-19 na igualdade e na violencia de xénero”
82	Panel: “Tratamento informativo sobre violencia de xénero en tempos do COVID-19”
93	Conferencia: “Como influiu a menor atención informativa sobre a violencia de xénero nos tempos do COVID?”
105	Presentación: “Novas medidas para facer fronte ás consecuencias da COVID-19 na perspectiva de xénero”
113	Clausura do Congreso (Conselleira de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia)
118	CONCLUSIÓNS

XUSTIFICACIÓN

Resulta indiscutible que a pandemia causada polo COVID-19 levou ao mundo a unha recesión de consecuencias aínda incalculables, pero que terán con toda seguridade un marcado nesgo feminino.

Segundo a ONU, este virus pode acabar con toda unha xeración de progresos cara á igualdade, o que nos obriga a realizar un esforzo engadido por non perder nin un ápice das conquistas acadadas.

En Galicia, os datos dunha macroenquisa realizada polo Goberno galego en xullo de 2020 acerca da percepción da sociedade da comunidade autónoma sobre a violencia de xénero, confirman a necesidade de promover entre os medios de comunicación unha maior sensibilización, dándolle a estes delitos a importancia que merecen para erradicarlos.

Nesa macroenquisa, á pregunta relativa ao tratamento informativo desta lacra durante o confinamento, ao redor do 56 por cento considera que os medios non lle dan toda a importancia que deberían, e un 65,5 por cento da poboación residente en Galicia pensa que a violencia de xénero aumentou durante o período de confinamento.

Xunto a iso, medra a porcentaxe de poboación que recoñece a violencia de xénero como un problema social que incumbe a toda a sociedade; unha porcentaxe que esta macroenquisa sitúa no 80 por cento, o que supón 10 puntos por riba da taxa rexistrada na enquisa realizada no ano 2012.

Este contexto impulsou á Asociación de Periodistas de Galicia a convocar en 2020 a segunda edición do Congreso de Medios de Comunicación, nesta edición, para analizar se se están producindo efectos perversos no ámbito informativo sobre a percepción da igualdade, quedando postergada polas consecuencias sanitarias e económicas da pandemia, que capitalizan o foco informativo. E saber, en definitiva, ata que punto os contidos sobre xénero sucumbiron tamén á preeminencia do COVID-19, decaendo a atención informativa no seu interese pola igualdade.

Para tratar de dar resposta a todas estas cuestións, a APG organizou, coa colaboración da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, o Congreso “Medios de Comunicación en Tempos de COVID-19: Influencia da Pandemia na Igualdade e na Violencia de Xénero”.

Este foro concitou a preto de medio cento de xornalistas da práctica totalidade dos medios de comunicación instalados na nosa comunidade, así como a destacadas voces autorizadas de organismos como a Dirección Xeral de Xustiza da Comisión Europea, da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, do Observatorio da Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, ou da Valeduría do Pobo e das universidades galegas.

XORNADAS

I XORNADA

Xoves, 10 decembro

Benvida da presidenta da Asociación de Periodistas de Galicia (APG), María Méndez

Intervención María Méndez

“Bos días. Ante todo, benvidos a este Congreso de Medios de Comunicación e Igualdade, que un ano máis organizamos desde a Asociación de Periodistas de Galicia. Un encontro que ten como propostas de traballo visualizar as limitacións que aínda existen no camiño para acadar a plena igualdade de xénero, e por suposto, na eliminación desa lacra social que é a violencia de xénero.

Obxectivos máis difíciles de acadar se compre este ano, pola irrupción do COVID19 nas nosas vidas. Unha pandemia que segou vidas humanas, puxo en xaque moitas das nosas inquiredanzas vitais e ameaza con sucumbir os avances logrados durante anos no terreo da igualdade.

De aí o deseño desta plataforma na que trataremos de revisar se os esforzos en prol da igualdade seguen mantendo o pulo previo á pandemia... ou pola contra, decaen no seu interese, poidendo causar un retroceso na consecución dunha perspectiva de xénero xusta e igualitaria.

Dirán que é un obxectivo ambicioso; pero tamén, unha reflexión máis necesaria que nunca. E, para logralo, temos convocado a máis dunha treintena de xornalistas, que representan á práctica totalidade dos medios de comunicación instalados na nosa comunidade. Medios aos que agradezo especialmente a súa complicidade e a súa xenerosidade á hora de sumarse a esta proposta.

Acompañarannos tamén xornalistas de sona na loita pola igualdade, como Rosa María Calaf, e investigadoras internacionais como Luba Kassova. E representantes de institucións políticas e sociais, do ámbito europeo, nacional e da nosa comunidade autónoma, así como das nosas universidades.

Un congreso semipresencial, desde o que saudamos a todas aquelas persoas que van conectar cos nosos propósitos a través da canle de *you tube*, e cuxa laboriosa estada non sería posible construír sen a colaboración da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.

A súa implicación e o seu respaldo, permitirá un ano máis á APG e aos profesionais da comunicación, non abandonar no empeño de acadar a plena igualdade de xénero. Gracias a todos, de verdade, por estar; e por participar”.

Conferencia inaugural: “Supeditaré o COVID19 as políticas europeas de igualdade?”

Irena Moozova, directora de Igualdade da Dirección Xeral de Xustiza da Comisión Europea

Presentador: Arturo Maneiro, ex presidente da APG

Currículo Irena Moozova

De nacionalidade checa, é graduada en Dereito pola Universidade Charles de Praga e ten realizado estudos de posgrao na Academia Diplomática de Madrid. Entre 1991 e 2006 traballou no Ministerio de Relacións Exteriores da República Checa, no que ocupou entre outros cargos o de embaixadora adxunta dese país en Madrid (entre o 95 e o 98) e ante a OSCE en Viena (entre 2000 e 2004). Ou tamén, representante permanente da República Checa ante a UNESCO en París (entre 2004 e 2006). Nese último ano incorporouse á Comisión Europea como xefa da representación da UE en Praga e de 2010 a 2017, encabezou a unidade de apoio ás representacións da Comisión na Dirección Xeral de Comunicación.

Conferencia Irena Moozova

“Moitísimas gracias por convidarme. Señora presidenta, señoras e señores. Teño que comezar dicindo que esta sesión é moi importante, porque se dedica á igualdade na pandemia, e máis especificamente ao xénero.

Teño que admitir que a pandemia ten as súas vantaxes, e unha das vantaxes é precisamente este aumento das posibilidades virtuais, porque aínda que teño os meus vínculos persoais con España e mesmo con Santiago de Compostela, que admiro como unha cidade moi importante e moi bonita, nos tempos normais, sería moi difícil estar con vostedes... pero con este desenvolvemento das técnicas virtuais, podemos estar xuntos esta mañá.

Pero tamén o impacto da pandemia, lamentablemente, puxo de relevo as desigualdades nas nosas sociedades, que xa tiñamos antes, pero que se viron acentuadas moito máis durante esta crise.

E permítanme dicirlles que os que xa eran vulnerables e sufriron as desigualdades antes, padeceron aínda máis debido a esta crise pandémica. Podo asegurar, señoras e señores, que a Comisión Europea ten seguido atentamente a repercusión directa da pandemia do COVID19 na igualdade.

Como saben, temos a primeira comisaria de Igualdade da historia, a señora Helena Dalli. Ela estivo en contacto con varias organizacións da sociedade civil e moitos outros actores, para coñecer os problemas, non só das mulleres, senón tamén de xitanos, discapacitados..., durante a pandemia. E tamén estableceu comunicación cos respectivos ministros de todos os países europeos, para convidarlles a centrar os seus instrumentos de apoio, tamén, cara ó beneficio deses cidadáns vulnerables e en necesidade.

A crise da COVID19 afecta de xeito desproporcionado ás mulleres, das seguintes maneiras: os avances acadados en materia de igualdade nas últimas

décadas están en risco de retroceso e existe a probabilidade de que se agranden as desigualdades de xénero no marco laboral.

A diferenza de crises anteriores, o emprego feminino corre un maior risco que o masculino, nomeadamente, como consecuencia dos efectos da recesión no sector dos servizos, e debo admitir que España sabe moito diso, porque o sector de servizos, sobre todo, o turismo, ofrece unha gran parte do ingreso nacional.

Por outra banda, as mulleres son maioría nos sectores considerados como esenciais para combatir a pandemia; agora estou a falar especialmente dos sectores sanitario e tamén da asistencia social.

O aumento, pola crise, da carga do traballo non remunerado -e refírome aquí á educación na casa, a atención sanitaria, ou tamén a atención social-, afecta en maior medida ás mulleres que aos homes. E no marco europeo, esta diferenza no traballo non remunerado entre mulleres e homes, semanalmente -aínda que baixou un pouco durante a pandemia-, sitúase en torno a oito horas. É dicir que as mulleres traballan na casa nesas tarefas oito horas máis cada semana.

Desde o inicio da pandemia aumentaron as denuncias de violencia contra a muller nos países nos que se puxeron medidas de confinamento para frear a propagación do virus.

A Comisión Europea presentou en marzo, e lembro este momento aínda moi ben porque foi o último evento que organizamos xunto coa Presidencia croata, e tamén con moitos actores europeos, o 5 de marzo, a Estratexia Europea para a Igualdade de Xénero, que cobre o período desde 2020 ata 2025.

Este documento estratéxico establece unha visión, obxectivos políticos e accións para acadar avances concretos en materia de igualdade de xénero en Europa, barallando tamén acadar os obxectivos de desenvolvemento sustentable da ONU.

E os obxectivos e prioridades delimitados nesta Estratexia, seguen a ser igualmente válidos durante a pandemia, e oxalá moi cedo, despois dela... traballamos para que a súa implementación non se ralentice a causa da pandemia.

Agora, máis que nunca, temos que garantir que a igualdade de xénero constitúe a base para a formulación de políticas xeralizadas, políticas públicas, xa que adoptar unha resposta á pandemia desde unha perspectiva de xénero, suporá prover unha resposta que será máis xusta e tamén máis efectiva.

Para apoiar aos estados membros, a Comisión Europea achega financiamento e unha plataforma para o intercambio de boas prácticas, para incluír a perspectiva de xénero nas respostas á pandemia.

Adicionalmente, a Comisión continúa a financiar organizacións de base que se centren en combater a violencia de xénero. E pódelles asegurar que a Comisión non dará nin un paso atrás nos seus esforzos por acadar a igualdade de xénero.

Que fai a Comisión para librar ás nenas e ás mulleres do acoso e da violencia de xénero?... como vostedes seguramente saben, traballamos para que a Unión Europea na súa totalidade se adhira ao Convenio do Consello de Europa sobre a Prevención e Loita contra a Violencia sobre as Mulleres e a Violencia Doméstica, que no común coñécese como Convenio de Estambul. E tamén, para que se adopten medidas xurídicas co fin de lograr os obxectivos do devandito Convenio, tanto a nivel nacional, como europeo.

No segundo semestre do próximo ano 2021, presentaremos unha nova proposta legislativa, que será complementaria a ese Convenio.

Colaboramos intensamente coas plataformas da internet para facer fronte aos contidos ilícitos e nocivos, para que a rede sexa un espazo seguro para todos os usuarios.

Colaboramos tamén cos gobernos, organizacións civís e outras institución, para promover a fin da violencia, para sensibilizar sobre as causas que a ocasionan, e sobre as súas consecuencias; e tamén, para fortalecer as capacidades dos nosos homólogos para a súa prevención e resposta.

Apoiamos aos estados membros na compilación de datos a nivel da Unión Europea sobre unha metodoloxía común sobre a prevalencia do acoso e da violencia de xénero.

Pero ademáis, promovemos a necesidade de mudar estereotipos co seu impacto no comportamento de homes e nenas, poñendo en marcha unha campaña de comunicación na Unión Europea, centrada na mocidade.

Neste punto preguntaría aos medios de comunicación presentes nesta sala se estarían dispostos a apoiarnos nesa loita por mudar os estereotipos.

As condicións de vida durante o confinamento e as tensións xeradas polas grandes preocupacións sobre seguridade, saúde e cartos, acrecentan as experiencias de violencia, que xa de seu eran un grave problema social e de saúde pública.

O Instituto sobre a Igualdade de Xénero da Unión Europea, en Vilna, en Lituania, publicou hai menos dun mes un estudo sobre o impacto da pandemia do COVID nas vítimas da violencia doméstica.

Este traballo revelou que, desgraciadamente, os confinamentos descubriron aínda máis a realidade de que as mulleres están máis ameazadas no fogar, no seu propio fogar, e da man das persoas máis achegadas a elas.

O reporte constatou que, se ben todos os países introduciron medidas especiais para protexer ás mulleres da violencia doméstica durante a pandemia, a persistente falta de financiamento dos centros de acollida e das liñas directas de atención contra a violencia doméstica, deu lugar a un desequilibrio dos sistemas de apoio na meirande parte dos países.

O persoal de refuxio e asesoramento víuse abraiado polo aumento de demanda e o maior sufrimento das vítimas... sentíronse incapaces de prestar apoio a distancia. Malia que as catástrofes naturais e as pandemias causan un incremento da violencia contra as mulleres en todo o mundo, ningún estado membro da Unión Europea, lamentablemente, dispoñía dun plan de catástrofe para facer fronte a este problema neste momento.

E este informe propón solucións a curto e longo prazo, incluíndo accións xurídicas, por exemplo, apoiando aos xulgados virtuais, servizos de apoio considerados como esenciais (como servizos médicos, propoñendo aplicacións nos móbiles, etcétera); e tamén, debo destacar unha práctica coñecida de España, o sinal “máscara”, que as mulleres que visitaban por exemplo farmacias ou comercios, podían utilizar para buscar un apoio.

Ademais, organizamos no mes de maio un seminario para intercambiar estas boas prácticas que os países membros adoptaron no seu marco nacional, para fomentar ese tipo de actividades e solucións.

Teño que referirme outra vez á Estratexia nosa de igualdade de xénero, porque esta, inclúe tamén importantes medidas para asegurar que podemos liderar e participar de igual xeito na nosa vida política e económica.

Outro recente estudo, publicado polo medio de comunicación “El Político”, revelou que os estados dirixidos por mulleres, mundialmente, era capaces de reaccionar mellor e máis rápido ante a pandemia. E iso precisamente, por ter en conta a visión da igualdade de xénero dentro das solucións ante a pandemia.

A Comisión Europea, a longo prazo, precisamente mediante esa Estratexia, está comprometida a mellorar o equilibrio entre mulleres e homes nos postos de decisión (como gobernos, parlamentos nacionais e tamén consellos de administración), e estamos adoptando políticas e tamén obxectivos a nivel da Unión Europea. A propia Comisión Europea, baixo a súa primeira presidenta, púxose tamén os seus propios obxectivos, a diferentes niveis.

A Estratexia tamén implica a integración da perspectiva de xénero en todos os ámbitos políticos, a todos os niveis, e en todas as fases de formulación de políticas. Iso é moi importante, porque precisamente formulando as políticas con esa perspectiva, pode mudar a longo prazo a situación da igualdade de xénero en todos os países membros.

Estamos a traballar actualmente, ademais, nunha avaliación polo miúdo do impacto económico da pandemia do COVID19, que se vai publicar no próximo ano... pero xa temos identificadas algunhas das repercusións da crise en mulleres e homes. Por exemplo, son as mulleres as que apuntaron as maiores dificultades para combinar o traballo coa escolarización a domicilio e a asistencia aos seus achegados durante os confinamentos.

Temos que estar alerta e non permitir que un gran número de mulleres abandonen o mercado laboral porque aturan unha carga desproporcionada de coidados.

A importancia do sector da asistencia debe ser innegable ante esta pademia. Atrapamos aos coidadores, que son maioritariamente mulleres e que arriscaron a vida durante a pandemia, pero acotío estes postos de traballo están infravalorados e mal remunerados. Os países deben investir en sistemas asistenciais para reflectir de xeito adecuado o valor dese traballo.

Non debemos repetir os erros cometidos tras a crise financeira mundial de 2008, cando a austeridade afectou especialmente ás mulleres, que tenden a ser máis pobres e dependen máis dos servizos públicos, incluídos os servizos de gardería.

Tamén velamos para que as mulleres e os homes reciban igual salario por un mesmo traballo, ou por un traballo do mesmo valor, en particular, propoñendo un marco legislativo en materia de transparencia salarial a comezos do ano que ven.

E moito antes da crise, hai dous anos, propuxemos normas para que a Unión Europea sexa firme na conciliación da vida familiar e a vida profesional, tanto das mulleres, como dos homes. E velaremos porque os estados membros transpoñan esas normas e as apliquen urxentemente no curso de 2021.

E traballamos tamén para mellorar o acceso ao servizo de gardería e outros servizos de asistencia, investindo en servizos asistenciais a través da adopción dunha garantía infantil europea, e mediante outros modos de financiamento europeo.

Para concluír, deixenme falar moi brevemente sobre mulleres xornalistas e a súa función en situacións de violencia de xénero: en todo o mundo, as xornalistas e as traballadoras dos medios de comunicación enfróntanse a ataques nas redes, e mesmo físicamente, poñendo en perigo a súa seguridade.

Estes ataques poden ir, desde o acoso á estigmatización, a expresión dun odio sexista, un *trolling*, a agresión física, e mesmo o asasinato. Ademais de ser obxecto de ataques polo seu labor como xornalistas, tamén son obxecto de violencia de xénero.

Diversos estudos demostraron que as mulleres xornalistas son obxecto de moitos máis ataques en redes da internet, que os seus homólogos masculinos, e que as ameazas ás que se enfrontan, son altamente sexualizadas, centradas nas súas características físicas, na súa orixe étnica e cultural, máis que no contido do seu traballo.

En consecuencia, esas ameazas tamén distorsionan o panorama dos medios de comunicación, ao poñer en risco a diversidade e perpetuar as desigualdades, tanto nas redaccións, como nas sociedades.

Ao mesmo tempo, os medios de comunicación poden crear as condicións adecuadas para neutralizar esta violencia e combatela a través de artigos, e adoptando unha postura cívica comprometida.

Por iso, é moi importante proporcionar explicacións, definicións, datos estatísticos, e sobre todo, recursos e consellos aos xornalistas e a outros profesionais dos medios de comunicación, para que a partir de agora, estes temas sexan tratados como violacións de dereitos fundamentais.

É dicir, a pregunta que vostedes me puxeron ao principio: se haberá igualdade despois desta pandemia, e cal será a influencia dela na igualdade e na violencia de xénero... a miña resposta foi un pouco longa, pero tamén se pode resumir moi brevemente: o impacto, ou a negación deste impacto, depende de todos nós... pero tamén, depende de todos vós, dos que estades na sala que traballades en medios de comunicación e que nos podeades axudar a que este impacto sexa minimizado, e que progresamos na igualdade de xénero tamén despois da pandemia. Moitas gracias pola súa atención”.

Quenda de preguntas

- Co xa vivido e coa experiencia adquirida, cre vostede que existe concienciación real equiparable entre os países que integran a UE arredor da necesidade de loitar contra a desigualdade e a discriminación de xénero e, moi brevemente, engadida a esta, podería establecer, ou a Unión Europea podería establecer, un horizonte, cando menos teórico, para acadar a igualdade efectiva entre homes e mulleres?.
- **IM:** “Encántame que esa pregunta se formule precisamente pola boca dun home, iso paréceme moi simpático... moitas gracias por iso, por este interese... podo dicir, con moita seguridade, que todos os países membros están involucrados nestes temas e apóiannos practicamente sen reservas. Últimamente, hai unha semana, temos celebrado aquí, en Bruxelas, unha reunión dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais, que en moitos países ocúpase tamén da igualdade de xénero. E tivemos unha discusión sobre a nosa Estratexia. Temos escoitado por boca de todos os ministros dos países membros da UE un gran apoio á nosa Estratexia, aos termos e desafíos que están presentados nela, pero tamén ás propostas sobre as solucións. Iso foi algo moi importante para nós. Tamén, escoitamos por boca dalgúns ministros que teñen as súas diferencias constitucionais, polo que deben procurar a súa propia vía nalgúns materias (por exemplo, na materia dos dereitos reproductivos ou na de xénero). Non obstante, o apoio ás políticas de igualdade entre home e muller foi abraiante, o que me chea dunha grande ledicia e dunha grande comodidade tamén, xa que traballando xuntos, podemos chegar mellor ás metas.

En canto á segunda parte da pregunta, debo respostar que si. O progreso na materia da igualdade de xénero ralentizouse durante o tempo da pandemia e, se antes observabamos unha mellora lenta, agora esa mellora retrasouse. Con esta velocidade, se non se fai nada, poderíamos acadar a igualdade de xénero dentro duns sesenta anos, se facemos unha

proxección. Pero, dentro de sesenta anos ningún de nós poderá observar se iso é realidade, co cal, é moito mellor investir agora, facer realidade as políticas e as estratexias que puxemos a disposición dos países membros, e traballar conxuntamente cos parlamentos nacionais para buscar a lexislación axeitada; cos organismos sociais, cos organismos non gubernamentais, con outras organizacións internacionais para progresar mellor e máis rápido, e non ter que agardar sesenta anos para acadar a igualdade de xénero verdadeira”.

- Falounos de medidas, pero está asegurada a dotación económica para aplicalas, ou se verá mermada pola crise derivada da pandemia?.
- **IM:** “Xa me referín á nosa primeira comisaria, Helena Dalli... xa nas primeiras semanas, ela escribiu aos ministros de Igualdade para que estean moi atentos ás necesidades dos máis febles, dos máis vulnerables e que están máis en necesidade, nas súas decisións e nas súas políticas para avaliar as consecuencias da crise. E, igualmente, todos os líderes da UE, na súa decisión do 21 de xullo -coido lembrar- deste ano, cando adoptaron esa nova proposta financeira para combater as consecuencias da pandemia, decidiron que a igualdade de xénero sexa a base de todas esas medidas que se van adoptar... e supoño que hoxe e mañá os líderes dos estados e dos gobernos serán quen, finalmente, de chegar a un acordo común, tanto sobre o marco financeiro global, como sobre este paquete enorme de financiamento específico, dedicado á reforma e á rehabilitación das economías europeas.
Precisamente, tanto o un como o outro, deben axudar a progresar na materia da igualdade de xénero e empregar os seus fondos... xa falei, por exemplo, das garderías, e para as vítimas do acoso doméstico. É dicir, que os estados membros teñen a posibilidade, e nós como Comisión Europea imos vixiar que realmente sexa así, de utilizar eses fondos para progresar na materia de igualdade porque, xa o dixen na miña exposición, esa materia non é *o xeito como*, pero si é *a parte da solución*”.

Conferencia “É o xornalismo esencial para derrubar estereotipos?”

Rosa María Calaf, xornalista, excorrespondente de “TVE”

Presentadora: María Xosé Porteiro, membro Consello Asesor da APG

Currículo Rosa María Calaf

Barcelonesa, licenciada en Dereito e Xornalismo, traballou 39 anos en “TVE”, desde 1970. É a correspondente coa máis ampla e variada traxectoria, cubrindo a información de Estados Unidos e Canadá, desde Nova Iorque; Unión Soviética e Rusia, desde Moscú; América do Sur, desde Bos Aires; Italia e o Vaticano, desde Roma; países do Leste e os Balcáns, desde Viena; e Asia-Pacífico, desde Hong Kong e Pekín. Ten sido testemuña dalgúns dos principais acontecementos do planeta e coñecido e entrevistado a moitos dos personaxes fundamentais da historia das últimas décadas. Membro do equipo fundador de “TV3”, dedícase á docencia e divulgación desde que se prexubilou en “TVE” en 2009, colaborando ademais con diversas institucións e ONGs. Viaxeira infatigable, ten percorrido

183 países e continúa facendoo cada ano. Recibiu máis de 35 premios, entre os que destacan o Ondas, o Cirilo Rodríguez, o do Clube Internacional de Prensa, A Toda unha Vida, da Academia de Televisión ou o Nacional de Xornalismo de Cataluña. Posúe o lazo de dama da Orde do Mérito Civil e é doutora honoris causa por tres universidades.

Conferencia Rosa María Calaf

“Ola, moi bos días. Moitísimas gracias pola presentación, que sempre me abraia moito, pero isto é só cuestión de anos... o ter podido facer e podido ter o privilexio de poder facer tantas cousas. Encántame estar aquí; houbérame gustado máis, evidentemente, estar en persoa, porque sempre é un gusto estar en Galicia. Por sorte, antes deste parón viaxeiro, fun moitísimas veces.

E a verdade é que, sobre todo, estou moi leda de estar participando nunha iniciativa como esta, porque creo que realmente o tema é obviamente moi importante. Unha sociedade sa non se pode construír sen unha base sólida en educación e en información.

Xa estiven escoitando a intervención da directora de Igualdade da UE... evidentemente concordo con ela en moitísimas cousas, vamos, en todo, practicamente. Quizais a vexo excesivamente optimista... gustaríame poder tamén subscribir esa parte do optimismo, pero por iso estamos aquí, porque precisamente é o que queremos acadar.

Dito o cal, está claro que esa información, ou ese xornalismo san, se sempre é esencial e necesario, o é moitísimo máis nunha situación como a presente.

A pandemia veu a trastocalo todo e a aceleralo. O Consello Europeo de Relacións Exteriores dixo hai moi poucos días que hai unha vulnerabilidade viral, que a pandemia, claramente está enfermado o corpo, pero está tamén enfermado os dereitos, e poñendo en risco á democracia.

O título... a pregunta que se me fixo para esta intervención, que é moi concreta e paréceme que está moi ben enfocada, é se o xornalismo é esencial para derrubar estereotipos.

A directora de Igualdade tamén fixo mención aos estereotipos, porque non lles damos importancia, porque moitas veces están tan incorporados no imaxinario, e non obstante, son estremadamente perigosos. Así que, na miña opinión, si, rotundamente, son esenciais.

O xornalismo é esencial para derrubalos, porque os estereotipos actúan a modo de munición ideolóxica, e os medios, contribúen a que as cousas muden a mellor... ou a peor. É dicir que, moitos temas, e isto tamén o esbozou a directora, son o que os medios fan deles.

De aí a enorme responsabilidade, xa que segundo como reflectan os estereotipos, obviamente crean estereotipos aspiracionais en positivo ou en negativo: quero ser iso, ou non quero ser iso. Fan visibles temas. Contribúen a

xerar construción de modelo social. Polo tanto, a calidade informativa é esencial para a construción desta sociedade sa que mencionaba hai un momento.

Só unha sociedade que estea ben informada, e esta é unha diagnose doada, evidentemente será quen de defender os seus dereitos e as súas liberdades, realmente, neste momento, moi sacudidos pola pandemia.

Hai que prestar atención aos estereotipos, hai que combatelos, porque son mala información. O que fan é agachar, confundir. O que fan é enganar. A crise, como digo, veu a acentuar as vulnerabilidades anteriores respecto do estado de dereito, respecto da gobernanza democrática, etcétera.

É verdade que temos neste momento unha situación de inqueda, de anguria exacerbada, e vivimos claramente uns tempos moi frustrantes, de realidades moi frustrantes, pero ao mesmo tempo, o temos que ver como un tempo de valiosísimas oportunidades para mudar todo aquilo que xa non se estaba a facer ben. De aí a importancia de aprender e de estar ben informado... e de pensar, de reflexionar, de tratar de saírmos dese abafado, desa avalancha de suposta información que nos despista moitísimo, e que realmente nos engana.

Temos a percepción de que estamos tremendamente informados, cando en realidade, non ten nada que ver coa calidade. Podemos ter moito acceso e moita información, pero se a información non é de calidade, estaremos entretidos, pero non estaremos informados.

Polo tanto, temos que facer un exercicio de espírito crítico, ou sexa, de desconfianza, de escepticismo cara moitas das mensaxes que recibimos, e que nos abraian continuamente en todos os dispositivos que temos ao noso redor.

É dicir, que temos a obriga como cidadáns de contrastalos, de non *forwardear* nunca aquilo que non saibamos de onde ven, quen o manda... que fagamos un mínimo acto reflexivo de porqué nolo manda, a quen beneficia esa mensaxe que recibimos. É dicir, se está pensando nos dereitos, nas liberdades das persoas, e está poñendo os valores sobre os que debemos construír unha sociedade cohesionada, ou realmente está servindo a intereses de grupo moi particulares.

Neste momento, estamos vendo que temos un escenario de novas que minten, de silencios que enganan, e de ruído mediático -como digo-, que distrae profundamente. Menosprezan os feitos, non se valoran os feitos, desestímense os datos, e realmente todo iso ao que conduce é a unha polarización perigosísima, que avanza con moitísima forza.

Esa polarización, esas realidades paralelas que se están creando, realmente seguen unha aritmética moi perversa en canto a quen benefician, porque a maior polarización, maior división da sociedade, e lamentablemente, rédito electoral para os extremos, sexa cal sexa o extremo. É dicir, o extremo vive exclusivamente do enfrontamento, vive da provocación, e polo tanto, ese enfrontamento nunca vai producir esa sociedade cohesionada e esa sociedade que teña en conta á maioría.

Hai datos importantes -falando da diagnose, que está clara, e de cal debe ser a nosa actitude ante esa diagnose... é dicir, que tratamento podemos aplicar-, mesmo en voces que nalgún momento teñen sorprendido. Por exemplo, vou mencionar a Martin Wolf, que a moitos colegas sóalles... é un columnista de moita sona do *Financial Times*, considerado, aínda que non me gustan as etiquetas, como conservador e do lado do poder económico, digamos.

Non hai moito fixo unha crítica moi severa, sinalando que hai unha responsabilidade dunhas prácticas políticas e dunhas prácticas económicas, que cualifica como capitalismo de rendeiros, ou sexa, non capitalismo de dereitos e de obrigas, que fomenta as desigualdades sociais e que da pulo aos populismos, dicía el.

É dicir, o xornalismo non pode ser de trincheira, e polo tanto, non pode ser unha simple caixa de resonancia, porque debe cumprir o seu obxectivo esencial, que é o servizo á cidadanía. E cando falamos de cidadanía, falamos do interese público, do ben común.

Neste momento, o escenario, o panorama, ofrécenos unha combinación de diferenzas políticas, ideolóxicas, relixiosas, xeográficas, que están a resultar máis insalvables que as diferenzas de opinión, respecto a que políticas serían mellores para o crecemento e para a cohesión do país, para unha sociedade en paz e con igualdade.

O presidente Obama dixo hai moi pouco, nunha entrevista que se publicou esta semana: *creo que isto se debe en gran parte aos cambios que se teñen producido na forma en que a xente se informa*; é dicir, ao auxe das redes sociais, na tendencia a informarse só naqueles medios e mercar só aquelas informacións afíns aos nosos gustos, ás nosas percepcións e ideoloxías, ou sexa, a non contrastar, e a non utilizar e valernos do prezado ben que é a diversidade.

Debe haber un acordo xeral sobre que hai feitos incontestables, que non son discutibles... que hai datos que son fiables, e que non poden ser desestimados. E que hai que aprender a distinguir o verdadeiro do falso; e que hai que defender-criticar ás institucións para que, evidentemente, cumpran coa súa función, que non é só facer xestos, senón tamén, accións, e sobre todo, plans.

Non pode deixarse todo a resolver mediante parches e non a través de plans. Niso, o xornalismo ten unha función crucial, porque debe centrarse nese facer visible o que non se ve, facer ver o invisible, e dese relato, dese *contar o que se cala*, xa que nunha porcentaxe moi alta -non sempre, pero nunha porcentaxe altísima-, aquilo que non se quere que se vexa e aquilo que non se quere que se diga, non é case nunca en función do ben común, senón en función de determinados grupos de intereses, como dixen antes.

Outra responsabilidade esencial, e onde o tema dos estereotipos ten moito que ver, é o uso da linguaxe. As verbas non son inocentes. Polo tanto, hai que ter moitísimo coidado coas verbas que utilizamos para describir as situacións.

A amabilidade das verbas, en moitísimas ocasións, o que agacha é unha intención de manipulación das ideas, e as verbas procuran propiciar, provocar unha reacción emocional, máis aló do seu significado. Persuadir, máis que informar... e esa é unha responsabilidade dos xornalistas e, obviamente, das xornalistas.

Para iso temos que poder traballar -e non me vou extender niso, porque xa será na quenda de preguntas (o mencionou tamén a directora xeral, pero si o quero subliñar)-, en como a violencia verbal sen ningunha dúbida, pero física, que chega o asasinato, coas mulleres xornalistas, neste momento, é un serio problema do que se fala; pero do que non se fala o suficiente, non se fala do xeito no que se debería falar. Evidentemente, hai que ter claro que hai que tomar medidas e hai que procurar solucións, porque senón, todo ese espazo que nos costou tanto acadar, vaise perder; é dicir, que vai haber, e o está habendo xa, un retroceso.

Remato, pois, tamén insistindo noutra idea que esbozou a directora xeral: todo isto é cousa de todos, non é unha cuestión exclusivamente que interese ás mulleres, como se fora un tema exclusivamente para as mulleres, que beneficie ás mulleres, senón que é en beneficio de todos. Porque realmente do que estamos a falar é da igualdade de dereitos de toda a poboación, non da metade da poboación.

Estamos, pois, nun momento crucial, moi importante, que non só é unha época de cambio, que iso é evidente, senón que é un cambio de época. E sabemos por experiencia histórica que os cambios de época hai que saber manexalos con moito coidado para que signifiquen un avance e non un retroceso.

E cando falamos de avance, falamos sempre de avance en igualdade, e polo tanto, a capacidade de que a información que consumamos sexa unha información veraz, rigorosa, independente, plural... que o que faga é axudarnos como cidadáns, que nos proporcione elementos de coñecemento para que poidamos formarnos unha opinión, que se sustente sobre saber contrastado e non exclusivamente sobre emocións. Vai ser a única maneira de enfrontarse a esas ameazas que, como xa vemos repetindo, a pandemia non fixo máis que acentuar, acrecentar.

Ameazas de autoritarismo, desafíos populistas, crise medioambiental, revolución dixital... todo iso ten que ser pasado por unha información de calidade, comprometida co servizo á cidadanía; e iso é cousa de todos: dos e das xornalistas, dos medios de comunicación dixitais ou convencionais, é cousa, por suposto, do estamento político, que debe garantir o dereito do cidadán á boa información...

É cousa de todos, de cada un de nós, que coas nosas decisións propiciemos, procuremos e esixamos as responsabilidades correspondentes, empezando polas nosas, as propias, as de cada un de nós.

Moitísimas grazas e, se hai preguntas, encantada intentarei respostalas... se as sei".

Quenda de preguntas

- Non cre vostede que hai moitos medios, sobre todo televisivos, que están favorecendo unha percepción de xénero machista (e falo dos programas *reality*)?.
- **PRESENTADORA:** Engado eu unha reflexión: creo que máis que nunca é importante diferenciar a día de hoxe o traballo informativo do traballo da comunicación en xeral; non sei se no noso código deontolóxico, asumido colectivamente, ou no de cada un e cada unha particularmente, deberíamos de integrar esta actitude ante unha catástrofe... como se informa en situacións de catástrofe? e, como se combate a comunicación que ensucia a información, que distrae do verdadeiramente esencial?.
- **RMC:** “Absolutamente. É unha pregunta importante e esencial, porque ten toda a razón. Estamos asistindo efectivamente a unha certa involución, a un certo retroceso, e é evidente que hai que separar o que é a información, do entretemento. Pero é certo que non debemos só preocuparnos de que a perspectiva de xénero -e por suposto dentro da perspectiva de xénero-, a violencia de xénero estea controlada, se esixa formación dentro das redaccións para a información, para o aspecto informativo... ten que estar presente, tamén, no resto do panorama que chea as pantallas a diario (sexan as pantallas da televisión convencional, ou sexan, sobre todo neste momento, as redes, o contorno dixital). O entretemento é estremadamente perigoso, nocivo, se non segue estas pautas -como ben ves de sinalar no preámbulo-. Ou sexa que, non se poden permitir eses estereotipos, esa mala práctica, ese modelo social que se debe combater: androcéntrico, que ignora, cando non despreza, á metade da poboación, cando segue a ofrecer esa imaxe dunha muller, personaxe de segunda categoría, sempre secundario, vítima, pero nunca protagonista da súa propia historia e da historia. Un personaxe que é máis un obxecto a desexar, e mesmo a posuír, máis que un suxeito a respectar e a imitar. Polo tanto, iso é unha responsabilidade. E a televisión, a convencional, pero sobre todo as redes -insisto-, teñen unha gran responsabilidade sobre todo isto. É evidente que ten que haber un tratamento dentro das facultades que teñen a educación para os profesionais e as profesionais da información, pero desde logo tamén, na educación escolar, o máis cedo posible. Pero nese senso. Nun senso de que hai que estar moi atentos á información, pero moi atentos ao entretemento, á publicidade, ao cine, e desde logo, ás redes, porque son esas caixas de resonancia que mencionaba eu. Aí é desde onde se proxecta todo o demais, e todo cala na rúa, e polo tanto, cala na construción do tipo de sociedade que vaia saír desta pandemia. E por suposto, no tema concreto da información sobre a pandemia hai que evitar absolutamente toda esa reiteración de vanalidades, de morbo, de non ir ao fondo das cuestións, etcétera.
Temos criticado moito que durante toda a primeira onda -agora se está a rectificar un pouquiño nalgúns casos-, realmente non se amosou o que é e o que fai esta enfermidade. En fin, o equilibrar o dereito e as liberdades,

a liberdade de expresión co dereito á saúde e o dereito a saber e ter datos fiables... a separación é unha liña moi fina, e ese equilibrio é algo no que hai que traballar”.

- Coa súa experiencia como correspondente ao longo de 39 anos, considera que se ten avanzado na igualdade das mulleres xornalistas?.
- **RMC:** “Moi rapidamente... se ten avanzado moitísimo. Sempre poño o exemplo de que, cando eu empecei no ano 70 nos estudos de Televisión Española en Barcelona, non había baño para mulleres... porque non había mulleres. No soto onde estaban os estudos, en maquillaxe para as locutoras, e na planta de dirección, para as secretarias, si; pero onde se facía a televisión (redacción, controis, cámaras, montaxes, etcétera), non había. Entón, é obvio o cambio en cantidade. Temos avanzado tremendamente, tamén, en ocupación de espazo en cargos intermedios, pero desde logo non se avanzou o que se debería ter avanzado en espazos de opinión e en espazos de dirección. E, un exemplo que xa non só ten que ver coa muller xornalista (pero que obviamente colateralmente ten unha vinculación)... un exemplo moi sinxelo: eu cubrín a campaña electoral da primeira vez que en Estados Unidos unha muller estaba no tandem presidente-vicepresidente; é dicir, presentábase para a vicepresidencia, no ano 84, Geraldine Ferraro. Posteriormente, como sabedes, presentouse Sarah Palin, uns anos posteriores, e hai 8 anos, e logo, hai 4, Hilary Clinton... Ben, pois, claramente, a cobertura informativa destas campañas electorais de Ferraro, Palin e de Hilary Clinton, foron a moitísimo peor en canto a cobertura sexista. É dicir, foi moito menos sexista a cobertura de Geraldine Ferraro no 84, que a de Hilary Clinton, hai catro días. Iso, creo que é un exemplo moi evidente de que non se ten avanzado o que se debería ter avanzado. E non só iso, senón que hai un serio camiño cara atrás”.

Panel “A perspectiva de xénero nas fontes informativas tralo COVID 19”

Sofía Vázquez, redactora-xefa de Opinión de “La Voz de Galicia”

Xavier Cea Otero, director de “El Correo Gallego Dixital”

Rocío Cortés, xefa de España, Mundo, Vivir e Cultura de “El Progreso”

Natalia Sequeiro, responsable de Economía de “ABC Galicia”

Irene Bascoy, responsable de Galicia do “Faro de Vigo”

Moderador: Martín Vizoso, directivo da APG

Currículo Sofía Vázquez

Licenciada en CC. da Información pola Universidade San Pablo CEU e máster en Mercados Financeiros pola Escola de Finanzas. Desde os seus inicios en “Antena3 de Radio” en Carballo, e na delegación de A Coruña de “La Voz de Galicia”, traballou en case todas as seccións dese xornal, cunha longa etapa na de Economía. Colaborou coa “Axencia Galega de Noticias”, “Radio Galega”, “Radio Voz” e “VTelevisión”. Autora de varias publicacións de Economía, foi profesora no máster do grupo “Voz”.

Currículo Xavier Cea

Redactor do xornal “El Correo Gallego” desde o ano 1990. Traballou nas seccións de Economía, e Local de Santiago de Compostela, dese xornal. En 1994 pasou a formar parte da redacción da súa edición en galego, “O Correo Galego”, e posteriormente, desde o ano 2003, da de “Galicia Hoxe”. Na actualidade é o director da edición dixital de “El Correo Gallego”.

Currículo Rocío Cortés

Licenciada en CC. da Información pola Universidade Complutense de Madrid. Comezou a súa andaina profesional como becaria da “Agencia Efe” en Madrid en 1994. Ao ano seguinte, incorporouse como redactora na delegación do xornal “El Correo Gallego” en Noia, onde traballou ata 1997, cando iniciou a súa etapa en “El Progreso”, como redactora de Sociedade, Cultura e Extras.

Currículo Natalia Sequeiro

Licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela. Despois dun ano de prácticas no servizo informativos da “Televisión de Galicia”, iniciou unha longa etapa, de 2000 a 2017, como redactora da sección de Galicia de “O Correo Galego”, primeiro, e posteriormente, de “El Correo Gallego”. En 2017 pasou a integrar a redacción da delegación na nosa comunidade do xornal “ABC”, onde está especializada en Economía.

Currículo Irene Bascoy

Licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela, deu os seus primeiros pasos como redactora en “El Correo Gallego”, onde se especializou en Educación, Universidade e Política. En 2006 incorporouse á delegación en Santiago de “Faro de Vigo”, e en 2009, xa como xefa de Galicia, á redacción central dese xornal en Vigo. Desde 2015 asina mesa cabeceira a crónica política, que desde 2016 é a crónica dominical ilustrada por Gogue.

Intervención Sofía Vázquez

“Ola, que tal. Bo día. Encantada de saudar a todos os meus compañeiros e a todos os asistentes ao acto. Cando me fixeron chegar oportunidade de participar aquí, lin que o panel sería: *A Perspectiva de Xénero nas Fontes Informativas tralo COVID19*.

Decaeu a tensión informativa en materia de igualdade de xénero ou ten perdido protagonismo esta loita?... na miña opinión, si; rotundamente.

Desde o pasado 11 de marzo, que foi cando a OMS declarou o COVID19 como pandemia, os medios informativos, e polo tanto as nosas fontes, centrámonos en facer un control exhaustivo de todo o que estaba a pasar en Galicia, en España, en Europa e no mundo.

Centrámonos en saber como era *o bicho*, en resolver as estatísticas oficiais sobre a cifra verdadeira de mortos, en coñecer quen eran os que se lanzaban á carreira das vacinas -e lembro a ese directivo que vendeu as accións da súa compañía o mesmo día no que se anunciaba un gran paso na súa empresa-, en se as máscaras FFP2 era iguais que as cirúrxicas, en canto custaban, e se se baixaba ou non o IVE, equiparándoo ao doutros países do noso contorno.

Ese era o noso centro informativo: os esforzos por facer visible a equiparación das mulleres e dos homes desapareceron das páxinas, non nun día concreto, senón en xeral. Nada. Non había nada ou case nada. Porque, cando unha muller era asasinada, si aparecía informativamente, pero non vaíamos pensar que o crime se veía tampouco demasiado.

O coronavirus afróntase desde as seccións de *Sociedade*, normalmente, ou de equipos especiais. E a sección de *Sociedade* tamén se encarga de tratar outros asuntos, como o micromachismo, ou a equiparación muller-home en todos os seus aspectos. Iso nos amosa que os xornalistas son importantes.

O coronavirus é tamén como un furacán, no que os xornalistas temos que estar moi pendentes del. Porqué? Porque é unha noticia de internacional, ten nacional, é autonómica, local, ten unha derivada científica, outra sanitaria, outra económica, e con centos de miles de historias humanas. Necesita tal cobertura, que o espazo é insuficiente, mírese por onde se mire... o come todo. E iso, en detrimento doutras novas, como é a que nos trae aquí, a esta conferencia e a esta reflexión.

Co COVID, todos nós sabemos que aumentaron os casos de violencia de xénero e unha maior precariedade e pobreza laboral para as mulleres. Iso, segundo lembra o Instituto da Muller sitúanos no peor lugar para afrontar un novo período de crise... no peor dos lugares. E ignorar este impacto terá graves consecuencias, que agravará a desigualdade, porque se vai agachar.

A presión da pandemia foi cara o sistema sanitario, cara os supermercados, cara as farmacias; sectores nos que, na meirande parte dos casos, se agrupa o maior número de mulleres. A maioría das persoas que entuban aos doentes, e de aí a súa importancia, son mulleres. Son as que ven o seu deterioro día a día. Adoitan ser enfermeiras, enfermeiros tamén, pero adoitan ser enfermeiras... e esas enfermeiras son mulleres.

Creo que ese impacto ignórase en multitude de ocasións, por iso non son optimista, ni co contorno, nin co futuro que nos vai tocar vivir. Por que? Porque temos unha débeda pública que supera calquera perspectiva para que a produción do país sexa capaz de asumir e pagar.

É probable que dentro duns meses esteamos a falar dun novo rescate. O avanzaban dous expertos, nas páxinas de *Opinión de La Voz de Galicia* esta fin de semana... e xa saben vostedes que cando os cartos escasean, e é o problema dos conflitos, queda moi pouca marxe de manobra para equilibrar balanzas. A miseria é imposible de repartir. E as mulleres, neste caso, van levar as de perder. Moitas gracias”.

Intervención Xavier Cea

“Agradezo o convite para participar neste foro e tamén saúdo as miñas compañeiras e aos compañeiros e a todo o público en xeral que está asistindo a este encontro.

Eu, para facer unha pequena achega a esta serie de datos que estamos ofrecendo neste debate, o que fixen foi compilar unha serie de entrevistas realizadas ao longo do ano pasado e ao longo deste ano, que entendo que poden dar unha idea comparativa do que é antes do COVID e despois do COVID.

Nós, en *El Correo Gallego* temos unha sección específica para entrevistas, practicamente sacamos unha diaria. Entón, vou compartir con vós a pantalla agora mesmo, para que vexades... este é o resultado do pequeno estudo que fixen eu, que é unha cousa que, como decía antes Natalia Sequeiro, non pretende ser científica, pero que non obstante, é unha puntualización bastante exhaustiva.

Vemos que, no ano 2019 se fixeron 263 entrevistas (fixéronse moitas máis, pero estas son as que están enclavadas no lugar específico para as entrevistas, unha sección que en *El Correo Gallego* sae case a diario). Vemos que os homes acapararon 170 delas, ou sexa, case un 65 por cento, e as mulleres 93, algo máis dun 35. É dicir que, pódese dicir que de cada tres entrevistas, dúas realízanse a homes, e unha, a mulleres.

Tamén que é interesante ver en que ámbitos están encadradas estas entrevistas. E vemos que en todos eles hai máis entrevistas a homes que a mulleres. Vemos que os ámbitos da economía e da sociedade son os que máis traballos inclúen e chamounos moito atención que, no ano 2020, podemos entender que é o post-COVID -o COVID está presentes desde primeiros do ano-, hai máis entrevistas, 314 fronte a 263, pero os datos son moi parellos: os homes acaparan case un 65 por cento e as mulleres, algo máis dun 35.

Vemos que neste ano hai un incremento notable de entrevistas do ámbito económico, do ámbito social e do sanitario, pero vemos que hai máis traballos nos que se entrevista a homes, que a mulleres.

Realmente sería moi interesante facer unha análise máis exhaustiva en canto á presenza feminina en todo tipo de entrevistas... aquí, por exemplo, chama a atención que non está a sección de *Deportes*... realmente, non me deu tempo a facer esa análise porque era máis complexa, pero seguramente que aí tamén as diferenzas aparecerían reflectidas.

Ao final é o que ven pasando en todos os ámbitos sociais, e aparece reflectido na prensa, a pesar de que, cando se buscan opinións intentamos facelo por igual entre homes e mulleres.

Achegueime tamén a datos de hai bastantes anos para ver o que sucedía e, efectivamente, a evolución é importante. Por exemplo, en datos do ano 2005 e

2006, vemos que a presenza de nomes femininos nas informacións andaba por unha porcentaxe que rondaba o 20 por cento (17-18 por cento). Nós con estas cifras vemos que hai unha evolución, pero realmente é insuficiente.

O equilibrio aínda vemos que está realmente moi lonxe, e eu o que entendo que sería bo -aparte das cifras precisas, tanto desde o punto de vista político, como desde calquera ámbito-, sería moi interesante facer estudos exhaustivos para saber exactamente cal é a realidade e a onde nos leva.

Volvendo ao tema da presenza nestes momentos COVID de informacións con fontes femininas, estou dacordo co que dixeron as miñas compañeiras: a pandemia ten moito poder e influencia, é unha referencia agora mesmo absolutamente poderosa.

Os medios son os que son, e a pandemia está xerando un interese informativo de máximo nivel, e entón, ocupa moitísimo espazo. Seguramente por iso hai moitísimos asuntos que quedan un pouco desasistidos, ou desde logo, menos atendidos que antes”.

Intervención Rocío Cortés

“Bos días e moitas gracias á organización por convidarme. Decía Sofía Vázquez antes que ela non era optimista... eu quero pensar e quero dicir que quero ser optimista, pero estou moi preocupada, porque existen indicios, eu creo que hai un risco, dun retroceso do papel protagonista que tivo a muller nos últimos tempos.

E porqué ese retroceso?... por unha cuestión económica; porque en todas as crises, e esta crise deriva nunha crise económica, o paro, as desigualdades laborais, a precariedade laboral e as dificultades de conciliación, sempre son máis elevadas para as mulleres, que para os homes.

Nas crises económicas, máis mulleres se ven relegadas só á esfera doméstica. E por iso penso que os medios de comunicación debemos redobrar esforzos para incorporar a máis mulleres como fonte informativa. Deste xeito, outra visión do mundo será posible; unha visión máis rica, máis plural, máis diversa.

Se non o facemos, non estaremos a cumprir co noso traballo. A igualdade non pode ser un luxo, un capricho ou unha prioridade só cando as cousas van ben, cando hai crecemento económico. Porque isto é unha cuestión de valores. Non podemos retroceder. Temos que seguir avanzando.

Por iso é importante contar con máis mulleres como fontes informativas, pero tamén que elas teñan o seu protagonismo. É dicir, contar cales son os seus problemas, tanto na causa da violencia de xénero, como introducir a perspectiva de xénero nas informacións; na información económica, na información social, que lles pode afectar especialmente.

Creo que esa é a aportación que debemos facer os medios de comunicación e para iso nos obriga a ter unha especial sensibilidade. Se nós non cremos nisto, isto non vai ser posible.

Pero si penso que hai que estar preocupados, porque hai un retroceso na atención á cuestión da igualdade nos medios de comunicación e na sociedade. Neste momento, non é unha prioridade. A prioridade é pandemia sanitaria e a crise económica que conleva.

Pero hai que pensar que as principais vítimas desa crise económica van ser os sectores máis vulnerables, e entre os máis vulnerables, volven estar as mulleres. Gracias”.

Intervención Natalia Sequeiro

“Cando me falaron para vir aquí, quedaba xusto o 25-N no calendario e o que se me ocorreu é ver se realmente o tema do COVID produciu unha diminución das informacións sobre violencia de xénero e igualdade na cobertura dos medios.

Entón seleccionei, a modo de mostra -non é unha cousa científica nin moito menos-, o tratamento que se lle deu no 2019 ao 25-N, e no 2020, en tres medios, que eran aos que tiña máis acceso eu no quiosco (os que paga *ABC*). Entón, vemos o que pasou:

Empezamos no *ABC*. En 2019 leva o tema da violencia de xénero a portada, cunha foto grande. Tamén hai unha reportaxe de tres páxinas sobre as superviventes de maltrato que logran rescatar outras mulleres; e mesmo nas páxinas de *Economía*, falan do tema de fenda salarial, dos problemas laborais das mulleres cando queren ser nais. Non sei se é coincidencia, pero semella que estaba motivado pola data... e logo tamén, nas edicións locais había algunhas referencias.

En troques, este ano, foi simplemente unha nova grande. Así que semella que neste caso, no *ABC*, o COVID elimina contidos de violencia machista, mesmo no 25-N, malia que as fontes seguen activas.

Noutros medios non é tan clara a diferenza. Na *Vanguardia*, o 25-N de 2019, tamén hai unha chamada en portada, cunha foto pequeniña, e hai unha reportaxe ampla, de dúas páxinas, na sección de *Tendencias*.

No 2020, desaparece a chamada en portada sobre o tema, pero si que hai unha reportaxe de dúas páxinas sobre a violencia machista nas redes sociais e unhas páxinas especiais; e despois, tamén, na sección de *Sociedade*, escollen levar unha información sobre as secuelas que deixa ese tipo de violencia nas diferentes áreas do cerebro da muller.

E en *La Voz de Galicia* tamén pasa o mesmo que en *ABC*, que a maiores do que sae aí, nas edicións locais tamén inclúen informacións sobre o tema. Vai aí unha chamada en portada sen foto. E despois, esa é a páxina do 2019 sobre o tema das non denuncias das mulleres asasinadas. O 25-N de 2020 a foto grande, si,

relacionada coa violencia machista, e vai tamén unha páxina en *Galicia*, a maiores do que sae, xa vos digo, nas edicións locais.

Logo analicei rápidamente o 26 de novembro, que é cando se recollen os actos que organizan as fontes informativas:

No 2019, no *ABC*, había unha portada con foto, un enfoque que é como esa sección que vai como fotográfica dobre, con fotos de moitísimos actos ao longo de toda España, e unha dobre páxina de apertura en *Sociedade*. En 2020, non obstante, só había unha información e mesmo na sección *Local*. Levábamos en *Galicia* unha información sobre os actos da violencia de xénero, pero no resto do xornal, non.

Na *Vanguardia*, a portada estaba sen foto xa no 2019 e había unha dobre páxina abrindo *Tendencias*. En 2020 había unha fotiño pequena e unha nova grande en *Sociedade*. E tiveron un problema co PDF, que non me permite lembrar como estaba en *La Voz de Galicia*.

As conclusións son que as fontes informativas mantiveron a súa actividade malia a pandemia do COVID19 o pasado 25 de novembro. Eu lembro que no mail do *ABC* de Galicia onde nos chegaban as informacións, creo que máis ou menos, os partidos, os sindicatos e as asociacións, mantiveron a pulsión informativa e intentaron organizar actos malia o COVID.

Que pasou nos medios?... pois, eu creo que non hai un comportamento homoxéneo nesas tres cabeceiras. Mentres que en *ABC* si que descende a información sobre igualdade e violencia, claramente; na *Vanguardia* mantense, e mesmo amplía un pouquiño; e en *La Voz de Galicia*, concédelle un espazo similar nun ano e noutro.

Eu creo que máis alá de días sinalados, en xeral, a pandemia do coronavirus está limitando espazos nos xornais para outro tipo de temáticas, cun contido transversal ao longo do ano. Quero dicir que estas reportaxes, que ao mellor se fan nun momento dado da situación da muller nun determinado sector económico, ou dun caso de violencia, iso si que se está limitando... non sei se os demais o comparten.

E simplemente, tres apuntamentos para finalizar: que a pandemia no pode eliminar dos medios a loita contra a violencia machista; quero dicir que é un tema que ten que conseguir facerse oco.

Pero creo que, malia todo, máis ou menos, si que está logrando facerse un oco, o que é importante porque, como sabedes, durante o primeiro período do estado de alarma, as chamadas ao 016 superaron as 18.700 (que son un 65,1 por cento máis que no mesmo período do ano anterior), e esta temática creo que si quedou reflectida nos medios.

Facer fincapé en que é moi importante que os xornalistas sigamos facendo un trato responsable da violencia de xénero -ou empecemos, porque quedan casos nos que non se fai-, non vitimizar máis ás vítimas, sobre todo non culpabilizalas,

non caer no sensacionalismo... en fin, todas esas cousas que na práctica sabe todo o mundo, pero que logo nalgún momento sempre acaban colándose nas informacións.

E, por último xa, sobre o tema das fontes informativas, falar do estudo *The Missing Perspectives of Women in COVID19 News* -do que creo que se vai facer unha exposición máis polo miúdo máis adiante-, e lembrar sobre todo que faltan voces femininas nas informacións, que a pesar de que se sabe que hai que intentar chamar a mulleres para que dean as súas opinións, ao final, non se acaba facendo.

É dicir, que as voces que falan son máis dos homes, que iso ten moito que ver, eu creo, co feito de que, nos postos de responsabilidade, continúan tendo maior presenza os homes hoxe en día. Desde os medios deberíamos facer un esforzo por darlle voz ás mulleres. E nada máis...”.

Intervención Irene Bascoy

“Ola, bos días a todos. Eu, máis que nada, quería invitaros a unha reflexión. A nós cando empezou a pandemia -creo que estamos ante un feito histórico... tardaranse moitos anos en saber ata que punto calaron na sociedade as repercusións- pasáronnos dúas cousas na inmediatez da redacción, cando chegou o COVID: foron a manifestación do 8-M, que foi o Día da Muller, que había que cubrila e había unha gran división sobre se era conveniente ou non... eu, como muller, non me falta sensibilidade sobre o tema feminino, porque é algo que é consubstancial desde que nacín, pero en cambio eu era contraria á manifestación, porque cría que era unha insensatez.

Levábamos cubrindo desde que apareceu en China o virus, o tiñamos diante, e non era conveniente. Cubriuse a manifestación, lembro a foto da cidade con toda a xente que se botou á rúa, e dicíamos: claro, é que a causa é xusta, pero a cuestión é, é conveniente?

Nós, como xornalistas, temos que cubrir esa información. Estamos tan expostos como os demais á hora de cubrir esas informacións e naquel momento as máscaras non era obrigatorias.

Cando foi pasando o tempo, o coronavirus foi un tsunami, que nos arrasou a todos... é un monotema. Se tes unhas páxinas á hora de distribuír o traballo diario, no meu caso hai, o coronavirus, e despois intento ser o máis xusta e equitativa posible con todo o resto das informacións. Pero, ante o coronavirus non hai nada.

E co paso dos días, na redacción houbo un día que chegamos e dixemos: oe, destevos conta hai canto tempo non damos unha información dun crime machista?.

Antes, o problema que tiñamos é que había días nos que había dous crimes machistas e... cal destacabas máis? Se imos ao sensacionalismo, o máis escabroso, por suposto. Se hai menos de por medio, pois, por suposto, tamén.

Eran demasiados *por supostos*. En troques, en plena pandemia houbo un día que dixemos: oe, eu non lembro a última vez que publiquei unha nova sobre a norte dunha muller.

Pois, mira, por unha vez podemos dar a boa nova de que os crimes diminuíron. Pero, ao pouco tempo, como dixeron antes as miñas compañeiras, e compañeiros, o 016 informou que o número de chamadas se disparara.

Lóxico. Se o meu home é un maltratador, pero pasa todo o día traballando fóra da casa, a posibilidade de violencia doméstica diminúe. Pero, se teño que convivir con el as 24 horas do día – se xa sen que se dean circunstancias extremas, acabas farta, a veces para dicir, voume á habitación, non quero saber nada-, non quero nin imaxinar o que ten que ser vivir co inimigo na casa 24 horas ao día durante tres meses. Ten que ser un auténtico pesadelo.

Esas si son persoas que poden contar moito ao respecto do que estamos a falar. Pero o principal problema que temos os xornalistas é que esas persoas moitas veces non queren falar e nós, para amosar unha realidade, temos que ter testemuños que corroboren e apoiem as cousas que dis.

A veces é moi difícil intentar plasmar ata que punto un tema ten calado. É impactante? Posiblemente si. Se conseguíssemos o testemuño dunha persoa que viviu as 24 horas co seu maltratador e cóntanos o seu día a día, en pleno estado de alarma, impactaría tanto como que levantan o peche perimetral en Lugo.

Porqué?... porque é algo que a todos nos afecta, sexas home ou muller. Se tes un pouco de sensibilidade, estes temas, calan. Pero, moitas veces, esas fontes informativas... a principal persoa que podería contarnos a violencia de xénero, son as propias vítimas. Pero as vítimas teñen medo, non queren falar; por iso son vítimas. É moi doado dicir, séntate a falar, pero normalmente para a xente que é vítima de calquera situación, o silencio precisamente adoita ser un escudo, porque os protexe.

Entón, revisando se fixen ben o meu traballo durante o estado de alarma... tería que ter dado máis espazo a isto ou menos espazo a isto?. Non o sei. Porque cada día na redacción é un mundo.

O que si é certo é que calquera información que sexa allea ao coronavirus, interesa menos. Iso é así... interesa menos. Porque o coronavirus é algo que afecta a cada unha das persoas, por moi xustas que sexan, nun momento como o que nos tocou vivir.

Eu, por exemplo, dicía: imos entrevistar a un microbiólogo. Pero é que a meirande parte dos científicos son homes. A única muller relevante, importante, e cun nome propio, é María Anido, que traballa para a OMS -que é galega, por certo-. Pero, se pensamos en directores de hospitais, microbiólogos, virólogos, neumólogos... son homes.

A ciencia, que é o campo ao que se refire o coronavirus, a meirande parte das persoas ás que entrevistamos -como dixo Xavier Cea-, ou que pedimos

referencias, son homes. Porque as mulleres na ciencia, e nesta pandemia poderían dicir moito, non xa como vítimas, senón como referencias, son poucas.

Eu non sei se é porque non queren saír; porque non chegan a ter a referencia necesaria para que os xornalistas nos interesemos polo seu traballo, máis aló do laboratorio... pero creo que é un problema complexo. As cousas non son tan sinxelas á hora de ponderar unha nova, nun momento como o que temos agora mesmo. A violencia de xénero, se é un crime, sabemos que vai saír. Máis ou menos, pero vai saír.

As novas que dabamos antes sobre igualdade de xénero, violencia de xénero - quizáis a nova que sacábamos dos mozos novos que utilizan as redes sociais para para acosar ás súas mozas ex mozas e demais-, pero fóra diso, que hai un espectro moi grande, non. Está totalmente eclipsado polo coronavirus.

E eu son xornalista, son muller, estou sensibilizada, apoio a causa, pero teño unha serie de necesidades diarias e teño que tomar decisións; e nesas decisións, nalgunha medida vai afectar o feito de que sexa muller?.

Creo que, nun tanto por cento pequeno, porque por riba de ser muller son xornalista. As miñas decisións teñen que primar por riba da miña condición ou así o creo. O cal non quita que apoie determinadas causas, pero á hora de analizar e de tomar decisións de que vou meter, a quen entevisto,... eu non penso como muller, penso como xornalista; e é a miña única prioridade. Moitas gracias”.

Coloquio

- **PRESENTADOR:** Luba Kassova, que hoxe estará aquí, dándonos conta do seu estudo, fai unha entrevista hoxe en *La Voz de Galicia*, na que di exactamente que os homes desprazan ás mulleres nas informacións nunha proporción de tres a seis, nos países analizados, onde fixeron o estudo. É dicir, que os xornalistas dirixímonos máis aos homes que ás mulleres, sen dúbida. Pero iso é, sobre todo, unha cuestión de descoñecemento... Permítaseme a vaidade da autocita: esta pasada fin de semana, o pasado domingo, nunha páxina que teño, que se chama *Memoria de Mariñáns*, din a coñecer que a vicepresidenta de Pfizer, é dicir, a persoa que dirixe o desenvolvemento clínico de biosimilares, chámase Dolores Vázquez Abad; é filla dun ministro republicano exiliado, de A Pontenova... e recibín correos e comunicacións de políticos e responsables de Sanidade de media España, de distintas autonomías, porque se descoñecía a figura desta muller. Entón, enlazando todo isto, pregunto, e sobre todo, lanzo a proposta -á Xunta neste caso-, de se considerades útil ou viable unha especie de directorio, que de a coñecer onde están as mulleres. Máis que facer, digamos, un feminismo de teoría, imos construír paso a paso quen é a responsable neste hospital, quen é a especialista en temas de vacinas, quen é Dolores Vázquez Abad, quen é María Anido... que a Xunta promova un directorio de científicas e de coñecementos científicos, como fontes informativas, para paliar esta

carencia que destacades -e con toda a razón- os dous. Como vedes esta cuestión?.

- **IB:** “Paréceme superinteresante, porque eu penso que os medios si que podemos facer un maior esforzo por incorporar ás mulleres. Eu non estou segura da afirmación de Rocío de *hai máis científicos homes, que mulleres*. O que penso é que eles saen máis nos medios (**RC:** teñen máis visibilidade), máis protagonismo. Os medios temos que redobrar o esforzo. É moi fácil tirar da axenda, dunha axenda que nos ven dada, onde a maioría dos que falan son homes. O difícil é aparcar esa axenda que temos, e buscar mulleres protagonistas. Eu vovos contar unha anécdota: durante un tempo, no *Faro de Vigo*, eu era responsable os domingos de coller un tema e buscar dúas persoas que o miraran. Prometinme que quería facer 50-50, é dicir, que falara un home e unha muller. Cada vez que chamaba a un home, non tiña problema. Cando chamaba ás mulleres, si. E eran temas diversos, non eran cuestión de xénero. Se a polémica da semana era se había que vacinarse pola gripe, intentaba chamar a dous médicos; un home, e unha muller. Se a polémica era a Lei de Transexuais, intentaba o mesmo. É dicir, buscaba variedade de xente.

Pois, se para conseguir o artigo do home tiña que chamar a dous, porque o primeiro non me collía o teléfono, para conseguir unha muller, tiña que facer cinco ou seis chamadas. E vovos dicir cales eran os argumentos recorrentes para que elas declinasen a invitación: primeiro era, *ai, é que eu nunca escribín un artigo, non sei se o farei ben... e que, mira, cando teño que entregalo, porque non vou ter tempo; porque, mira, pola tarde teño que levar os nenos a un aniversario e teño que coller ao maior en fútbol, logo ademáis teño que facer a compra da semana... e que non podo*.

Entón, eses dous argumentos de *teño medo de non facelo ben e, segundo, e que, ademáis do meu traballo, teño que encargarme dos meus rapaces, non teño máis tempo libre, porque estou abafada e estou estresada*, eran os máis habituais.

Iso nos esixe a nós un esforzo, pero eu creo que si hai mulleres e mulleres relevantes no mundo da ciencia que poden opinar. Elas teñen que dar ese paso de crelo, de buscar ese oco. Eu mesma fago autocrítica, porque son redactora-xefa no *Faro de Vigo*, teño dúas nenas que traballar... hoxe estou con vós nun día libre meu, pero moitas veces chámanme a outros foros e declino, porque de verdade que non me da a vida para traballar e coidar dos meus nenos. Eu creo que aos homes lles resulta máis doado, e por iso eles gañan un espazo que nós non temos.

Entón, nós temos que asumir dar o paso e ter o protagonismo, e os xornalistas dos medios de comunicación, temos que ir buscalas. Quero dicir que a proposta que estabas facendo antes é moi interesante, pero xa en Galicia xa hai un intento (se estivera aquí Carla Reyes enfadaríase porque se non o coñecemos ou o damos coñecer): Executivas de Galicia ten unha guía, está construíndo unha guía de mulleres referentes en diferentes ámbitos, precisamente con ese obxectivo; que cando os medios de comunicación busquemos un experto, ese experto non sexa só un home, porque hai mulleres moi importantes, que teñen moito que dicir. Temos que facer ese esforzo. Custa, eh!”.

- **RC:** “Por alusións... cando me refería ao dos homes, quería dicir que as mulleres non teñen visibilidade, que é o que habería que analizar por que é así, non só na ciencia; nos artigos e en vinte mil campos. Nesas estou igual ca ti. Tirar da axenda ás veces é moi frustrante, porque queres falar cunha muller, pero porque ela é noticia, non xa porque fagas o esforzo suplementario de intentar buscar unha voz feminina, e te encontras moitas veces con *ai!, é que me ven mal, que te parece mañá*. Non. É que a inmediatez é importante neste negocio. No xornalismo temos que dar esa información, porque por exemplo eu que traballo en prensa, aínda por riba temos as redes sociais e as televisións que teñen moita máis inmediatez que nós. Entón, eu creo que na prensa temos que dar un plus de información quizáis destacando a xente que doutra maneira non sairía, achegando outro tipo de informacións que poden ser relevantes e que din cousas. Eu non teño fillos, pero eu tamén estou no meu día libre hoxe. Non teño o plus que teñen as mulleres xornalistas. Eu falei con moitas das miñas compañeiras e algunhas, aínda que lles ofrecesen un cargo non o querrían polas horas que conleva. Ti dicías é que aos homes lles é máis doado... claro que lles é máis doado. Aquí hai moitos homes. Claro que lles é máis doado, porque todavía nós, as mulleres, temos interiorizado que temos que facernos responsables do coidado da nosa casa e dos nosos fillos. Nós, aquí non lle boto a culpa aos homes. Nós asumimos ese plus de responsabilidade e, como eres xornalista, ademais tes uns horarios de tolos, o que o fai máis difícil todavía. E eles non teñen ningún problema de saír, cando o teu fillo ten febre... saír, desempeñar o seu traballo e non lle van dicir ao seu xefe, *mira, é que vou saír á metade da reunión porque teño que levar ao meu filloa o médico*. E eu iso o teño visto. Levo 25 anos na profesión e eu sempre dicía, por que son as mulleres as que sempre piden o día libre porque teñen o neno malo. Eu teño unha redacción na que o 50 por cento son homes e o 50 por cento, mulleres. Agás separados, que ao mellor lles toca o neno ese día, é moi raro que un home salga dunha reunión e dígalle ao seu xefe é que marchou porque teño ao neno con febre. Claro, é que hai moitos comportamentos que non só as mulleres temos que mudar. Tamén os teñen que mudar os homes. A igualdade está nas pequenas cousas. Está moi ben falar o 8-M de grandes proxectos que temos, e do 25-N, pero as mulleres somos moi atípicas. Eu non me sinto representada por moitas cousas que din moitas mulleres. Para nada. Porque, nesta profesión, eu non pensei, son unha muller, teño máis opcións, ou menos opcións... creo que niso fixen ben. Algunhas veces encontreime en casos de *esta entrevista creo que a fai mellor tal persona*, e ti sabías que non era porque a túa capacidade profesional fora inferior á do home. Pero daban por feito que o home a defende mellor ca ti. E ti o sabías. Pero, é unha fronteira que ti non podías dicir alegremente *non ma das porque son muller*. Vas camiñando, e eres como unha formiguiña. Vas facendo o teu traballo e vas derrubando os topes, mitos, estereotipos que ti atopas no camiño. Pero temos un camino moi longo por diante. Nós. E eles se queren, nos poden axudar... pero nós mesmas, creo que temos un *hándicap* moi grande por diante”.

- **XC:** “Eu quería dicir simplemente que, calquera iniciativa que se poña en marcha, en aras de conseguir referencias e impactos, e levantar barreiras e obstáculos corporativos que a veces nos impiden chegar a certas zonas... calquera iniciativa dese tipo, aos xornalistas iríanos estupendamente. E para a presenza feminina na prensa, tamén sería bo”.

Panel “Decae a atención informativa sobre a violencia e a igualdade de xénero?”

Mario Moreno, director de “Radio Galicia Cadena Ser”

Ángeles Sanluis, editora de La Brújula de Galicia de “Onda Cero”

Tania Fernández, xefa de Programas da “Radio Galega”

Alberto Varela, redactor-xefe de “Cope Galicia”

Ignacio Balboa, director de “Esradio Galicia”

Moderador: Virgilio Costas, directivo da APG

Currículo Mario Moreno

Licenciado en Dereito pola Universidade Complutense e máster en Dirección Comercial e Marketing. Traballa no grupo “Prisa” desde 1988. En primeiro lugar, nos departamentos comerciais e de marketing do xornal “El País” e “Radio El País”. En 2006 trasládase a Galicia para crear na comunidade a infraestrutura comercial de Prisa, tanto en papel, como dixital e radio. Desde 2017 é o máximo responsable en Galicia da “Cadena Ser”.

Currículo Ángeles Sanluis

Licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela. É reporteira e redactora de Informativos. Durante boa parte da súa carreira estivo ligada ao xornalismo político en Galicia. Tras dous anos en “Radio Voz”, no ano 2002 incorporouse á plantilla de “Onda Cero”. Desde 2007 codirixe e copresenta o espazo Efecto Nova de “Onda Cero Galicia”, e desde hai tres tempadas, dirixe e presenta La Brújula de Galicia, tamén en “Onda Cero”. Obtivo o primeiro premio do certame xornalístico Albarelo, do Colexio Oficial de Farmacéuticos da Provincia da Coruña e o terceiro premio do SEPAR, da Sociedade Española de Neumoloxía e Cirurxía Torácica.

Currículo Tania Fernández

Xornalista, doutora en Comunicación e Industrias Creativas. É tamén profesora no grao de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela. Ademais de ser a responsable de Programas da radio autonómica galega (“Radio Galega”), é membro do grupo de investigación Novos Medios da universidade compostelá, precisamente especializado en medios de comunicación de servizo público.

Currículo Alberto Varela

Licenciado en Dereito pola Universidade de A Coruña e licenciado en Xornalismo pola de Santiago. Posúe o título de Experto en Tutela de Colectivos en Risco de Exclusión Social da Universidade compostelá e o de Experto en Comunicación Transmedia da de San Jorge. Leva 15 anos exercendo o xornalismo, e os últimos 8, como responsable da redacción central da “Cadena Cope” nosa nosa comunidade.

Currículo Ignacio Balboa

Cunha dobre faceta profesional, sanitaria e xornalística, ten sido, entre outras cousas, secretario xeral do Consello Asesor do Ministerio de Sanidade e Consumo, director xeral do Centro Tecnolóxico da Carne, director xeral de “Atlántica de Planificación e Medios”, director de Formación e Relacións Institucionais do grupo “El Correo Gallego” ou director de Desenvolvemento Corporativo de “Coremain”. Ademais, dirixiu e presentou o espazo Ustedes Mismos, en “Televisión Española”; ten sido colaborador do programa A Revista e director-presentador de Comer para Vivir, na “Radio Televisión de Galicia”, e de Falando de Saúde, en “Correo TV”.

Intervención Mario Moreno

“Gracias por convidarnos e por darnos esta posibilidade de charlar sobre este tema tan vital; non é que sexa importante, é que é vital.

Durante este período de pandemia, todo xirou a redor do virus e á súa incidencia, tanto na saúde, como na economía. Co cal, todos os medios de comunicación estivemos centrados en algo tan importante que non vivíamos desde había cen anos.

Dentro desa avalancha informativa que tiñamos sobre a pandemia, o resto de temas quedaron algo relegados e todos nos volvimos medio expertos en ciencia, en medicina -non tanto como Ignacio, claro-, pero íamos accedendo a esa información a través de todo o que demandaban as nosas audiencias, os nosos lectores, respecto ao que nese momento nos importan. E o resto de temas caeron un pouco na marxinalidade, desgraciadamente.

Pero, si é certo que isto é unha pandemia, o que temos coa violencia de xénero e a igualdade, iso xa non é unha pandemia, iso é unha lacra, realmente. E non podemos deixar pasar os casos ou informar dunha maneira que sexa colateral.

Se vemos, coa mesma pandemia, cando iniciamos a desescalada, e cando semellaba, se nos dixo, que tiñamos dobregado a curva, como pouco a pouco estabamos saturados de pandemia e íamos deixando espazo.

Pois iso é o que non nos pode pasar coa atención informativa sobre a violencia de xénero e á igualdade. É dicir, temos que poñer foco, somos responsables, de iso e temos que poñer foco neste problema. Temos que seguir dando altofalante ás mulleres que o sofren e non deixar absolutamente ningún lagoa a informacións que poidan quedar como dubidosas sobre o que está a suceder.

Hai que denunciálo sempre, constantemente, e darlle o valor que teñen, darlle a importancia do que é, unha auténtica lacra.

Paréceme ben, dentro dos datos que dixó de que unha porcentaxe tan alta de galegos cren que se pode eliminar... hai que crer que se pode eliminar. A min resúltame difícil, porque en novas xeracións vexo unha conciencia vaga sobre o que representa ese problema. Creo que se está a baixar un pouco a garda niso, co cal temos que ser moi insistentes neste tema.

Non son tan optimista en que o poidamos reducir ou eliminar, porque como digo é un problema de cultura e tamén daqueles que aparecen nos medios. Xa non me refiro aos que somos os seus responsables ou os directivos dos medios de comunicación, senón a responsables políticos ou líderes sociais cando ponen en dúbida, restan importancia ou relativizan a situación.

Creo que isto non o podemos permitir. Hai que rebater isto sempre e manter a loita constante na atención informativa sobre a violencia de xénero. Só dese xeito poderemos, non sei se erradicala, non son tan optimista, pero si que remate sendo algo realmente marxinal. Agora mesmo non o é e eu creo que é un dos grandes problemas que ten a nosa sociedade”.

Intervención Ángeles Sanluis

“Bos días a todos e a todas as participantes nestas xornadas. Vou ser moi breve, pero si que me gustaría comentar algúns puntos na miña intervención. Evidentemente concordo con todo o que se ven de expoñer, o que ven de expoñer o director de Radio Galicia.

Non pode ser doutro xeito porque, evidentemente, a pandemia ao final contaminouno todo, pero os medios eu creo que somos un reflexo do que está a pasar na sociedade e o que lle está a pasar a cada cidadán. É dicir, agora mesmo todo o mundo fala de poñerse ou non a máscara, se o fillo do veciño o vin que se foi de parranda cando non podería facelo, a xente está preocupada polos seus postos de traballo. Entón eu creo que ao final os medios só reflectimos o que xa está na sociedade.

Non debería ser así, non deberíamos falar simplemente da pandemia, é evidente, porque están pasando cousas moi importantes que merecerían que puxésemos tamén o noso foco de atención, pero ao final somos un reflexo do que é o día a día dos cidadáns.

Vemos de pasar hai nada, hai só uns días, o que é o día conmemorativo da loita contra a violencia contra a muller e, sendo esa xornada o día conmemorativo, está claro que, con respecto aos últimos anos, prestóuselle moitísima menos atención. Se ben é certo que houbo menos actividades, menos eventos, non houbo mobilizacións sociais que adoitaban darse nos últimos anos...

Realmente, é lamentable que ocorra así e merecería unha reflexión por parte de todos nós. Ademais, creo que todos somos conscientes de que estamos nun

momento no que as vítimas de malos tratos son especialmente vulnerables; o temos comentado, tamén os medios de comunicación.

Agora mesmo hai mulleres que, por mor das restriccións de mobilidade, ou cando tiñamos o confinamento domiciliario, estaban aínda máis pechadas na gaiola na que acostuman estar pechadas no seu día a día, e quizáis fai máis difícil que haxa unha saída. E ademais, pode ser unha situación que se pode prolongar no tempo, porque a ninguén se lle escapa que a crise económica pode afectar directamente ás vítimas de malos tratos, xa que se xa ás veces, cando están nunha situación de vulneración económica, é máis difícil para elas dar ese paso de saír dese círculo no que se encontran, agora mesmo, con incertidume económica, se tes fillos, imaxínense a situación na que poden estar moitas vítimas. É dicir, que nos necesitan máis que nunca.

Eu entendo o xornalismo como un servizo público. Somos un dos piares da sociedade -moias veces presumimos diso-, malia que non atravesamos polo mellor dos nosos momentos en canto á consideración da opinión pública, pero deberíamos achegar o noso graniño de area como servizo público e tamén mellorar a situación.

De todos os xeitos, máis aló do que é o momento actual da pandemia, eu creo que os medios de comunicación tamén deberíamos reflexionar sobre se existe un compromiso real, dentro da axenda dos medios, no compás da desigualdade e na visibilización e loita contra a violencia de xénero, porque sabemos que a día de hoxe, se non estás nos medios, non saes.

Estou a falar mesmo dos casos máis extremos... ti falas con familias esnaquizadas por casos relacionados coa violencia de xénero, e ás veces sítense marxinadas polos medios de comunicación. É dicir, hai un compromiso real ou é que despois valoramos outro tipo de cuestións. Porqué prestamos atención nun determinado momento? Porqué hai casos que si, casos que non? Eso é inxusto, porque se o compromiso é real, debería ser o mesmo compromiso con todas as vítimas.

Só comentar -porque é así- un caso que me impactou moitísimo, o de Elisa Bruñedo, que era de Cabana, de Ferrol. Era unha muller que un día saíu dar un paseo, como tantas mulleres, e non volveu a casa. Fora asasinada e fora agredida, ademais, sexualmente.

Ese caso coincidiu no tempo co parricidio de Asunta Basterra e non se lle prestou atención. Ti falabas coa familia, e falas a día de hoxe cos fillos desa muller, e o que reclaman é atención. Pregúntanse, que pasa, o miña nai foi vítima tamén... por que hai vítimas de primeira e vítimas de segunda?.

O que me refiro é, nesa axenda mediática temos un compromiso real, ou temos o compromiso e despois valoramos outras cousas á hora de meter determinados casos nesa axenda?. E non imos entrar no tratamento, porque non é obxecto do debate...

Hai uns días tamén tiñamos o asasinato doutra muller en Gondomar. A min, o certo é que me colleu un pouquiño antes de entrar no programa de radio e impactoume moito porque viña de facer unha entrevista na que falara destes temas.

A verdade é que houbo un momento, cando estaba preparando que dicir, como contalo, que me plantexei a cuestión -que é importante tamén e que me preocupa- de como transmitir a mensaxe de condena, como dirixirse á sociedade para contar este caso... ao mellor está a escoitar unha muller que pode estar nunha situación semellante... É dicir, como non caer en lugares comúns, en mensaxes repetitivas que ao mellor poden soar ocos e que, ao final, o oínte, o lector, o televidente, pode pensar *xa están co mesmo de sempre*.

Iso preocúpame realmente, porque entón non estamos chegando e non estamos a facer ese servizo na loita contra a violencia de xénero. E tamén creo que é importante que haxa mensaxes que sexan comprensibles porque ás veces caemos nunha terminoloxía que creo que nin o propio... ás veces pregúntome, cando fago o programa, se utilizamos determinados termos, están a entenderme? As vítimas están entendendo realmente de que estou falando?. E iso é fundamental: chegar, comunicar.

Entón, preocúpame se hai ese compromiso real na axenda mediática, xa non únicamente nesta época de pandemia, e como transmitimos esas mensaxes para non repetir sempre, porque aparte sabemos que nos medios de comunicación hai verbas, hai frases que moitas veces se poñen de moda... entón falamos en economía dos sectores extractores, en política hai un par de anos estabamos todos coas confluencias, confluír..., e agora estamos con empoderamento.

Pero é unha moda, ou realmente cremos no significado destas verbas? E iso é importante para poder chegar ás vítimas, porque creo que estamos aquí para dsenunciar ese tipo de comportamentos e para dar unha saída a esas vítimas.

Así é como poderemos saír do círculo no que estamos. E eu tamén estou moi preocupada pola xente nova... e xa está, porque creo que me estendín demasiado. Gracias”.

Intervención Tania Fernández

“Si. A pregunta desta mesa era se decaeu a información sobre igualdade e sobre violencia machista durante a pandemia. Absolutamente concordo con Mario e Ángeles en que efectivamente é así.

Entón, eu creo que motivar unha autocrítica a nós mesmos sobre por que nos deixamos levar. E concordamos todos e todas en que a pandemia do coronavirus arrasou con todo, non únicamente coa información de igualdade, con absolutamente todo. No caso dunha programación tan ambiciosa de 24 horas como pode ser a da Radio Galega que eu represento aquí, caeron programas de información especializada en sectores económicos, en cultura, en deportes...

É dicir, houbo moitos sectores da sociedade que quedaron ocultos, que quedaron detrás desa pandemia e, se os tratábase, era sempre desde o punto de vista de como lles estaba a afectar esta pandemia.

Non obstante, co caso da violencia machista, non o fixemos ou fixémoslo peor; tampouco imos dicir que non nos preocupamos por iso, porque si que nos preocupamos, pero peor.

Os datos que nos trasladan sobre esta cuestión revelan que durante o estado de alarma o número de chamadas ao 016 multiplicouse un 40 por cento. Non obstante, esa realidade que é un feito real, e que debería converterse ao mesmo tempo nun feito que é noticia, non tivo ese relevo que noutro momento si que tería e non o soubemos trasladar do xeito en que eu creo que deberíamos facelo.

É certo que a axenda informativa aliméntase de casos extremos. É dicir, falamos de violencia machista obviamente cando se producen os asasinatos, cando se producen casos moi extremos; pero a violencia machista ou a desigualdade existen no día a día, no elemento máis pequeno.

Polo tanto, con eses casos máis extremos si que estivemos, si que estaremos, non fallaremos nunca aínda que haxa mesmo unha pandemia, pero meses elementos máis pequenos da violencia machista do día a día pódese dicir que desaparecemos ou que se produciu un velo. Nós ao final somos o reflexo da sociedade; produciuse o velo na sociedade, e nós trasladámolo ao noso traballo.

Eu creo firmemente nese eslogan que di que os medios de comunicación estamos para informar, para formar e para entreter, e creo que o noso papel como formadores é imprescindible... nunha cuestión como esta, nin que dicir ten. Na anterior ponencia estábana pechando falando da importancia de poñer en valor que as persoas que están sacando adiante as vacinas, estas investigación para poñer fin a esta pandemia, son mulleres.

Que importancia ten que nós fagamos forza con todos eses datos para que eses nenos e nenas, que agora nos parece que están un pouco despistados, sexan conscientes de que unha muller pode ser unha gran científica, presidenta do Goberno e directora xeral dunha gran empresa. Porque así o día de mañá, cando entren a traballar nesas empresas, non tomarán mal, por exemplo, que a súa xefa sexa unha muller. Algo tan simple, tan sinxelo, como iso. Naturalizar que unha muller poida ser a persoa que teña o coñecemento ou que pode dirixir unha empresa (que o pode facer ben ou mal, desde logo, como un home... exactamente igual).

Eu creo que o importante agora mesmo, unha vez recoñecido e admitido que nos deixamos levar un pouco nesta cuestión neses meses, é que é relevante pensar na perspectiva de xénero. Non únicamente falar da violencia de xénero como tal, senón aplicar a perspectiva de xénero a todo o demais que facemos os medios de comunicación. Póde ser este caso da ciencia, das investigacións, dar a posición que esas mulleres científicas merecen, pero non só.

É dicir, durante todos eses meses estabamos falando de persoas coidadoras en residencias de anciáns, en garderías, en centros de día, en centros de maiores... a maior parte das persoas que traballan neses centros son mulleres, porque a muller é a que de momento se ocupa maioritariamente de todas esas profesións que teñen que ver cos coidados.

Ao mesmo tempo que facíamos a entrevista sobre como está afectando esta pandemia a un gran clube de fútbol, que non da pagado as nóminas de grandes xogadores, non preguntabamos a estas como serían elas na primeira liña de loita contra a pandemia, como xénero; porque eran elas as que estaban loitando maioritariamente contra o virus, sobre todo naquelas semanas nas que non sabíamos absolutamente nada, non sabíamos nin sequera se estas máscaras servían para algo, non?

Polo tanto, creo que é moi importante a perspectiva de xénero. Que cando falamos das distintas temáticas que abordamos nas nosas programacións que duran horas e horas, que se teña en conta.

Botando man do que falaba Mario, desa elevadísima cantidade de información que temos e que estamos trasladando á sociedade continuamente -xa se fala do termo da infoxicación, porque estamos todos intoxicados de información-, corremos o risco de que, todo o que estamos trasladando á sociedade sobre a pandemia, pero tamén sobre a violencia machista ou sobre outras cuestións, caia en saco roto porque a xente está cansa, estamos perdendo un pouco a perspectiva da xerarquización... de lembrar que somos nós os que temos que xerarquizarnos e dicirlle á sociedade, *non perdas o tempo con iso, o relevante, o que ti necesitas, é a información que nós estamos dando.*

Hai moitísimas fontes de información ás que a sociedade ten acceso, co que prodúcese unha cantidade, unha tal masa de información, que ás veces fai que nin sequera a nosa mensaxe, que é a que está cribada, traballada por xornalistas profesionais, sexa a que verdadeiramente chegue ao final... e iso, por suposto, afecta moitísimo a estas cuestións, á violencia machista.

Conto unha anécdota: cando se celebrou agora o 25 de novembro, por exemplo nós, na nosa programación, fixemos moito esforzo, como facemos sempre e aproveitando que é o día, e que todo o mundo ten na cabeza niso, por contar testemuños, historias... adoitamos ir a esas historias extremas, a persoas que sufriron unha violencia física brutal, parámonos menos nesas cuestións que son do día a día.

E é chamativo que non nos foi posible, ou non fomos quen de contar historias de violencia machista da pandemia.

Tamén é certo que aínda posou moi pouco tempo para que moitas desas mulleres poidan atreverse a contar ou a falar. Normalmente conseguimos falar con quen xa superou un problema grave hai anos ou hai tempo. Pero si que está custando poder acudir á testemuña directa que nos conte esas historias de primeira man que sucederon hai tan pouquiño e agravadas por un contexto tan impresionante que as nosas xeracións non viviran nunca”.

Intervención Alberto Varela

“Moitas gracias, en primeiro lugar, por convidarme e moi bos días a todos.

É evidente que a irrupción do coronavirus foi unha especie de tormenta perfecta informativa e inicialmente se converteu nun monotema, pero pola propia entidade que tiña. Todos tiñamos moitísimas dúbidas que resolver e desprazou a calquera tipo de información.

O problema non é ese. Cando xurde un acontecemento dese tipo é lóxico que desprace todo o demais... cando ahí un atentado moi grande, cando hai un *Pretige*, cando hai un accidente de tren como o do Alvia, evidentemente é normal que desprace todo o demais. O problema do coronavirus é que é demasiado tempo para desprazar todo o demais.

Tres meses de estado de alarma e, a día de hoxe, si que é verdade que o coronavirus saturou moito á xente, como vemos por exemplo nos datos da web, porque hai si que vemos o que interesa e o que non interesa.

Nun primeiro momento, calquera información sobre o coronavirus arrasaba, pero nuns índices que xamais a información política ou doutro tipo pode acadar, pero chega un momento no que esa información empeza a saturar. E aí os xornalistas igual temos que facer algo de autocrítica, xa que cando empezamos a ver que o coronavirus en si está saturando á audiencia -que necesita mesmo respirar e dicir, mira, hai momentos nos que teño que deixar de pensar no coronavirus porque senón me volvo tolo-, tiñamos que buscar historias paralelas.

Por exemplo, como viven o coronavirus aos taxistas ou a hostalaría; como afecta á xente que ten menos recursos; ou aí entra tamén, como lle afecta ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Si que é verdade que se tratou ese tema de como lles afecta esa situación - porque estar tres meses nas súas casas co seu agresor...-, pero de xeito tanxencial.

Os medios locais, que formamos tamén parte dunha cadea nacional, tivemos moi difícil *vender* ás redaccións nacionais un tema que non fora o coronavirus ou relacionado co coronavirus.

Si que é verdade que o que temos que facer os xornalistas é coller unha balanza e ter en conta que si, que este tipo de información ten moito interese, hai moitas cousas que contar, pero tamén temos unha responsabilidade social.

Polo tanto, hai que informar, non xa tanto sobre violencia de xénero, senón o problema de desigualdade que temos na sociedade. Iso é unha responsabilidade nosa.

Enlanzando co que dicían os meus compañeiros, eu si que moitas veces penso se é realmente útil darlle moita importancia aos crimes de violencia de xénero,

aos asasinatos. Evidentemente son noticias, e esas si teñen impacto, canto máis escabrosas, máis impacto, máis xente vai escoitar ou vai lelas.

Pero esa responsabilidade social nosa o que nos ten que levar, penso eu, dun xeito máis trufado na programación do día a día, e a falar desa desigualdade, que é o xérmolo da violencia de xénero.

Ou sexa, que contemos un crime que aconteceu nun determinado lugar ou que contemos vítimas de violencia de xénero, si nos pode dar unha magnitude do problema gravísimo que estamos vivindo, pero non sei eu ata que punto vai axudar á muller que sofre a violencia de xénero para dicir: *eu, mira, ata aquí... xa non aturo máis e vou pedir axuda.*

Nese punto si que penso que os medios de comunicación temos un papel fundamental para deixar atrás a desigualdades, para denunciar as desigualdades que aínda existen, e para difundir os medios que hai a disposición das mulleres vítimas da violencia de xénero.

Porque para dar o paso e dicir *vou denunciar, voulo contar a unha amiga* ou o que sexa, teñen que se sentir arroupadas.

Ver nas noticias que un home matou á súa muller de tal ou cal xeito, penso que moitas veces pode meterlles máis medo no corpo que ganas de saír desa situación.

Ademais hai outra cousa, que a mente humana é así... hai situacións extremas que si, hai mulleres que si teñen claro que o seu home quere matalas, pero hai outros moitos casos nos que a propia vítima da violencia de xénero, non se da conta de que é vítima de violencia de xénero... ve cousas, pero intenta crer que non é así...

Aí si que o papel dos medios de comunicación é moi relevante para que as mulleres saiban os medios que teñen á súa disposición e o apoio social que teñen.

Tamén quería comentar, cando falamos de medios e do papel que temos neste tipo de situacións, eu quería diferenciar o que é prensa local e o que é prensa nacional.

É lóxico que a prensa nacional estea a grandes temas, a grandes cuestións que atraen a atención do público, pero nós tamén temos un papel e, se non o contan os nosos compañeiros que están, digamos, un escalón por riba, da escala nacional, si que podemos facelo nós.

E non caer ás veces nesas dinámicas de que, como o tema de moda agora mesmo é por poñer un exemplo, os orzamentos do Estado, en nacional se conte iso e aquí o máis importante tamén é iso, pero a nivel Galicia. Temos que rachar tamén esa barreira e se cremos que a violencia de xénero merece ter un nivel máis arriba na prensa local, podemos facelo perfectamente.

Si gustaríame resaltar outra cuestión, que igual non está no tema do impacto informativo da violencia de xénero: é a influencia que ten, tivo, ou que está tendo, o coronavirus e as medidas de protección non só ás vítimas en si, senón ás mulleres que precisan asesoramento. E o tema da presencialidade paréceme fundamental á hora de atender, xa non digo as vítimas, senón a calquera muller que precise consello.

Si que é verdade que temos que previr contaxios de coronavirus, pero creo que para que unha muller se sinta arroupada, á hora de dar un paso, de denunciar, ou de pedir tal ou cal axuda, a atención ten que ser sempre presencial. Se non, paréceme complicado dar ese paso.

Por iso creo que hai que combinar as medidas de protección, ou mesmo ás veces facer excepcións a esas medidas de protección, cando queremos axudar ás mulleres nun problema tan gravísimo como é a violencia de xénero”.

Intervención Ignacio Balboa

“A min cando me convidan a un sitio como este, sempre me entra unha dúbida: que fixen eu para merecer isto... porque se a miña pobre nai me vira (que Deus a teña na súa gloria), diría *pobre meu fillo, tanto estudar medicina, para acabar de xornalista*.

Bromas aparte, declaración de principios: rexeito a violencia e non creo na igualdade. Explícome. Cando aos valores básicos se lles ponen apelidos, eu empezo a preocuparme. Violencia de xénero, violencia machista, violencia infantil, violencia sexual... é violencia.

Evidentemente, esa violencia adoita exercerse sobre aqueles máis febles; nunha sociedade como a nosa, todavía nalgúns casos -ollo que, cando digo *nalgúns casos*, non estou minimizando o problema... cada vida e cada agresión importa-, creo que perdémolo foco.

Se a violencia xera morte, dame igual que o que fine sexa un neno, un adulto, un ancián, unha muller. É unha morte, unha vida que se perde.

Ao mellor aquí teño alguna desviación profesional, porque é dedicado a metade da miña vida profesional a intentar salvar vidas... e algunha o conseguín, outras, non, desgraciadamente.

Que existe violencia?. Por suposto. Que os medios de comunicación temos a obriga moral e social de reflectir eses actos de violencia?. Por suposto. Que seguramente que con ese traballo, ben feito, información fidedigna, contrastada, facemos un labor moi importante, básico, para tratar de erradicar o problema?. Seguro. Sen ningunha dúbida.

Pero iso, a medio e longo prazo -o dicía a directora europea, segundo a cal agarda un marco temporal de 60 anos (longo o fiades). Pero, os que xa temos o pelo branco e non é dun susto, cando comparamos a situación de hai... (vou poñer unha referencia temporal, sobre todo para os que sodes novos), cincuenta

anos, a situación da muller naquel momento, e hoxe, non ten nada que ver. Nada que ver, gracias a Deus.

E iso conseguiuuse, basicamente, porque como sociedade temos evolucionado, e sobre todo, a formación e a cultura, que son a arma máis poderosa, xunto coa educación, para mudar unha sociedade.

Polo tanto, os medios, nesa faceta que ti comentabas, informar, formar e entreter, a formativa segue sendo capital. É un traballo diario, non compre ningunha dúbida.

Que se deixou un pouco de lado durante esta pandemia? É moi posible. Pero Schopenhauer dicía que *a saúde non o é todo, pero está en todo*. E cando periga a saúde, todos deixamos nun segundo plano o demais. O cal non quere dicir que non siga existindo.

Se queremos de verdade erradicar a violencia, a violencia, neste caso, contra a muller, é evidente que a educación é a arma máis importante da que dispoñemos. E os medios teñen unha función que cumprir aí.

Respecto á igualdade. Declaración de principios: se eu creo que a igualdade é algo que non existe, é simplemente porque non somos iguais ninguén, nin uns aos outros. Outra cousa distinta son as políticas encamiñadas a acadar a igualdade de oportunidades para todos os seres humanos; ricos, pobres, tontos, listos, mulleres, homes... aí, si.

E tamén teño que diciros algo: todo iso, ás veces, ten un prezo. E vouvos poñer un exemplo que ademais, como o publicou no seu momento unha muller, ninguén poderá acusarme de machista; entre outras cousas porque teño unha filla e unha neta e non estou en disposición.

Hai xa vinte anos, unha muller conselleira de Sanidade dunha comunidade autónoma española, concretamente, a de Cataluña, dona Marina Geli, advertiu de algo que hoxe é unha realidade: *estámonos quedando sen cirurxanos en España* – e dicía ela-, *está moi ben que nas facultades de Medicina hoxe haxa máis mulleres que homes*. Iso é un feito... 60-40...

Cando eu fixen a carreira era xustamente, non ao revés, era 90-10. Hoxe, por fortuna, neste país, hai máis médicas que médicos, hai máis enfermeiras que enfermeiros, hai máis administrativas que administrativos. É dicir, neste momento o Sistema Nacional de Saúde, que da traballo a máis dun millón de persoas, 60-40 a favor da muller. Ese é un feito. Impensable hai 50 anos, probablemente. Logo, temos andado.

Que ocorre? Pois, que se queremos de verdade ser unha sociedade sa, o que temos que fomentar é a igualdade de oportunidades. A liberdade de que tanto o home como a muller poidan elixir libremente o que queren facer coas súas vidas.

O problema que dicía Marina Geli era: maioría de mulleres nas facultades de Medicina, e cando chega o momento de elixir especialidades para o seu exercicio

profesional, a menos dun 10 por cento de todas estas mulleres gústalles a cirurxía. Hai que axudar a alguén a que faga algo que non lle gusta profesionalmente? Creo que non. Iso non é liberdade. Hai que darlle a oportunidade de elixir.

Hoxe en día, no Sistema Nacional de Saúde hai menos dun 10 por cento de mulleres cirurxanas. Porqué?. Porque non lles gusta. Non queren. E non pasa nada. Búscanse alternativas. Pero ao mellor é un prezo que hai que pagar para que exista de verdade a liberdade, tanto de homes, como de mulleres, para poder facer coa súa vida o que crean menester. Sen máis.

Todo, absolutamente todo, ten dúas caras. A parte superior e a parte inferior das follas, e temos que pagar un prezo por iso.

A liberdade non é de balde. E logo son as administración públicas as que terán que corrixir ou poñer os elementos de corrección necesarios para que as feblezas ou os prezos que teñamos que pagar, sexan os menores posibles.

Eu tiven a sorte de que a miña educación básica a fixeron sempre mulleres. E non estou falando por falar. Cando eu era neno, na aldea, a miña nai, a miña aboa, as miñas tías, eran as que impartían educación.

Cando empecei a ir a escola, tiven un profesor (eu son fillo de internado, onde me pasei nove anos, desde os nove, ata os dezasete, cando me fun á universidade), pero estudei nun colexio de internos, onde todos, absolutamente todos os empregados, eran mulleres. Profesoras, directoras, gardadoras... Polo tanto, levo na masa da miña educación o respecto á autoridade da muller.

Ao longo da miña vida tiven a oportunidade de dirixir ata a 3.000 persoas. E pódolles asegurar unha cousa que é o que a min me convence á hora de non ser feminista, senón ser igualitarista: cada vez que tiven a oportunidade de compartir un problema, procurando solucións, cunha muller, enriqueciume a miña visión das posibles solucións. E isto é aplicable a todo.

Eu son absolutamente incapaz de pensar como unha muller. As mulleres sodes absolutamente incapaces de pensar como un home. E non é por educación... é por xenética. Simplemente somos distintos desde a oitava semana da fecundación. A partir de aí somos diferentes. O que temos que ser é complementarios.

Non temos que ser iguais. Iso sería empobrecernos mutuamente. O que temos que ter é igualdade de oportunidades, capacidade para respectar ao outro e desde logo, baixo ningún concepto, tratar de impoñer nada pola violencia. Alguén dixo un día que a capacidade para o desempeño dun traballo non debería ter que ver cos cromosomas. Moitas gracias”.

Coloquio

- **MM:** “Non estou dacordo contigo, Ignacio, e gustaríame dicilo. Que esteamos mellor que hai 50 anos está moi ben, pero non quere dicir que

non teñamos que seguir avanzando. Tamén hai 50 anos estabamos mellor que hai 200. Iso non quere dicir que esteamos na mellor disposición. Concordo contigo no tema da cultura, pero cando comentas o de que ás mulleres non lles gusta ser cirurxanas, ao mellor é que vivimos nunha cultura tan machista que lles fai crer que non poden ser cirurxanas ou científicas, ou xornalistas, ou mediopensionistas... (**IB:** as estás a chamar idiotas?). Ao contrario. Estou dicindo que vivimos nunha sociedade na que lles facemos crer diversas cousas. E, cando dis tamén que todo é violencia, é certo que todo é violencia, pero hai que poñerlle apelidos. Porque a violencia machista significa que a meirande parte da violencia de xénero é do home á muller. E iso é así. E iso hai que reflectilo e é un reflexo da sociedade. E hai que denunciar que é do home sobre a muller para poder extirpala, porque se a deixamos nunha violencia, só violencia, estamos quitando o foco sobre o que é: unha concepción na que cremos que o home por unha historia, porque sempre foi así, porque eran os que accedían á universidade, os que traían os cartos a casa, os que tiñan o poder (o *pater familias*) sobre o resto da familia. E iso hai que erradicalo, porque nesa concepción de propiedade do home sobre a muller que existe na cultura é onde está a violencia de xénero. Alguén fai dano a alguén porque pensa que é a súa propiedade. E aí temos que poñer o foco que é violencia machista, do home á muller. Isto é así... como é. E se imos ás concepcións ou ao que son as leis, vemos que é especialmente execrable, por exemplo, que un pai mate ao seu fillo... é un parricidio e ten unha pena maior. Hai que facer igual que esa pena sexa maior ou que teña maior foco, cando realmente hai unha lacra como a que estamos vivindo. Que é esa concepción machista de que a muller lle pertence e pode facer con ela o que queira. Porque, non só é que a mate; é o micromachismo constante; é que, na túa casa, se pense que os dous van traballar, pero as cousas de casa recaen sobre ela. E se empezamos con *non, eu axudo...* mal. É a túa casa. Ti fas o mesmo. O primeiro machista pode ser a muller, efectivamente, porque estivo imbuída niso, e iso é o que temos que eliminar. Esa concepción cultural. E por aí é por onde, nós, os medios, non temos que ir só á denuncia, senón á formación. E dicilo, claro, sen contas e sen buscar medias voltas ou medias tintas. Isto é violencia machista. Xa sexa que a mate, xa sexa que non lle permita disfrutar do seu ocio porque teña que dedicarse á casa. No anterior panel dicíamos que era moi difícil esa concepción da muller que é a que ten que levar os nenos ao médico. Pois, non. Empecemos por aí. Se empezamos por eliminar eses micromachismos, erradicaremos a violencia de xénero. Eu o vexo así e hai que ser radicais. E non deixar lugar á dúbida”.

- **IB:** “Só un apunte ao que dixeches. Non poido contradecilo porque estou dacordo contigo na fórmula para tratar de rematar con esa particular maneira de exercer a violencia, neste caso, contra a muller. Pero só vouche dar un dato que coñeces de sobra porque estás nos medios de comunicación. No ano 2019, en España se produciron 323 asasinatos. Sabes cantas mulleres eran? 51. Quéresme dicir que pesan máis 51 mortes, que ata 300 e pico? E, perdoa, e o 20 por cento deses 300 e pico asasinatos, foron cometidos por mulleres. Imos poñer as cousas no seu

sitio. Para min, o execrable é a violencia, punto número un. Punto número dous, naturalmente que non estou contento cada que morre unha persoa, unha soa, e que debemos loitar contra todo tipo de violencia, sobre todo a que se exerce contra os máis desfavorecidos: mulleres, nenos e anciáns. Cantas novas sacamos de persoas que matan aos seus país na casa, de maiores? A min tamén me preocupa que, desas 51 mulleres mortas en 2019, 47 nenos que quedaron sen país (porque o pai está na cadea e a nai está morta). (**MM**: non, non está morta... a mataron). É dicir, non descontextualicemos. Poñamos o foco, dacordo. Pero volvo repetir, mira como cando sae unha cousa, como a pandemia, que afecta a todo a sociedade, o demais deixa de ter importancia ou minimízase, e non obstante, segue a existir a ditosa violencia. Naturalmente que si. E a única forma de conseguir que a violencia, a que se exerce contra a muller, a que se exerce contra os homes (porque, por certo, 323 menos 51, o resto eran todos homes, e a mans de homes e de mulleres)”...

- **MM**: “Pero Ignacio, en que contexto? Quero dicir, estamos falando de que estaban descargando no Mercadona? (**IB**: no contexto de España)... Non, pois estasme a dicir que unha porcentaxe altísima era de homes que mataron a mulleres”...
- **IB**: “Dixen que na inmensa maioría mataron a homes. Agora, que si temos que poñer o foco e educar, totalmente dacordo contigo ademais en que hai que loitar contra o machismo, por suposto, con educación e con exemplo, por suposto que si. Pero iso é un traballo a longo prazo e iso ten que permear como a choiva fina. Todos os días temos que loitar contra a violencia e por suposto contra a violencia que afecta ás mulleres”.
- **AV**: “A min gustaríame apuntar que eu creo que si que hai que falar de violencia de xénero e violencia contra a muller, porque aínda que porcentualmente haxa máis asasinatos noutros contextos, de homes, no caso concreto da violencia de xénero estamos ante delitos de moi difícil investigación, que en moitos casos estiveron silenciados e que é moi difícil atopar un tipo de delito meses ámbitos no que a vítima non quera dar o paso. Se non damos visibilidade ao problema, se non imos á raíz, e os incluimos en asasinatos xerais, o que vai ocorrer é que menos mulleres dean o paso. É dicir, a violencia de xénero, os crimes de homes á súa parella, penso que son unha casuística especial que necesita mesmo unha relaxación das garantías penais, porque senón é imposible rematar con iso. Nos anos 80, cando estabamos loitando contra ETA, certas garantías penais relaxáronse, porque era moi complicado de desfacer ese entramado. Pois, coa violencia de xénero pasa un pouco igual. Pódense dar certas polémicas sobre se esa relaxación de garantías pode suponer situacións inxustas -que si se poden dar-, pero que son necesarias para poder loitar contra un problema tan grave e que durante tanto tempo estivo silenciado. Se non falamos de violencia contra a muller ou se o metemos no mesmo saco que os asasinatos en xeral... penso que non teñen nada que ver”.

- **AS:** “Eu creo que é unha violencia, evidentemente, contra a muller. Simplemente un dato: a día de hoxe, en 2021, un pai e unha nai durmen máis tranquilos na casa, se o adolescente que sae pola noite é un rapaz, e non unha rapaza. E despois en materia de igualdade, creo que si que se avanzou, queda moito por facer e corremos o perigo de que se dean pasos atrás, porque agora mesmo estamos vendo como, a pesar de todos os esforzos que se fixeron nos últimos anos con campañas de sensibilización, hai comportamentos entre a xente nova que deberían estar totalmente erradicados e estanse a reproducir. E quero, en materia de igualdade, comentar unha anécdota miña persoal... moi persoal. Comecei a traballar na radio e no xornalismo, sempre traballei na radio, a comezos dos anos 2000. Cando comecei, o titular do programa que se facía pola mañá foise de vacacións e deixáronme a min facendo a substitución. Cando volveu o titular, un dos seus colaboradores habituais, como seu eu fose un moble -estaba falando de min en terceira persoa- estáballe comentando que non debería deixar unha voz feminina facendo a substitución, porque pola mañá non soa ben na radio unha voz de muller. É dicir, é necesario que as rapazas novas teñan referentes; e que nós lle deamos visibilidade; é necesario que as rapazas vexan que si que poden facer un programa polas mañás; que si poden ser directivas, científicas; amosarlles que hai referentes para elas. É importante que a perspectiva de xénero sexa algo que trace toda a nosa programación (falo de programación porque traballo na radio), pero que debe estar sempre presente. O que me refiro é: houbo pasos en igualdade? Evidentemente. Queda moito por facer? Tamén. E que as rapazas, agora, aínda precisan que nós lles ensinemos que poden abrir moitas portas. E xa está. Nada máis”.

- **TF:** “Unha última cousa. Eu creo que desde os medios de comunicación temos unha obriga de poñerlles nomes e apelidos ás violencias, porque deses centos de asasinatos que pode haber cada ano, hai algúns, como son estes, que responden a un fenómeno social, do cal coñecemos as causas e as debemos corrixir. Logo hai moitos asasinatos que se producirán por conflitos familiares, problemas psicolóxicos, e multitude de casos e posibilidades. Pero non por responder aos parámetros dun fenómeno social. A min paréceme imprescindible o apelido, porque tamén podíamos dicir que á violencia en Sudáfrica non lle imos chamar *apartheid* e ímoslle chamar violencia. Hai que poñerlle apelido porque esa é a guía e o camiño que nos permite avanzar cara á solución. Saber por que se produce, para poder parala. E a violencia machista eu creo que é un fenómeno social que responde a unas cuestións sociais de educación e de cultura, que se deben corrixir”.

- **MARÍA XOSÉ PORTEIRO:** “Moitas gracias por este debate. Evidentemente a liberdade de opinión é algo que para unha xornalista, para un xornalista, é sagrado. Sen ánimo de entrar en polémica, creo que calquera cousa que se pareza ao negacionismo nun foro como este, distorsiona o sentido do que estamos a falar aquí. Polo tanto, respecto a túa opinión, Ignacio -o falaremos logo, se queres, en privado-, pero evidentemente, se non houbera violencia de xénero, non estaríamos aquí

facendo este congreso, non estaríamos debatendo o que estamos a debater, e polo tanto, se non o digo, non podo durmir tranquila. Agradezo a posibilidade de dicilo e creo que estou representando a opinión de moita xente que a través do chat e de mensaxes privados estanse comunicando conmigo en particular. Gracias”.

Panel “Medios dixitais e a súa influencia na percepción sobre a igualdade e a violencia de xénero”

María Obelleiro, directora de “Nós Diario”

Cristina Díaz, “economiadigital.es”

Uxía Igesias, “galiciacconfidencial.com”

María Campos, colaboradora de “Mundiartio” e directvora de “HG&T”

Moderador: Miguel Ángel Rodríguez, directivo da APG

Currículo María Obelleiro

Licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela, graduada en Educación Primaria, máster en Protocolo e máster en Formación de Profesorado de Secundaria e Bacharelato. A súa traxectoria comezou no xornal “A Nosa Terra”. Directora de “Sermos Galiza” desde 2017 e de “Nós Diario” desde a súa posta en marcha. Especialista en Igualdade, foi premio Xohán Carballeira de Xornalismo en 2017. Colaboradora dos xornais “Euskaldún Berría” e do dixital “Vilaweb”.

Currículo Cristina Díaz

Licenciada en Xornalismo poal Universidade de Santiago de Compostela. Traballou en “Radio Voz” e no “Xornal de Galicia”. No eido institucional, no gabinete de Prensa do Concello de A Coruña. É redactora en Galicia de “Economía Digital”, medio fundado en Barcelona (e con delegacións en Madrid e Valencia), que foi un dos primeiros, de entre os nados en internet, que se instalou na nosa comunidade.

Currículo Uxía Igesias

Cursou a carreira de Xornalismo entre os anos 2015 e 2019 na Universidade de Santiago de Compostela. Tras realizar prácticas no xornal “Galicia Confidencial” nos veráns de 2018 e 2019, ingresou nese mesmo medio de comunicación, no que traballa na actualidade, por mor dunha beca FEUGA. É autora do proxecto “Aldeas Galas”, que presentou como traballo de fin de grao e que ten intención de seguir desenvolvendo no futuro.

Currículo María Campos

Cursou estudos universitarios de Marketing e Comunicación en Vigo, que culminou cun BA Hons Languages for Business na Universidade de Wolverhampton, no Reino Unido. Iniciou a súa traxectoria na “Cadena Cope” e “Cadena Cien”, antes de trasladarse a Barcelona, onde traballou máis de 10 anos en departamentos de Comunicación e Marketing. En 2009 volve a Galicia para

asumir a dirección da revista de hostalería, turismo e gastronomía “HG&T”. Desde 2014 é directora do seu portal literario, responsable da súa edición impresa e dixital, e da organización dos Premios HG&T Gala do Turismo e a Gastronomía de Galicia. Na actualidade é tamén *partner* do xornal dixital “mundiario.com”, desde a sección de Turismo.

MODERADOR: “Que influencia teñen os medios dixitais para as dúas grandes cuestións que hoxe temos enriba da mesa: a igualdade e a violencia machista?”.

Intervención María Obelleiro

“Bo día a todos e todas. En primeiro lugar queredo agradecer o convite a este congreso, que creo que é moi necesario para poñer en valor o papel da muller e para denunciar e poñer de manifesto todas as desigualdades que se seguen dando e se seguen reproducindo nos medios de comunicación.

Ao respecto da pregunta que formulaba o moderador como medios de comunicación que somos, contribuímos a crear, a difundir certos estereotipos e axudamos, como axentes de socialización que somos, a crear unha imaxe concreta, tanto de homes, como de mulleres.

Neste sentido si que é importante, tanto os medios dixitais, como en papel -que é o caso que ocupa por exemplo a Nós Diario-, termos e asinemos un compromiso, non só o oito de marzo e o vintecinco de novembro, senón os 365 días do ano en prol da igualdade. Para iso é fundamental que, da primeira á última páxina, do inicio do *scroll* ata o final do *scroll*, fagamos todos e todas xornalismo con perspectiva de xénero.

Temos que asumir esa responsabilidade, ao sermos xornalistas, para contribuír a rachar, na medida do posible, a desigualdade. É algo, ademais, que recollen as leis e que moitas veces, non se cumpre. A Lei Integral contra a Violencia de Xénero, a lei orgánica, elaborada a nivel estatal, é o que di no seu artigo cinco.

Eu creo que aí todos e todas temos esa responsabilidade de contribuír a rachar con eses estereotipos e a equilibrar un pouco a relación asimétrica que hai moitas veces de dar visibilidade a homes e mulleres, do que despois falaremos á hora de falar dos medios de comunicación”.

MODERADOR: “Que especificidades deberíamos ter en conta á hora de falar dos medios dixitais neste terreo?... porque, primeiro, os medios dixitais están crescendo máis que ninguén, e despois, a súa audiencia concorda máis con xente nova e con determinados perfís sociais. Credes que hai algunha especificidade que hai que ter en conta?”.

Intervención Cristina Díaz

“Si, creo que é moi importante ter en conta, no ámbito dos medios dixitais dúas características, que creo que tamén van influír moito no debate que imos ter estes días.

En primeiro lugar, os medios dixitais, hoxe en día, creo que son os primeiros en canto a inmediatez. Nós non sempre temos a televisión ou a radio ao carón, que eran tradicionalmente os medios máis inmediatos en canto a transmisión de novas; pero si que temos, case todos e todo o día, o móbil ao carón.

Entón, desde os medios dixitais damos esa primeira pegada, ese primeiro *flash* informativo. E creo que é moi importante que dentro dos medios dixitais teñamos en conta esa perspectiva de xénero, esa perspectiva de como comunicar, escoller as verbas que usamos, porque ao final os medio dixitais somos esa primeira avanzadilla informativa que recibe unha persoa.

No anterior panel falaba as nosas compañeiras e os nosos compañeiros sobre os micromachismos. Hai moitos, que non somos conscientes que os reproducimos, tamén nos medios de comunicación, tamén nos titulares, tamén nas verbas que escollemos... por iso creo que é tan importante e agradézovos moito que teñades en conta o que tratemos os medios dixitais por separado nestas xornadas, para saber que é o que podemos facer para mellorar nesa perspectiva de xénero á hora de comunicar”.

MODERADOR: “Cres que hai moito que mudar nos nosos procedementos á hora de traballar, neste caso nos medios dixitais, pensando na violencia machista, pensando na igualdade? O estamos a facer relativamente ben, ou hai que pararse e empezar a pensar que hai que mudar certas cousas?”.

Intervención Uxía Iglesias

“Eu penso que hai que mudar as estruturas e as dinámicas propias nas redaccións. É dicir, o feminismo e a perspectiva de xénero sempre van atacar ás estruturas máis profundas da sociedade.

Creo que, nese senso, cando traballamos como xornalistas, tamén debemos facer o mesmo. Ou sexa, que temos que ter en conta as xerarquías que se producen dentro dunha redacción e, nese senso, teño a sensación de que os novos medios e os medios dixitais, teñen unha maior capacidade para innovar e para modular este tipo de dinámicas acordes cos tempos.

O feito de estar menos atados ás xerarquías e menos atados ás regras xornalísticas, que nunca se puxeron en cuestión -e que quizáis a través do feminismo podemos cuestionar-, é fundamental en como vaiamos informar, en como se percibe por parte de quen nos le”.

MODERADOR: “Desde logo estamos a falar probablemente máis que nunca destes temas, pero non sei se estamos a traballar mellor que nunca nestes temas. Cal é, María, a túa primeira impresión sobre isto?”.

Intervención María Campos

“Eu a verdade creo que se está a traballar, pero que hai moito camiño por diante, que todos temos moito que aprender e que temos que manter unha actitude diaria. Creo que se traballa moito no mes de outubro, no mes de marzo, pero

despois queda bastante desvirtuado, a non ser que sexan xente ou entidades que estean moi concienciados. Creo que se pode facer moito por axudar moito cara a dar visibilidade, sobre todo”.

Coloquio

- **MODERADOR:** “María, ti tes experiencia en medios escritos, tes experiencia en medios *on line*... os códigos de comportamento xornalístico, aínda que teñen a mesma base, non son os mesmos. Que características cres ti que podemos afondar, coidar un pouquiño máis do que estamos a facer nos medios dixitais -orixe deste panel- para acadar mellores resultados?”.

- **MO:** “Baixo o meu punto de visto é aplicar esa perspectiva de xénero, desde o momento en que seleccionas a información que queres publicar, ata o momento en que lle das *ok* para meter información na portada. Falaba antes Cristina Díaz Pardo desa inmediatez que temos os medios dixitais... cando se produce un asesinato machista, tratamos de ser os primeiros en informar sobre ese feminicidio. Que acontece? Pois que, en moitas ocasións, por esa axilidade, por esa necesidade de apurar, desa inmediatez (*fast xornalismo*... en lugar de comida rápida, xornalismo rápido), deberíamos parar e ser conscientes de como imos tratar esa información. De nada vale publicar sen facer unha contextualización previa, de nada vale publicar se logo imos tratar un feminicidio como se se tratase dun suceso. Cando a violencia machista, lonxe de ser unha lacra, é un problema estrutural e un problema de primeira orde, que ten como consecuencia o patriarcado. Nese senso é importante que rexa a nosa actividade profesional, a nosa actividade xornalística, esa perspectiva de xénero.

Despois, o que facemos en *Nós Diario*, ademais de aplicala, igual que nos define que somos un medio escrito íntegramente en galego, defínenos o feito de aplicar a perspectiva de xénero. E defínenos tamén o feito de aplicar unha linguaxe inclusiva, non sexista. Iso ten causado, a verdade, certa polémica tamén entre as nosas subscritoras e subscritores, que son basicamente os que garanten a estabilidade financeira do noso medio. Ten causado certo malestar, non só en homes; tamén en mulleres.

Por exemplo cando dicimos que *as autónomas van ter que pagar este trimestre o que sexa*... iso sona como se estivésemos falando da revolución.

Son pequenos xestos que nós acreditamos que contribúen a alcanzar unha igualdade e a sermos os medios un motor de cambio desta sociedade, para que non exista tanta desigualdade como existe.

Nese senso a linguaxe non é neutral, tampouco nos medios dixitais. Entón, antes de fixarnos na axilidade -dicir, *temos que ir alá*-, é fundamental ter certa formación en materia de xénero e pararnos a pensar en como trato esa información, como teño que ilustrala, como teño que titulala. A min caíase a alma aos pés hai un días, cando foi o último asesinato machista -que ademais tivo lugar aquí, na Galiza-, ao ver como algún medio de comunicación volvíaa titular dunha maneira que a min como xornalista dóeme, porque penso que temos un papel de responsabilidade

social e hai que chamarlle ás cousas polo seu nome. Se é un asasinato machista, é un asasinato machista... non é *unha muller morre*, como se morrese nalgunha outra circunstancia, por algún suceso que nada ten que ver coa violencia machista.

Eu creo que iso é o abecé do tratamento das informacións, tamén nos medios dixitais”.

- **MODERADOR:** “Cristina, linguaxe inclusiva, perspectiva de xénero desde a xénese mesma da información, que máis cousas?... a ver se somos quen de elaborar unha lista de deberes para facer”...

- **CD:** “Mira, creo que tamén é moi importante, xa que falamos de medios dixitais e temos este panel centrado neles, que poñamos o aceno no feito de que actualmente estes medios van cara unha maior especialización. Por exemplo, eu traballo para *Economía Dixital*, que é un medio nativo da internet, que está especializado en economía e en empresa. Hai moitos máis medios dixitais que en papel que están especializados, no ámbito deportivo, como no económico, político ou cultural.

Hai unha parte de información que ao mellor un medio económico ou deportivo especializado e dixital non vai recoller; por exemplo, falabamos dos asasinatos machistas. Non obstante é moi importante que tamén os medios especializados -creo que nós o estamos facendo ou o intentamos facer-, teñamos esa perspectiva de xénero. Quero dicir, que as xornalistas pensemos que podo facer desde o meu medio especializado e dixital para contribuír a esa igualdade.

Creo que é moi importante o que antes apuntaba María: non é nada baladí a cuestión das fotos coas que ilustramos as noticias, por exemplo, en economía. Con iso tamén quero resaltar que imos moi lentas, pero se vai cambiando a perspectiva... tamén, na gran empresa.

É dicir, hai 10 anos, cando empezou *Economía Dixital*, aquí, na delegación de Galicia, podemos ver as fotos de consellos de administración de determinadas empresas. Non había ningunha muller.

Hoxe en día, si que hai mulleres nos consellos de administración e si que é noticia que analicemos, por exemplo, nas cotizadas galegas e españolas, que se están cumprindo uns criterios de paridade. E quero dicir que hoxe en día tamén é noticia, e sae reflectido nos medios, que determinados congresos -como o que fixemos hai pouco en Galicia- teñen mulleres entre os seus ponentes. No ámbito da ciencia e sanitario, hai tamén agora moitísimos dixitais, é importante que se dea voz ás mulleres. Ás veces é algo moi sinxelo. Nós por exemplo temos unha sección sobre emprendemento... por que non simplemente pararnos un momento e dicir, xa contamos dúas historias de emprendemento nas que, curiosamente, non por nada, os que falaban eran homes, imos buscar, imos poñer o aceno, imos contar historias de emprendemento tamén lideradas por mulleres. Creo que eses son pequenos flashes, pequenos avances, que debemos ir facendo, e creo que por fortuna nos medios dixitais, en xeral, ímolo facendo pouco a pouco”.

- **MODERADOR:** “Uxía, pregunta do chat, que se vai animando... existe algún código á hora de tratar a violencia de xénero o usó está decidindo a inmediatez na maioría das ocasións”...

- **UI:** “Claro... e que, o tema dos tempos e das urxencias coas que traballamos nos medios, moitas veces esa declaración de última hora que precisamos, con máis facilidade nola vai dar un home que non se ocupa de coidados e que non ten máis traballo na casa, que unha muller. Por iso poría o foco en que hai que mudar as propias dinámicas das redaccións e que sexan máis proclives a que se escoiten as nosas voces. Tamén me preguntaría, en calidade de que damos voz ás mulleres. Partindo de que as mulleres saen menos que os homes nos medios, cando saen o fan normalmente asumindo o rol de vítimas e non asumindo o rol de expertas. Entón, todas esas cuestións que parecen como máis internas do noso traballo, que non teñen proxección, en realidade si a teñen. Inflúe como se lles escoite e como se lles vexa. Logo tamén, en relación co que dicían tamén as miñas compañeiras e co que mentei eu antes, creo que tamén habería que comezar a repensar certas estruturas do xornalismo que son máis ríxidas e que nunca se cuestionaron. Por poñer un exemplo máis práctico, refírome a esa distinción que sempre se fai entre fontes testemuñais e fontes expertas, mediante o que tamén estamos creando xerarquías que igual non nos interesan ou que temos que revisar. Ou por exemplo tamén esa regra pola que non se lle pode ensinar á fonte, a entrevista ou a reportaxe final antes de publicala. Igual tamén hai que pensalo, porque non é o mesmo estar facendo unha reportaxe, unha entrevista a un político, que a unha muller en situación de maltrato. Creo que todas estas cousas se poderían revisar e que cambiarían a maneira na que traballamos”.

- **MODERADOR:** “En relación a isto hai tamén unha lembranza no chat para o desaparecido dixital *Público*, que tiña -recórdannos- un código deontolóxico sobre a violencia de xénero. María, debería esixirse hoxe en día aos medios que elaborasen cadanseu código ou ter un código de uso común para todos eles... cres que sería interesante esta achega?”.

- **MC:** “Eu creo que sería interesante que existise un, mellor sería que fose xeral, para que todos nos movamos na mesma liña, igual que hai unha guía de comunicación da linguaxe inclusiva. Claro que tería que habelo. Tamén hai medios, non sei cales a nivel nacional ou se en Galicia hai algún, que teñen correctores en canto a redacción cara todos estes contidos, tanto a nivel linguaxe, como na forma de dar visibilidade, as expresións e como canalizalos... polo que si que o vexo positivo”.

- **MODERADOR:** “María, estamos nun bo momento para innovar desde a nosa profesión neste tipo de instrumentos, de códigos, de sinais que nos demos a nós mesmos para traballar ou a cantidade de ruído que hai agora mesmo na sociedade, convirte este momento en difícil para falar e facer estas cousas... que pensas?”.

- **MO:** “Si, é certo que estamos vivindo momentos de profunda incerteza; estamos vivindo eses momentos convulsos... ao final, o estoupido da pandemia tamén afectou ás nosas rutinas xornalísticas, a comezar porque hoxe en día as redaccións xa non son tanto integradas, como estaban antes, de maneira presencial, nun sitio físico, senón que teletraballamos en moitas ocasións. Máis eu creo que iso non debe facer que excluamos ou deixemos a un lado cuestións que son necesarias como a ferramenta esta que estás comentando: códigos deontolóxicos, libros de estilo, nos que a perspectiva de xénero estea presente do inicio ao fin. No caso que represento eu, *Nós Diario*, que comezou a súa andaina o 2 de xaneiro de 2020, contamos con instrucións nas que claramente, como comentaba antes, a lingua galega é un dos nosos sinais de identidade e tamén, a perspectiva de xénero. E para iso é fundamental. Que acontece, como comentaban antes? Que hai maioría de homes nas redaccións, que se percibe ademais que nas estruturas de poder dos medios de comunicación, as xefaturas están normalmente nas mans dos homes. Iso implica tamén menos concienciación, menos sensibilización, á hora de expor de maneira igualitaria determinadas cuestións, como esta que nos ocupa. Entón, é fundamental ter unha serie de normas que nos axuden a rexer o noso traballo no día a día, tendo en conta esta perspectiva de xénero. Eu creo que aí está a base”.
- **MODERADOR:** “Credes que temos claro os xornalistas, neste caso dos medios dixitais, a quen chamar, a quen consultar, antes de tomar unha decisión que á forza ten que ser rapidísima, ten que ser inmediata? Temos fácil ese acceso a unha fonte consultiva que rápidamente nos poida resolver algunha dúbida?”.
- **MO:** “Si, para iso son necesarias estas ferramentas como os códigos deontolóxicos. E tamén é certo que a día de hoxe hai moitísimos organismos xornalísticos que teñen numerosas recomendacións, teñen decálogos, para saber como temos que informar en cuestións de violencia machista, no noso día a día (como apuntaba antes, non ten por que ser nin o 25 de novembro, nin o 8 de marzo), ao longo de todo o ano. Si que me gustaría sacar á luz, cando falamos desa representación asimétrica que hai de homes e mulleres nos medios de comunicación, a dificultade que temos nós como profesionais á hora de acceder a fontes expertas que son femininas. Porqué? Porque moitas veces nós mesmas autoexcluémonos, autocensurámonos, porque semella que a nosa opinión vale menos que a dun home -coa sociedade marcada polo patriarcado na que vivimos-, e por outro lado, porque as mulleres habitualmente, ou na gran maioría, somos as que cargamos con todas as tarefas de coidados, somos as que temos unha dupla ou tripla xornada laboral cada día, das que con sorte sé nos remunera unha delas. Ao final, iso impídenos ter tempo para dedicar a estas cuestións. En moitas ocasións, á hora de facer unha reportaxe ou unha información, o que preguntabas ti agora, temos fácil acceder?... temos esas ferramentas que están na internet. Á hora de descolgar o teléfono, de chamar, é máis complexo moitas veces que nos atendan expertas mulleres, polo que estou comentando. Porque ao final estamos vendo que

a desigualdade é algo que continúa aí, no día a día, e que hoxe en día a igualdade segue a ser unha entelequia... aínda que si obviamente se deron pasos importantes”.

- **MODERADOR:** “Cristina, antes falouse aquí, neste mesmo plató, da posibilidade de ter acceso a un panel de expertos a quen consultar, a quen preguntar estas cousas... Fainos falta no día a día ter claro a quen chamar para según que cousa, precisamente para responder a esa necesidade de rapidez, de inmediatez, que temos na nosa profesión?”.
- **CD:** “É necesario ter ás veces a quen recorrer, a un organismo, a un decálogo, como dicía María. Por fortuna hoxe en día as cousas cambiaron -queda moito por facer-, pero si que se foron dando pasos e contamos, polo menos, con ferramentas para guiarnos.
Tamén creo que é moi importante que dentro das propias redaccións, nós por exemplo así o facemos, teñamos certo debate; tamén porque por fortuna aquí, en Galicia, aínda que estamos medrando, somos todavía unha redacción máis pequena e si temos esa sorte nun momento de poder dicir *poñede o aceno aquí* ou *démonos conta disto*, que é fundamental.
Por outra banda, e metemos a cuña tamén, creo que é importante o labor que fan as asociacións de xornalistas de toda Galicia, xa que moitas veces son elas as que tamén poden avisar e poden detectar, o que dicía María, determinados titulares.
As mulleres non morren porque si; as mulleres vítimas da violencia machista as asasinan. Tamén aquí xogan un papel moi importante as asociacións de xornalistas, e o vemos hoxe nestas xornadas que están impulsadas por unha”.
- **MODERADOR:** “Pregúntannos tamén se credes que a transversalidade de xenero no uso da linguaxe e das imaxes sería unha acción necesaria para que a poboación se vexa e se recoñeza nos medios... Que pensades?”.
- **UI:** “Eu penso que totalmente. Esa perspectiva de xénero debe estar presente desde que poñemos un pé na redacción e en todos os contidos, non só os relacionados con igualdade, violencia de xénero.
Penso que esa é a maneira de cambiar a percepción que a sociedade poida ter sobre estes temas... sobre todos. Creo que neste senso o que se necesita é -e inclúome totalmente- formación; programas de formación que sexan obrigatorios, empezando xa pola facultade.
Eu lembro que na facultade non tivemos ningún tipo de formación respecto a isto. A que vas adquirindo é por escoitar a compañeiras ou por iniciativa propia. Aí eu creo que deberíamos traballar moito”.
- **MC:** “Quería apuntar algo a este respecto. Nós traballamos moito co eido turístico e moi vinculados aos concellos e as deputacións.
No meu caso, á hora de ter unha dúbida ou saber cara onde tirar, ahí iniciativas moi boas, como a Escola de Igualdade María Vinyals, que está activa desde 2016 e que é un proxecto derivado da Deputación de Pontevedra, ou a Cátedra de Feminismos 4.0 coa Universidade de Vigo,

que dan opcións e que a través da internet, a nivel dixital, está accesible para todos. Tamén a Deputación da Coruña lanzou a raíz do 25 de novembro unas palestras, que teñen penduradas na internet, como *A Normalización da Violencia de Xénero e Sexual na Mocidade*, ou *A Representación da Violencia de Xénero nos Medios de Comunicación*.

Quero dicir que xa hai algún recursos que están aí.

E respecto á transversalidade, claro que é básico traballar, e non só nas mulleres, obviamente... creo que o que hai que facer é dar moita formación aos homes. Co tema da linguaxe inclusiva, do que falabas antes, nós temos un redactor que ten 34 ou 35 anos e discute que haxa que utilizala. Estou por enviálo a un Obradoiro destes!

Teño aquí un exemplo dunha das primeiras accións que nós fixemos na revista, que foi polo 8 de marzo de 2016, para dar visibilidade a mulleres representativas do sector do viño e do turismo. E creo que é importante e o que dicíades antes, é algo tan sinxelo como se hai que elixir unha fotografía para dar visibilidade a unha muller, xa que están os homes presentes...

Hai moitas cousas que podemos facer. É unha cuestión de actitude e de esforzo”.

- **MODERADOR:** “Desde os medios dixitais, que aspecto deberíamos ter en conta especialmente, destes moitos que estamos falando, pola singularidade deses medios para avanzar un pouquiño máis neste terreo?”.

- **MO:** “Si, pois, o que estamos falando agora, esa transversalidade, ese saber escribir con perspectiva de xénero xa desde que iniciamos o proceso de elaborar unha información. Eu é o que poño de base, tendo en conta que o que rexe, o que manda máis, nos diarios dixitais é a actualidade (*estamos aí, somos os primeiros*) e moitas veces esas presas, esa axilidade á hora de facer unha información, poden ocasionar erros e que nos saltemos esa perspectiva de xénero. Iso sería o fundamental. E cando digo perspectiva de xénero refírome tamén a como tratamos as mulleres e como rachamos esa relación asimétrica de homes e mulleres, porque o comentaba antes Cristina, o dos consellos de administración, nos que agora empeza a haber mulleres. Pois, fagámolas visibles. Non só nas seccións de cultura e sociedade, onde habitualmente estábamos máis presentes, senón tamén nas outras seccións. Hai mulleres políticas que están en primeira liña... pois, démoslle voz, démoslle visibilidade. Tamén as empresarias, no mundo do deporte, que parece que só existe o deporte masculino. Iso tamén require un esforzo. Comentaba agora María para pechar a súa intervención, *formación e esforzo tamén*. Temos que ser activistas nas redaccións e realizar ese esforzo: dicir, prefiro atopar unha fonte experta feminina que fale disto, con esa perspectiva de xénero. Ao final xa sabemos como é o xornalismo, as presas, estar sempre enriba da actualidade... e son cuestións que ralentizan, máis tamén enriquecen, baixo o meu punto de vista, a información, como a presentamos e como a tratamos. É fundamental, tendo en conta que somos axentes socializadores”.

- **MODERADOR:** “Simplemente lembrar que este asunto da transversalidade de xénero no uso da linguaxe e das imaxes é unha achega feita directamente pola Valedora do Pobo, que nos está a seguir e á que agradecemos que estea (por suposto están convidados todos) presente e participando neste debate. E dame pé para pedirvos unha reflexión sobre o papel das administracións para con nós, para cos medios, neste caso, dixitais, neste asunto que nos ocupa hoxe. Temos ferramentas de uso tamén na administración? hai unha maior receptividade na administración? hai unha maior pedagogía da administración cara aos medios? notades avances nese senso ou seguimos botando en falta máis axilidade?”.

- **CD:** “Creo que efectivamente cada vez máis, e é positivo, nos están dado máis ferramentas, tamén desde as administracións. E no ámbito económico, tamén as empresas.
Niso teñen moito que ver as leis de transparencia. Para unha información en igualdade tamén é necesaria ás veces unha información que sexa transparente. Poder ter as xornalistas e os xornalistas acceso a información transparente sobre datos.
Creo que queda moito por facer, pero nolo están poñendo máis sinxelo, malia que tamén é certo que nós xa temos unha perspectiva distinta.
Non sei que opinan as miñas compañeiras, como viron que evolucionan tamén os propios medios de comunicación á respecto da igualdade desde hai unha década.
É certo, comentábase no anterior panel, estamos abandonando polo tema do coronavirus ou descoidando un pouco esa perspectiva de xénero, porque agora temos un bombardeo de informacións sanitarias relativas á pandemia. Pero si que creo que, aínda que queda moito, motísimo, por diante, hai que recoñecer por fortuna que se produciron avances nas administracións e que tamén nós agora mesmo podemos poñer o aceno... hai pouco, compañeiros nas redes sociais non xornalistas-, unha corporación local, sacaba unha foto bastante desafortunada dese *día d* do 25-N, xa que a única persoa que estaba cunha actitude activa era unha muller, mentres había unha morea de homes detrás que estaban, digamos, sentados.
Igualmente é importante que os xornalistas e as xornalistas nos estamos dando conta disto agora mesmo, de que iso tamén é noticia, que iso tamén hai que contalo. Para min é unha boa nova. Que non é o mesmo o xornalismo que se fai agora, ou non é a mesma a perspectiva que temos as xornalistas do que é noticia e do que hai que contar en cuestión de xénero, que hai unha década”.

- **MODERADOR:** “Cristina, se estivéramos no Nadal e tivéramos a posibilidade de escribir unha carta aos Reis Magos para empezar a pedir cousas concretas para que poidamos desenvolvernos mellor, poidamos acadar os obxectivos que este congreso nos plantexa, traballar mellor e máis pola igualdade ou contra a violencia machista, cales serían as vosas peticións?”.

- **CD:** “Eu creo que a petición xeral debe ser o que apuntaba antes Uxía de maior formación, tamén nas universidades (creo que hai un panel sobre iso). Eu non tiven ningún tipo de formación feminista na miña etapa académica e nin sequera nos meus primeiros anos de formación xa no ámbito laboral. Así que vexo moi importante esa formación, tanto a nivel académico, como logo, esa formación activa.
Hoxe hai xornalistas que, igual que nos habituamos nos medios dixitais a programar tuits ou instagram..., teñamos tamén esa formación feminista e de xénero. E creo que ademais é moi importante, e tamén o vou pedir ás *raíñas magas* este ano, que poñamos o acento nas penalizacións de xénero. E aquí é clave o papel dos medios dixitais especializados dixitais. Temos que contar historias de éxito, porque a información que damos sobre as mulleres neste tema moitas veces é unha visión de vítima ou de persoa que está nunha situación minorizada.
Logo é tamén necesario que poñamos o aceno no empoderamento e nas mulleres que ocupan cargos con responsabilidade de poder. No ámbito económico, por exemplo, a empresa galega é unha empresa profundamente familiar. Curiosamente, por cuestións tan básicas como que pasan os anos e a vida transcorre, estase a dar agora un período de renovación nesas grandes empresas familiares galegas, nas que hai unha terceira xeración que está realmente liderada por mulleres.
Por poñer un exemplo, Adriana Domínguez é presidenta executiva de Adolfo Domínguez... xa non é a filla de Adolfo Domínguez nos titulares. Iso tamén é importante que o recordemos”.

- **MC:** “Pois eu pido en especial, unha chamada desde aquí, unha actitude proactiva das mulleres para esa visibilización, porque son as primeiras que teñen que facelo. Vou dar catro datos -centro outra vez no noso sector, xa que convocamos debates, catas organolépticas...-, e se falamos de asociacións no mundo da cociña, na da Coruña hai tres mulleres de dezasete membros que son; na de Ourense, unha muller de trece; no Grupo Nove, que son os *estrelados de Michelin*, hai tres mulleres de vintedous; na Asociación Galega de Sumillieres; na de Enólogos; nos consellos reguladores; nas escolas de FP de Turismo e de Hostalería; todo dirixido e cunha porcentaxe altísima de homes.
Nós -comentaba antes unha das compañeiras-, cando facemos un evento, nalgúns casos só hai homes ou hai unha muller. E a min iso dóeme moito, porque cando despois os difundes en redes e dixitalmente, non quero nin que pensen que non temos unha sensibilidade e que non esteamos traballando proactivamente... ou peor, que esteamos lanzando un *machitrol* aí ao tolo.
Entón, por favor, que as mulleres salgan.
Quería comentar unha cousa, porque veño de rematar un libro que é *O asesinato de Platon*, que versa sobre Altea, que é a primeira muller que da crases na Academia. Fai un recordatorio, que xa en *A República*, Platon, na metáfora dos cans guardiáns, di exactamente -vou lelo- que *as femias deben cumprir as mesmas tarefas que os machos, e non quedar nas súas casas, imposibilitadas por partos e a crianza dos cachorros; pero, para poder cumprir as mesmas tarefas, é preciso darlles o mesmo adestramento*. Iso foi no 375 antes de Cristo”.

- **UI:** “Eu pido directamente feminismo nos medios. Pido un xornalismo que tome posición ante o que conta e xa queda lonxe o xornalismo obxectivo, que realmente me parece imposible, dada a nosa propia condición de suxeitos. Entón, pois... tomar conciencia xa. E que é moi urxente”.
- **MO:** “Eu son moi pedichona... ademais desa concienciación da que falaban as compañeiras, desa maior sensibilización, da necesidade de formación que temos, pois, tamén, que se nos deixen de poñer trabas como mulleres, acabar con ese chan pegañento, con ese teito de cristal, para que poidamos ocupar tamén postos de decisión. Porque está demostrado que a maior presenza feminina nos escalóns, nos chanzos máis altos da administración, dos medios de comunicación, maior igualdade e maior perspectiva de xénero hai á hora de presentar as noticias. Comentábano Uxía (o da obxectividade no xornalismo)... temos que ser o máis obxectivos e obxectivas posible, pero o que non podemos ser é neutrais. Hasi cuestións nas que temos que mollarnos si ou si, e o feminismo é unha delas. Se non practicamos un xornalismo feminista, non estamos sendo xustos, nin xustas, estamos contribuindo a perpetuar a desigualdade social. Creo que é unha cuestión tamén de dereitos humanos.
Gustaríame rachar con esa entelequia, que supón falar desa neutralidade, que moitas veces é falsa neutralidade. Apostaría por seguir avanzando, por implantar esa perspectiva de xénero de maneira transversal e porque as mulleres estean máis representadas nos grupos de poder e nos grupos de decisión dos propios grupos de comunicación.
E, logo, fundamental, a concienciación; non só, nosa, como xornalistas, que somos suxeitos activos, senón tamén no conxunto da sociedade. Para que non botemos as mans na cabeza cando lemos *as traballadoras* na folga..., en vez de *os traballadores*”.

Conferencia “Onde están as mulleres na cobertura informativa e científica do COVID19?”

Luba Kassova, autora de “The Missing Perspectives of Women in COVID19 News”, para Bill & Melinda Gates Foundation

Presentadora: Ana Peón, directiva da APG

Currículo Luba Kassova

Estudou Maestría de Socioloxía pola Universidade de Sofía e Maestría de Estudos Europeos Contemporáneos pola de Sussex. En 2019 completou un máster executivo en Ciencias do Comportamento pola London School of Economics. Cofundadora e directora da consultora internacional de estratexia “Akas”, no Reino Unido. Dirixiu os equipos de Consumidor e Coñecemento de Audiencia en varias organizacións británicas, entre elas, a “BBC”. Leva máis de 20 anos analizando as diferencias de xénero nas audiencias internacionais e ten sido consultora de provedores de novas sobre desenvolvemento das súas estratexias de audiencia para mulleres.

Conferencia Luba Kassova

“Moitas gracias por traerme aquí hoxe. É moi emocionante. Antes de comezar, simplemente gustárame dicirles que teño algo en común con todos os que están na sala, e iso que temos en común é que a todos nos encanta Galicia. Estiven aí por primeira vez no pasado mes de agosto, as últimas vacacións que tiveren, en Cortegada, e namoreime de Galicia. Entón isto é algo moi especial para min.

E agora imos falar duns temas menos positivos. Vou falar das ideas principais desta presentación a partir de dous informes diferentes. O primeiro versa sobre as perspectivas desaparecidas das mulleres nas noticias do COVID19, que foi lanzado en setembro. E o segundo é sobre as perspectivas desaparecidas das mulleres nas noticias, que foi lanzado a semana pasada. Ambos os dous foron encargados pola Fundación de Bill e Melinda Gates e de feito tamén por un galego que se chama Miguel Castro.

Os informes versan sobre a pandemia do COVID19 que ten deixado millón de historias e centos de fontes, dentro dunha narrativa coherente. Descubre seis países, India, Kenia, Sudáfrica, Reino Unido, os Estados Unidos e Nixeria, e contén unha análise de contido de dous millóns de historias, de 100.000 publicacións informativas e tamén, as análises dos marcos e dos ángulos que realizamos se basan en máis de 500 artigos de xornais.

Vou contar só a historia dunha maneira resumida. Primeiro, en canto á pandemia, as mulleres teñen sufrido un impacto dramático de moi diversos modos. Non obstante, a súa cota de cobertura a nivel global está marxinada con respecto á dos homes, e o interese por cubrir o ángulo de xénero nas noticias é mínimo.

Hai cinco motivos significativos tras iso:

- O primeiro, é que durante a pandemia, con frecuencia, os políticos embarcáronse en tempos de guerra e as mulleres quedaron fóra da toma de decisión políticas dos países.
- Foron tamén retiradas na comunidade científica fronte aos homes.
- En terceiro lugar, os xornalistas en épocas de crises, tenden a utilizar fontes ben establecidas... normalmente citan a homes.
- O cuarto motivo é que historicamente, as noticias teñen elixido protagonistas masculinos para cubrir as historias e ese nesgo afondouse.
- E o quinto, e quizáis máis importante motivo, que subliña os anteriores, é que as normas do patriarcado están vivas nos países do sur e nos países do norte.

Non obstante, hai unha boa noticia e moitas solucións que os xornalistas poden empregar para mellorar a súa cobertura das mulleres e a representación delas nas noticias.

Investiguei pouco España, pero quero presentalo en calquera caso. A boa noticia, no caso de España, é que cando se lle preguntou á poboación se pensaban que había un problema na representación das mulleres nos medios

de comunicación, o 69 por cento das mulleres, e o 62 por cento dos homes, dixeron que si hai un problema.

O motivo polo que iso é unha boa nova, é porque é máis doado arranxar algo que todo o mundo recoñece como un problema. E, de feito, a poboación española presenta unha maior probabilidade de pensar que hai un problema nese senso, en como os medios retratan ás mulleres fronte ao resto de Europa.

A segunda boa noticia sobre España é que, cando se lle preguntou á poboación se era importante a igualdade de xénero para garantir unha sociedade democrática e xusta, unha ampla maioría de españois cre que é así (93 por cento das mulleres e o 91 por cento dos homes). Polo tanto, recoñecen que a igualdade de xénero é importante para a fabricación da democracia... e esa é unha boa noticia.

Se pasamos aos retos principais aos que se enfrontan as mulleres na cobertura informativa a nivel global en relación coas historias do COVID -como xa mencionei-, en primeiro lugar, as mulleres, malia os retos singulares que teñen por diante na pandemia, as súas voces están marxinadas fronte ás dos homes.

Se observamos os retos relacionados coa saúde aos que se enfrontan as mulleres, cando realizamos esta investigación, que foi en marzo e mediados de abril, en certos países, como por exemplo Sudáfrica, o Reino Unido e moitos estados de Estados Unidos, había unha maior probabilidade de que as mulleres enfermasen. Se debe a que hai unha maior probabilidade de que sexan traballadoras de primeira liña.

Non obstante, acotío, iso non foi cuberto polos medios e de feito ás veces, nalgúns países, as mulleres quedaron fóra da cobertura.

Tamén hai outros problemas, como por exemplo a saúde reprodutiva das mulleres, que tiña un risco incrementado, porque os servizos nese senso foron redirixidos a outros fins relacionados coa pandemia.

Se falamos dos problemas socio-económicos e psicolóxicos aos que se enfrontan as mulleres, de novo estudouse moi pouco nas noticias o feito de que hai unha maior probabilidade de que as mulleres vivan en fogares monoparentais, cun maior número de fillos e de dependentes que teñen que coidar.

Tamén o feito de que as mulleres asumiron o peso do traballo adicional non pagado que se creou para coidar aos seus familiares despois da pandemia. Así, teñen unha maior probabilidade de que teñan que deixar os seus traballos e unha menor seguridade nos seus empregos e, de novo, gran parte diso non foi cuberto.

Ademais, hai unha maior probabilidade de que sexan vítimas de violencia de xénero, que é crecente, e creo que é algo de moita importancia para vostedes, os que están neste congreso.

Cando a empresa de investigación lle preguntou ao público de diversos países cales eran as súas principais preocupacións en abril, a maioría dixo que era o COVID e había unha maior probabilidade de que as mulleres estiveran máis preocupadas polo COVID que os homes. Entón, estaban baixo unha presión psicolóxica maior.

A pesar de todos estes problemas singulares aos que se enfrontan as mulleres, a cota sobre a súa presenza e de dúas a tres veces menor que a dos homes (en vermello temos aquí ás mulleres na presentación e en laranxa podemos ver aos homes). E podemos ver que en todos os países hai un desequilibrio increíble nas voces, e gustaríame subraiar que non podemos falar de historias de éxito, como por exemplo no Reino Unido, porque non é unha historia de éxito.

O segundo reto é que a dimensión de xénero non é algo notable, non é algo interesante para os xornalistas que cobren as historias.

A análise de contido de dous millóns de historias no período entre marzo e abril amosou que menos do un por cento de toda esa cobertura tiña ese ángulo de xénero e, basicamente, estaba ausente en todos os países, polo tanto.

Reto número tres. A experiencia científica e política das mulleres é infrutilizada e infravalorada na cobertura informativa do COVID19 e isto é realmente negativo, porque a súa ausencia implica que a política se concentra nos homes e non ten en conta suficientemente as necesidades das mulleres en todo o mundo.

Nesta diapositiva vemos que, cando se publicou este informe, unha ampla maioría de provedores informativos concentráronse nestas diapositivas cando escribiron os seus artigos; e basicamente elixiron que en cinco dos seis países, as mulleres foran retiradas da toma de decisión ao máximo nivel no país.

En Inglaterra, de feito, o cen por cento dos integrantes do comité do COVID eran homes e nos Estados Unidos seguen a selo o 93 por cento. Así que esencialmente estamos a falar de actuacións que se basean en decisións de homes.

A miña consultoría fixo unha análise do retrato das noticias máis consumidas sobre o COVID. E observamos a función do xénero da xente que está nas noticias. E o que vimos é que había unha maior probabilidade de que as mulleres se empregaran como fonte de evidencia anecdótica. De feito, o 48 por cento de toda a xente que fala sobre o COVID nas noticias son comentadores; pero só o 19 por cento son mulleres, é dicir, que só o 19 por cento das persoas que teñen voces autorizadas son mulleres e o 77, homes.

O reto, pois, consiste en que hai moi pouca cobertura de xente nas novas sobre o COVID19 e as perspectivas dos homes, con maior probabilidade, se poñen como o tema principal delas.

De novo, a análise do retrato que fixo AKAS revelou que todas as historias máis consumidas polos públicos, o 74 por cento, concéntranse en feitos, e o 25 por

cento, na xente. E as novas que se concentraban nas mulleres só representaban o 10 por cento do total.

Hai outra estatística, que non está na diapositiva, que di que só o 9 por cento das noticias tiñan un ángulo de interese humano. O problema nese senso, non amosando xente suficiente na cobertura sobre o COVID, é que existe o risco de que as novas sobre a pandemia estean deshumanizadas e o sufrimento, nunha escala tan grande, non estea suficientemente reflectido nas novas.

De novo se observamos na análise de contido que fixo MEAG podemos ver que os homes superan ás mulleres como protagonistas nas novas do COVID, nun factor de tres a seis.

De toda a xente retratada nas novas que analizamos, o 41 por cento está empoderada, e deses individuos, só o 17 por cento son mulleres. Hai unha maior probabilidade de que as mulleres sexan representadas como vítimas, sen empoderamento, e non teñen ningunha voz ou poder.

E finalmente, voume concentrar no reto principal que é que os valores patriarcais están vivos e subraian todos os problemas e todos os retos aos que me referín anteriormente; están vivos tanto no norte do mundo, como no sur, e é a barreira principal para a visibilidade das mulleres.

En abril, ou máis ben en marzo do ano 2020, o UNDP estableceu un índice de normas sociais de xénero, que cubría o oitenta por cento da poboación do mundo en diversos países. E descubriron que na poboación hai un nesgo enorme antimulleres en todo o globo.

Os datos de España que recollín e que lles estou a amosar, din que metade da poboación ten a lo menos un nesgo contra as mulleres, o que podería ser un atranco para o seu empoderamento político, económico ou educativo, ou a redor da súa integridade física (o que deberían facer cos seus corpos).

A nivel global a situación é moi mala no sur do globo. En Nixeria, India e Sudáfrica, unha ampla parte da poboación ten de dous a sete nesgos, mentres que nos Estados Unidos e no Reino Unido e en España é a redor do 30 por cento ou un terzo que manteñen a lo menos dous nesgos.

Entón podemos ver que as normas patriarcais, malia o que habitualmente pensamos, non desapareceron, e adoitan influír nas noticias a redor deses valores.

Finalmente, a última mala nova que quero mencionar, é que os homes teñen un maior interese polas noticias que as mulleres, tanto a nivel global, como en España. De feito, se observamos as cifras de España o 65 por cento das mulleres e o 73 por cento dos homes afirman que están estremadamente ou moi interesados nas novas.

Entón, a pregunta que me gustaría deixarlles, antes de pasar ás solucións é esta: xa que as noticias son producidas maioritariamente por homes, os homes teñen

maior presenza nelas, e son consumidas máis por homes, iso non crea un perigo de déficit democrático porque a metade da poboación está menos reflectida e menos comprometida coas noticias?.

Este é un problema que debería preocuparnos, xa que todos os achados que lles veño de amosar, cando observamos os informes que se veñen de publicar, vemos que se fixo moi pouco progreso no século XXI. As organizacións informativas non están progresando tanto como agardaban facelo.

Pasemos ás mellores novas e ás solucións, que hai moitas.

De feito, no informe presentei 21 solucións ou recomendacións sobre como mellorar a representación das mulleres nas noticias do COVID. Vou concentrarme só nalgunhas.

En primeiro lugar, incrementar a concienciación sobre os nesgos existentes cara aos expertos masculinos nas novas do COVID. Isto sería de gran axuda. A maneira máis doada é rastrexar o xénero do experto que se utilizou.

BBC *fifty-fifty* é un proxecto que lanzou, que tivo gran éxito. E din que cando os xornalistas empezan a contar cantos homes e cantas mulleres utilizan, invariablemente se sorprenden no senso de que ven que presentan a máis homes que a mulleres.

En segundo lugar, hai mulleres que son expertas na sanidade, na medicina e na investigación, e se ten demostrado que realmente esa é unha ferramenta moi boa para que os xornalistas utilicen as fontes que proveñen de mulleres, porque lles axuda a atopar ás expertas cando están moi presionados co tempo da noticia que teñen que escribir.

En canto á produción informativa, amplificar a visión das mulleres como protagonistas é especialmente importante, pero sobre todo, a nivel político, sanitario e de negocios en relación co COVID19. Iso podería mellorar a narrativa nas noticias.

Tamén desenvolver tratamentos de noticias relevantes en canto ás preocupacións e as necesidades da mulleres, como o seu emprego, a sanidade, os seus dereitos reprodutivos, a educación, a violencia... e ademais, concentrarse nas solucións. As mulleres teñen unha maior probabilidade de observar un ángulo positivo nas noticias.

E, finalmente, exemplificar os feitos con noticias persoais que van humanizar o COVID19 e van evitar esta falta de sensibilización das poboacións fronte á traxedia que representa a pandemia.

Temos observado doce ángulos que se basean en 500 artigos escritos sobre como se enmarcan as noticias, e na nosa investigación vimos que a maior parte dos ángulos utilizados nas noticias non se concentran nas mulleres como o público obxectivo que pode servir de axuda aos formuladores de políticas.

Hai tres marcos importantes. O do interese humano, que xa mencionei, no que un feito cólgase dunha historia potencialmente feminina, que pode evocar unha resposta emocional e non só racional por parte dos políticos.

Tamén hai unha desigualdade nestes momentos e este marco resulta de gran axuda. Observa diversos grupos de mulleres que teñen desvantaxe na sociedade, como por exemplo, as minorías étnicas, ou por exemplo, nais solteiras, etcétera. E logo, a cooperación o marco da solidariedade, que se concentra no impacto positivo da pandemia e desenvolver unha comunidade para poder contrarrestala.

Como agora sei que están centrados no seu congreso na violencia de xénero (quería amosarlles esta diapositiva específica). Nas noticias, normalmente se toman dous ángulos cando se cobre a violencia de xénero: o primeiro é moito máis común e é o ángulo que se concentra nos incidentes específicos e logo establece a estatística, para poder coñecer a relevancia do problema e o que se pode facer a respecto.

O outro ángulo consiste en observar o problema da violencia de xénero como un problema socio-económico e social. Entón, se concentra máis na sociedade e non no individuo, na vítima, que normalmente se pon como o actor principal da historia, que está alí para resolvelo.

Polo tanto, as catro recomendación que teño en canto a como cubrir a violencia de xénero son: dar voz aos sobreviventes (as investigación amosan que só o 8 por cento das fontes das noticias sobre violencia de xénero son as vítimas, os sobreviventes); en segundo lugar, incluír por exemplo as estatísticas sobre Galicia, sobre España, mesmo a nivel global, para amosar que este é un problema que non só afecta a xente que é diferente, que é estrana, senón que é un problema global, que está á sombra da pandemia; en terceiro lugar, observar as causas principais...

Porqué durante tantas décadas e séculos non se resolveu?. E observar as normas patriarcais que permiten a violencia de xénero e o seu crecemento; e, finalmente, os xornalistas adoitan ofrecer fontes de axuda, pero neste caso, só o 5 por cento dos artigos teñen fontes que axudan á vítima que solicita apoio, e sería de gran axuda que iso fora unha norma.

Simplemente me gustaría deixarlles cunha cita que vin que é enormemente poderosa e que foi escrita pola escritora estadounidense Rebecca Solnit: *a quen se lle escoite e a quen non, define o status quo, ao redefinir que se valora, redefinimos a sociedade e os seus valores*. Así que, como xornalistas, teñen a oportunidade de redefinir e de facer que na sociedade ás voces das mulleres e dos homes sexan moito máis igualitarias, e que se escoiten. Gracias”.

Coloquio

- **PRESENTADORA:** “A min hai unha cousa que me sorprende moito: no seu estudo refírese a países como Reino Unido e Estados Unidos, e a países como Nixeria, non obstante os datos son bastante semellantes. É

dicir, que nos países desenvolvidos segue a haber unha importante fenda de xénero. Existe igualdade legal, pero non igualdade real... que pasos se poden dar ou queda moito por facer para acadar esa igualdade real?”.

- **LK:** “Gracias, é unha pregunta moi boa. Segundo as estatísticas e as análises que fixo a ONU para saber canto tempo queda para poder acadar a igualdade, levaríanos outros cen anos. Entón, se queremos acelerar ese proceso -si que me soreprende cando estaba escribindo o informe a universalidade do problema das voces silenciadas das mulleres-, o que debemos facer é falar máis sobre os nesgos que moita xente ten a nivel global sobre as mulleres. Os xornalistas no cubren feitos relacionados coas normas patriarcais, hai esa visión no norte. Se pensa que xa os temos manexados eses valores patriarcais, que son cousa do pasado, e noutro países como en Nixeria se di que de feito a igualdade de xénero xa chegou a un punto bo nestes momentos. Por iso creo que o máis importante é abrir o debate e reflexionar sobre nós... pensar se temos eses prexuízos anti-mulleres que fan que quedemos retrasados. E en segundo lugar, os xornalistas deben decidir se queren reflectir a sociedade tal e como é, ou queren ser axentes de cambio; facer que a sociedade avance para atopar máis voces de mulleres, para que sexan as voces do cambio. E esta é unha pregunta moi importante que os xornalistas deben facerse a si mesmos”.
- **MARÍA MÉNDEZ:** “Malia a preminencia dos homes nas decisións sobre o COVID, as mulleres científicas non alzaron a súa voz para protestar... cando cre que se vai acadar ese empoderamento das mulleres na ciencia?”.
- **LK:** “Estou dacordo con esa premisa de que non protestaron. Ás veces, os homes din que as mulleres son as culpables de que non estean empoderadas. Teño unha cita que oxalá a atopase para vostedes das científicas europeas... ben, non a lembro exactamente, pero en marzo ou abril escribiron unha carta aberta na que dicían que estaban moi preocupadas porque os homes asumirán toda a comunicación sobre o COVID e tamén, porque todo o avance que realizaran as mulleres nas últimas décadas en relación á ciencia se retrasara e era como se volvéramos aos 50, polo que levaría décadas volver a solucionar este problema cando se solucione a pandemia.
En consecuencia, as mulleres si intentan que se escoiten as súas voces, pero algo que sucedió cando se encarou a pandemia, especialmente por parte dos políticos, é que falaban moito dela como un conflito bélico e, cando temos unha situación de guerra, historicamente, normalmente, é un asunto de homes... e os homes asumen iso e comezan manexar a crise, quedando as mulleres atrás. Entón, creo que a responsabilidade é das mulleres, pero tamén dos homes, é unha responsabilidade da sociedade. De feito, as eleccións que realizan os xornalistas e con quen falamos nos medios, ten un impacto enorme nos lectores e nos políticos que len esa cobertura”.
- “Os países liderados por mulleres están dando unha mellor resposta á pandemia (Nova Zelandia, Taiwán, Islandia, Noruega, Finlandia,

Dinamarca, Alemaña)... cal é a súa opinión ao respecto? É unha casualidade? Hai unha determinada forma de liderado? Unha maior empatía que inflúe de maneira distinta ante os cidadáns? E, se é así, por que esa maior empatía, ese maior talento feminino, non se está aproveitando noutros países?”.

- **LK:** “Vou coa primeira parte da súa pregunta, sobre se hai probas estatísticas de que as mulleres políticas o fixeron mellor. De feito a Universidad de Liverpool e a Universidade de Reading realizaron un estudo, que creo que publicaron en xuño (pódolle enviar a ligazón) e que amosa que, estatisticamente, nese momento, fixeran as cousas mellor que os homes, absolutamente. Observando todos os países, que creo que eran 31, que tiñan mulleres líderes ou xefas de Estado. O factor máis importante que consideraron... en realidade, había varios; en primeiro lugar, as mulleres reaccionaban máis rápidamente que os seus homólogos masculinos. En segundo lugar, puñan a vida humana por riba de todo. A vida humana por riba da economía ou dos argumentos económicos e, polo tanto, salvar as vidas humanas convertiuse no motor principal para elas, mentres que noutros países había moito debate sobre a economía fronte á vida humana, fronte á sanidade.

Tamén se demostrou que traballaban con moita máis cooperación, polo que podían construír consenso e confianza. Demostrouse que tenían un maior nivel de empatía coa poboación, así que cando lle pedían á xente que se illara, canto máis confianza na Goberno, máis probabilidade de que o fixeran. Si houbo unha diferenza significativa en canto ás respostas nese senso.

En canto á segunda pregunta, por que no se aproveitan esas voces das mulleres, creo que na presentación se mostrou amplamente... parte do problema son os prexuízos do status quo. En ciencia do comportamento fálase deste nesgo do status quo: tendemos a facer o que adoitamos facer. E en épocas de crise, os xornalistas normalmente utilizan axentes masculinos, máis científicos, e isto segue sendo o que pasa. Esa é unha das explicacións, supoño, de por que non se utilizaron as voces das mulleres nesta crise”.

- “Que sería necesario para rachar esta preminencia dos valores patriarcais na linguaxe dos medios de comunicación?”.
- **LK:** “Nos informes que escribín, ambos, teñen un conxunto de recomendacións e listas de verificación do que tería que suceder... pero, para resumir, en primeiro lugar, hai que ser consciente, aceptar que hai un problema e que cada redacción e cada xornalista é responsable de perpetualo. Entón, recoñecer que hai problemas a nivel individual, a nivel das organizacións de noticias e a nivel da sociedade. Isto é o primeiro que habería que facer.

En segundo lugar, habería que realizar intervencións para retirar os atrancos, por exemplo facer listas de mulleres, para que aos xornalistas lles resulte estremadamente doado utilizar ás mulleres. E unha intervención moi, moi importante para eliminar as barreiras, é ter formación sobre a sensibilidade de xénero, nas organizacións, nas

escolas, nas universidades. E aprender sobre os prexuízos que levan séculos sendo prevalentes. Unha terceira maneira de manexar o problema é utilizar disciplinas como a ciencia do comportamento, deseñando intervencións cuxo obxectivo sexa que sexa doado para os xornalistas participen e se motiven.

Outro aspecto que temos que considerar tamén é que o cambio debe basearse en dúas cuestións: as mulleres son a metade da poboación e teñen o dereito de ser presentadas nas noticias -este é o argumento que se basea no Dereito-; o segundo argumento é que, como xornalistas, forma parte do noso código de conduta reflectir as perspectivas das mulleres, porque son a metade da poboación -este é o argumento ético-. Estes argumentos non causaron os cambios que desexabamos ter no século XXI, polo que temos que ser máis creativos e creativas, construíndo argumentos para o cambio que aparezan introducidos na mente... por exemplo, hai organizacións, hai unha serie de modelos nos que, as mulleres (como público potencial) teñen unha maior probabilidade de chegar a un crecemento se se cumpren as súas necesidades e se as organizacións producen as noticias máis interesantes para elas. Entón haberá máis mulleres que escoiten ou que lean noticias e iso implica máis ingresos para as organizacións informativas.

Hai que construír o argumento de por que as mulleres teñen que estar mellor representadas nas noticias, xa que é unha maneira de poder reparar este desequilibrio”.

Debate “Formación universitaria en igualdade: materia pendente?”

Iria Vázquez, profesora de Socioloxía e investigadora da Universidade de Vigo

Marta Pérez, profesora de Comunicación Audiovisual e codirectora de CO(M)XÉNERO na Universidade de Santiago de Compostela

Moderador: Octavio Rodríguez, directivo da APG

Currículo Iria Vázquez

Doutora en Socioloxía pola Universidade de A Coruña, formouse tamén como experta en xénero na Universidade Autónoma de Barcelona, e posteriormente, na Universidade de Vigo, na que na actualidade é profesora interina de Socioloxía. As súas liñas de investigación abranguen neste momento desde a socioloxía das migracións á do traballo e de xénero. Foi coordinadora do libro “Cómplices. A Violencia Machista Institucional”, e con anterioridade, xunto a Laura Rodríguez Salgado, publicou “Muller Inmigrante. Língua e Sociedade”. Tamén colaborou en varios estudos da Unidade de Igualdade da Universidade olívica.

Currículo Marta Pérez

Doutora en Ciencias da Comunicación pola Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. Nela exerce como profesora de Comunicación Audiovisual. Desde o ano 2018, dirixe xunto con

Margarita Ledo o CO(M)XÉNERO, un seminario permanente de comunicación e xénero.

Intervención Iria Vázquez

“Eu penso que a formación en igualdade sempre está pendente, se están facendo cousas, pero precisamos máis accións en prol da igualdade. Como comentou a anterior ponente, as mulleres somos o 50 por cento da poboación e, evidentemente, hai moitos eidos nos que hai desigualdade.

Na Universidade de Vigo, eu como investigadora teño colaborado en varios estudos da Unidade de Igualdade e vou comentar un pouco que detectamos.

Que necesidades detectamos no eido da igualdade na Universidade de Vigo a partir de varias enquisas e de varios estudos tamén cualitativos.

Nalgúns casos participei como investigadora e están colgados na web da Unidade de Igualdade e os podeades consultar.

Unha primeira cousa que teño que dicir é que si é certo que a maior parte do alumnado e do profesorado está dacordo en que a igualdade é un tema importante, tanto na universidade, como na sociedade.

E xa vedes aí que o alumnado e tamén o PDI, o profesorado, asume que isto é unha cuestión relevante, co cal partimos polo menos dun lugar no que damos por feito que é necesario traballar no eido da igualdade.

Pero, o alumnado o que comenta é que quere máis materias que teñan que ver coa igualdade e co xénero, tanto en estudos de grao, como en máster.

Vedes aí que a redor do 33 por cento do alumnado -que por certo, pon aí en pequeniño *máis mulleres que homes, máis alumnas que alumnos*- optan por recibir máis docencia reglada.

É dicir, que ante a pregunta do presentador (a formación universitaria en igualdade segue sendo unha materia pendente?), parece que realmente o que din as alumnas e os alumnos é que queren máis formación en xénero; e sobre todo, alumnas. Iso, como socióloga, teño que dicir que non é raro, non é estrano, porque habitualmente as mulleres adoitamos ser as que máis interese temos no eido da igualdade.

Queremos que tamén os homes se vaian sumando a ese interese, pero reflíctese un pouco nas enquisas que levan feito neste ano por parte da Unidade de Igualdade.

Por outra banda, outra necesidade que detectamos que evidentemente o alumnado tamén solicita que o profesorado sexa formado en igualdade e en xénero (quero dicir que, se ti es profesor e coñeces un pouco este mundo da docencia, o certo é que polo de agora non se esixe unha formación regrada nese eido).

Esa é unha cuestión que o propio alumnado comenta nas entrevistas cando facemos estudos cualitativos. Neste caso era un alumno de Dereito, que comentaba a necesidade de ter materias específicas. Supoño que tamén no eido do xornalismo sería interesante, en calquera outra titulación, empezar a ter materias específicas sobre igualdade e sobre xénero, para rachar un pouco, o que dicía a anterior ponente, todos os nesgos androcéntricos que as ramas de coñecemento están herdando e iso hai que empezar a mudalo.

Outra necesidade que os estudos adiantan é que, nas enquisas que se fixeron recentemente, o alumnado di que quere recibir máis formación no eido afectivo-sexual. Nesta enquisa é case un 70 por cento que o quere, xa que segue a ser un ámbito no que non se está cubrindo unha formación e quizáis aí poderían ser formacións complementarias... habería que ver como as universidades poden axudar a completar esta formación.

E por último xa na detección de necesidades, porque despois vou dicir en cinco minutos que actividades se están facendo ou que queda por facer (retomando a pregunta do presentador).

Si que é certo que notamos nos estudos que se realizan, que podedes consultar na páxina web da Unidade de Igualdade, que non está moi clara aínda a información sobre que é a violencia de xénero dentro do alumnado e tamén dentro do profesorado. É dicir, a comunidade universitaria aínda precisa -precisamos- moitísima máis información e sensibilización sobre que é a violencia de xénero.

Por iso tamén se lles pregunta, como vedes nesa táboa, que vínculos hai entre desigualdade e violencia contra as mulleres. E vemos que non está moi claro. O propio profesorado e o alumnado teñen certas dúbidas todavía.

Polo tanto, isto significa que necesitamos facer moitísimos máis cursos de formación sobre violencia de xénero dentro do ámbito universitario. Ás veces se da por suposto que as universidades son espazos de igualdade, pero de feito quedan moitas cousas por facer. Por exemplo, por destacar porque é un ámbito no que traballei moitos anos, na sensibilización de violencia de xénero.

É certo que no terceiro Plan de Igualdade da Universidade de Vigo si que está introducida, como un eixe prioritario, a docencia e investigación do coñecemento con perspectiva de xénero.

Tamén, non sei se o coñecedes, que este ano se puxo en marcha o Itinerario Formativo Virtual en Xénero, xustamente recollendo desde a Unidade de Igualdade todas as necesidades que eu viña comentando anteriormente, moitos ocos, moitos valeiros, moitas necesidades detectadas en formación en xénero. Foi unha experiencia, está sendo, porque se vai facer a terceira edición.

E simplemente engado aí os itinerarios que están ofertados -non temos agora demasiado tempo-, que están destinados á comunidade universitaria da propia Universidade de Vigo, xa se verá se se abrirán ou non, pero como vedes é todo un percorrido por cuestións claves en temas de xénero desde a introducción á

perspectiva de xénero á co-educación, cuestións que teñen que ver coa educación afectivo-sexual... en fin, cuestións que eu creo que son moi relevantes.

Está por ofertar, previsto para o ano que ven, outro tipo de cursos que teñen que ver co ámbito tecnolóxico, coa intelixencia artificial, coas masculinidades, coa prostitución... e creo que este tipo de cursos especializados en xénero, son fundamentais para que sexan destinados ao alumnado, pero tamén ao profesorado.

Esta diapositiva era simplemente o perfil das persoas que participaron nestes itinerarios formativos, isto quizáis queda para o coloquio, de novo vemos como son mulleres case o 90 por cento as que realizan estes cursos. Evidentemente eran cursos voluntarios, neste caso eran de balde, pero vemos outra vez que somos mulleres as que habitualmente nos formamos neste eido e nese senso precisamos que se sumen máis homes para recibir este tipo de formación.

E vedes tamén (na gráfica da dereita) que é sobre todo alumnado... un 42 por cento é alumnado que se apunta para recibir esta formación, aínda que tamén hai un 19 por cento de profesorado, que non está mal, nesa primeira edición.

Logo temos a segunda edición que ten un perfil semellante, tampouco me quero parar aquí... era simplemente para dicir que hai puntos fortes, pero tamén hai eivas.

Evidentemente, eu, que estou aquí como investigadora en xénero, vexo aí moitas cousas por facer.

Tamén tedes colgada na páxina web da Unidade de Igualdade guías docentes con perspectivas de xénero para as materias que damos na Universidade. E temos toda esa cantidade de materias nas que podemos introducir cuestións, que referentes damos, que autores e autoras utilizamos; é dicir, temos toda unha cantidade de nesgos, como eu antes comentaba, como herdamos as ramas do coñecemento e a cantidade de cousas que temos que ampliar.

No caso meu da Socioloxía, por poñer un exemplo -é increíble-, non estudei a Concepción Arenal, que é unha muller superimportante dentro da Socioloxía e da Criminoloxía. Unha autora, muller, que foi totalmente desprazada do currículo que eu recibín.

Eu quería rematar, para retomar no coloquio, con esta diapositiva sobre cales son as cousas que quedan por facer, porque é certo que se fixo este itinerario de xénero, temos guías docentes para introducir a perspectiva de xénero, pero ante a pregunta que se lanzaba ao principio, *é unha materia pendente?*, eu creo que quedan moitas cousas por facer dentro das universidades, como dentro de calquera institución da sociedade galega ou española, no noso contexto, porque temos aínda moitísimas cousas por facer.

Desde o meu punto de vista, reflexionando esta semana sobre algúns puntos claves, unha das cousas que hai que mudar é que, se debe ter en conta, dunha

forma explícita, que o profesorado teña formación en igualdade. Para a xente que non sexa do mundo académico, hai axencias que acreditan a túa categoría profesional (se eres estudante ou doutora, se eres contratada, catedrática ou titular), pero esas axencias de acreditación deberían, dunha maneira explícita, valorar a formación en igualdade do profesorado.

E quizáis esa sería unha motivación moi interesante para que se formarán dun xeito riguroso en temas de igualdade. Xa como un tema máis doméstico, as universidades galegas podían facelo tamén dun xeito explícito para os concursos de prazas. Penso que isto sería tamén moi importante para introducir a perspectiva de xénero na docencia e apostar por ela.

Por outra banda creo que sería necesaria unha revisión de todas as guías docentes e que realmente empezaran a introducir esa perspectiva, empezar a introducir materias de igualdade nos graos e nos máster. E outro tema que deixo para o debate é quen vai dar as materias de igualdade?... necesitamos a persoas expertas, porque moitas veces se fala de formación en igualdade, en xénero, pero necesitamos expertos, porque senón estamos reproducindo a desigualdade.

E por rematar, quizáis dun xeito como máis complementario, facer unha sensibilización en temas de violencia de xénero dentro do PDI e dentro do alumnado para facer unha detección de casos e saber derivalos. Tede en conta que temos que saber tamén detectalos dentro de calquera tipo de institución. Nese senso, creo que é outro ámbito importante. Eu o deixaría pola miña banda aquí para deixar espazo para o coloquio...”.

Intervención Marta Pérez

“Boas tardes e moitas gracias polo convite. Evidentemente si, rotundamente si que a formación universitaria en igualdade segue sendo unha asignatura pendente, e case debería formularse máis como unha afirmación que como unha pregunta.

Cando me chegou o programa, transcribino nun caderno -porque anoto todo en papel- como unha afirmación... foi un *lapsus linguae* absolutamente obvio. Eu non teño, como lria, esa cantidade de datos tan interesantes, que van servir moi ben para o coloquio.

Simplemente, desde a Universidade de Santiago, onde dou clase de Comunicación Audiovisual -non son socióloga-, dar algúns datos xerais recollidos na Oficina da Igualdade de Xénero, que é pioneira en Galicia, e despois falarei un pouco da experiencia, do que nós estamos facendo detectando precisamente esta eiva na formación curricular dos nosos alumnos, dos nosos docentes e dos noso PAS (o noso persoal de administración e servizos, que sempre están esquecidos, pero que tamén necesitan esa formación). É dicir, as tres patas da institución necesitan esa formación e percíbese unha carencia singular.

Sobre datos, algúns moi concretos, extraídos do Diagnóstico de Igualdade de Xénero da Universidade de Santiago: de 4.300 materias impartidas na Universidade, só nove aluden ou tratan especificamente a cuestión da perspectiva de xénero. Nin sequera son materias sobre xénero. É unha porcentaxe ínfima, ridícula.

En canto á cuestión da investigación -que tamén apuntaba Iria e que é un tema interesante, porque cando estamos falando de docencia da Universidade leva aparelado tamén falar de investigación, xa que é algo que logo ti levas ás túas aulas e enriquece o teu traballo como docente-, na Universidade de Santiago hai 400 grupos de investigación e só 14 teñen liñas de investigación nas que se inclúe a perspectiva de xénero ou o xénero como unha das liñas de investigación.

De novo é un dato absolutamente relevante e poucos máis datos quería traer, porque creo que estes xa falan por si sós.

Nós detectamos na Facultade esa eiva formativa nos plans de estudos particularmente. O plan de estudos de Comunicación Audiovisual o estamos transformando nestes momentos para que se poña en activo no curso 21-22, e acabamos por conseguir incorporar (despois dun debate interesante, non digamos que cruento, pero había que deixar algunhas materias fóra, porque non daba para meter tantas) unha materia sobre novos cinemas, perspectiva de xénero no cinema actual, etcétera, tamén, mesturada con outras cousas, nin sequera como unha materia única, pero está no Grao.

Para min é unha conquista importante e que espero que funcione moi ben, porque a nosa experiencia, detectada esta eiva curricular, foi montar o seminario permanente COMXÉNERO, que leva xa catro edicións.

Non sei se compartir pantalla para poñervos a nosa web... é unha actividade orientada ao público en xeral, de balde, para todos os alumnos, pero especialmente pensada para os alumnos de Xornalismo e Ciencias da Comunicación, porque nas distintas convocatorias abordamos temas que deixamos atrás nos nosos temarios e que son relevantes. Por exemplo, a cuestión da memoria foi o tema do último seminario.

No anterior, traballamos o tema dos videoxogos, por exemplo, que nos pareceu un tema moi importante, sobre todo porque a mocidade, e a non tan mocidade ten os videoxogos no seu lecer como unha forma de descanso importante. E fixemos a primeira partida, da que teñamos noticia en Galicia, retransmitida en galego, de *Overwatch*, un videoxogo moi xogado no mundo, e xogada cun equipo constituído íntegramente por rapazas.

O que estamos facendo no Seminario Permanente é intentar abordar temas que se nos están a escapar por tempo, porque non están ben definidos os temarios... creamos como unha especie de espazo exclusivo, dúas veces ao ano, no que falamos destas cuestións.

Este ano conseguimos publicar o noso primeiro libro, que compila as comunicacións, as ponencias das primeiras tres edicións. Pretendemos seguir

facendo esta publicación, na que se abordan distintos temas, tanto do xornalismo, como da comunicación audiovisual.

Hai que destacar que esta actividade estase facendo coa axuda e apoio do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero -o mesmo que os estudos que presentou Iria-, pero para min o importante, e é algo que pretendo levar ao debate con ela, e co público, se participa, é o difícil que é, non facer unha primeira edición destas cousas, senón mantelo.

É moi complicado. Primeiro, non só por falta de apoio, senón porque ás veces xogamos con esta novidade de *imos facer algo de xénero*, pero mantelo como parte do currículo académico, é moi difícil, supón un esforzo extra na nosa actividade diaria.

E pouco máis... a Universidade ten uns premios para a perspectiva de xénero, tanto en docencia, como en investigación. Cada ano concede tres premios en cada categoría e hai sempre experiencias moi interesantes, pero que quedan un pouco nesa especie de caixiña na que se ubican estas cousas. Despois tampouco hai unha difusión moi clara desas experiencias.

Para o debate, cousas que xa apuntou Iria, sobre todo, a formación do profesorado, que me parece o menos interesado. Cando facemos convocatorias aos alumnos, si se mostran moi interesados, e despois sempre veñen a comentar que lles gustou moito esta experiencia, que non teñen nada así e que queren máis contidos deste tipo. Estano demandando directamente -eu non teño datos-, pero si unha opinión moi constante por parte dos alumnos.

En cambio, os compañeiros, e compañeiras tamén, non demostran moito interese. Non ven en xeral que para eles sexa unha materia pendente, cando os teus alumnos están pedíndoche que adquiras formación.

E despois, o que dicía Iria *-quen vai impartir estas materias?-*, é un tema moi interesante, moi importante, que a min particularmente me preocupa, porque sei que por ser muller, no meu departamento, xa me vai tocar.

E non me encontro preparada ás veces para abordar determinadas cuestións, nin teño recursos ás veces suficientes como para formarme, aparte do que ofrece a Oficina de Igualdade de Xénero, que realmente ten uns recursos fantásticos, e os que ofrecen as tres universidades en conxunto... pero expreso un pouco este temor porque realmente creo que é algo compartido coas persoas que si nos preocupamos por este tema, por esta cuestión”.

Coloquio

- **PRESENTADOR:** “Unha das cousas que ambas as dous comentabades é a necesidade de facer unha formación, que quizáis se fai un pouco con carácter voluntario, de carácter temporal, simplemente case anecdótico ou simbólico... quizáis sería mellor que todas estas perspectivas de xénero se aplicasen a unha formación específica dentro de cada materia e non facela complementaria, como se fosen follas separadas do tronco?”.

- **IV:** “Estou dacordo con que non pode ser unha formación temporal. Todos os programas que sexan de formación en xénero teñen que ser continuistas. De feito, o itinerario formativo virtual o pensaron así, para que quedara. Creo que esta é unha das cuestións básicas. Se non imos a unha formación de 20 horas, esquecémonos cada 10 anos e esa non é unha formación permanente.
Sobre o debate que introduces, eu creo que sería importante poder facer ambas as dúas cousas. Quero dicir, se das unha materia sobre Medicina, que está ben que en todas as materias teñas unha perspectiva de xénero, pero en determinados graos ten sentido que haxa unha materia específica de xénero, polo tipo de coñecemento ou rama de coñecemento.
Pero estamos nun nivel aínda tan baixo, que a túa pregunta case me parece futurista. Non sei como o verá Marta, pero como o veo tan lonxe aínda... eu case ás veces, nese senso, creo que é mellor dar pequenos pasos, que realmente estean ben feitos -é dicir, que realmente teñamos materias transversais impartidas por expertas-, que funcionen, que grandes brindes ao sol. Non sei cal é a experiencia de Marta...”.
- **MP:** “A cuestión da transversalidade é superinteresante. E a min paréceme, usando a túa palabra, futurista, e eu mesma caín nesa trampa. Conto a anécdota: facendo este curso, ademais de forma moi harmónica (novo plan de estudos, no medio da pandemia, intentando meter todos os elementos da Comunicación Audiovisual...), chéganos o tema do xénero. E eu mesma caio na trampa e digo: isto ten que ser transversal, non pode haber unha materia. E dime unha compañeira, *non te enganes, ninguén o vai facer*. Entón, eu dinme conta de que eu mesma estaba caendo nun mecanismo de negación dunha situación real; é dicir, non existe transversalidade na perspectiva de xénero nestes momentos nos estudos universitarios... sería desexable, pero polo momento é utópico.
Polo tanto, eu creo o mesmo que di Iria, por que non combinar ambas cousas: que sexa algo permanente nas materias que así o permitan, ou mesmo -estou completamente dacordo-, hai formación na que unha materia, cando menos sobre xénero, sería perfectamente encaixable dentro dun plan de estudos. Pero sempre hai quen pode dicir que é unha cousa a maiores. Ese o problema, tomalo como un extra, e pensamos sempre como unha formación anecdótica e problemática, pero efectivamente, unha formación de módulos e de cousas que poidamos ir traballando periódicamente, é importante. Malia que despois eu creo que en moitas materias, polo menos nas que dou eu, non só é posible a perspectiva de xénero, senón que é necesaria.
Por exemplo, unha materia que se chama Cultura Audiovisual Contemporánea, se eu non falo da crítica de teorías feministas, é como deixalos coxos á hora de enfrontarse ao que consumen diariamente nos medios.
Ademais, este mesmo congreso alude a esta cuestión constantemente... Se xa nesa formación os deixo coxos é o problema. Pero moitas veces, non sei o que opina ela, depende máis da vontade do docente, que haxa un grupo de persoas sensibilizadas, que de que haxa un plan.

A Universidade de Santiago non ten un plan de igualdade, polo momento. Ou sexa que, se non existe xa unha institucionalización moi clara, ou dentro das propias facultades un plan xa moi específico, vai depender sempre da vontade dos formadores, a vontade dos alumnos e, insisto unha vez máis, o Persoal de Administración”.

- **PRESENTADOR:** “E quen tería, Marta, que dar ese primeiro paso? Os alumnos, o profesorado, as universidades, as institución superiores, o Ministerio?”.

- **MP:** “O Ministerio está facendo, con este Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, un primeiro paso que me parece que estás moi ben e que ten que manterse. Pero creo que as universidades deberían dar pasos adiante como institucións. Xa o están facendo. A verdade é que estou moi contenta co traballo que fai a Oficina de Igualdade de Xénero na Universidade, pero non hai un técnico de igualdade, por exemplo. Entón, creo que ten que ir a todos os niveis. Se os alumnos o demandan, nós ímolo ofertar. E se nós como docentes o pedimos a Universidade proporciónao. Non sei... estou falando moito e prefiro deixar a Iria que sabe moito máis disto...”.

- **IV:** “A verdade é que estou dacordo co que está comentando Marta. Eu creo que o alumnado está demandando formación en igualdade. Está demandando que dentro dos seus graos, dos seus estudos, teñan formación específica.
Penso que hai que plantexalo á inversa; quero dicir, que non lles esteamos dando esa formación é un nesgo. Que unha alumna de Dereito non saiba sobre igualdade de xénero e violencia de xénero, cando hai unha quenda de oficio que se chama violencia de xénero, estamos nesgando; que unha persoa en Medicina non teña unha formación especializada para distinguir un infarto dun home e dunha muller, por poñer un exemplo, estamos dando unha formación nesgada.
Polo tanto, o que necesitamos é mudar as guías docentes, temos que formar ao profesorado, temos que repensar desde as institucións -porque aí o Ministerio está facendo un esforzo co Pacto de Estado, é certo-, pero tamén as axencias de acreditación do profesorado poden esixir moito máis, deberían de facelo en termos de igualdade, as propias universidades poden esixir que nas guías docentes se introduza a perspectiva de xénero. Eu creo que temos que ser un pouco atrevidas demandando.
Marta comentou o tema do PAS... eu, a verdade, é que o teño presente, pero nos pasou nas enquisas, que si que fixeron formación virtual, pero sempre que facemos enquisas, cando temos taxas de resposta baixas, non podemos dar resultados representativos.
Pero o PAS sería outro elemento que para min tamén é importante que teña unha formación en igualdade, é certo, e de feito, nos nosos cursos, no itinerario, é unha minoría, pero tamén fixeron a súa formación en igualdade.
En calquera caso, o alumnado está demandando e agora sería ir cara arriba, porque as persoas que estamos implicadas gastamos o noso

tempo, a nosa dedicación, pero que realmente se ten que valorar; nos currículos, tense que esixir por parte das institucións, desde as universidades, axencias de acreditación, Ministerio, hai unha rede de igualdade... hai que poñerse xa esixentes, xa que senón estamos dando unha formación nesgada”.

- **PRESENTADOR:** “Vouvos facer unha pregunta do público que di que - aínda que vai máis futurista aínda ou vai fóra do que poida ser o ámbito puramente universitario-, en moitas titulacións universitarias hai desde anos un maior número de alumnas que de alumnos; que falla no lanzamento das mulleres xa formadas ao mercado laboral para que non cheguen a el igual que os homes?”.

- **MP:** “Iso coméntano moitas alumnas, e pasounos a nós, a min particularmente. Cando estás estudando tes unha sensación de que non pasa nada, polo menos así era nos anos 90, Na actualidade eu creo que as rapazas están moito máis atentas. Desde o movemento *Me Two*, desde o 8 de marzo de 2010, hai unha maior conciencia no alumnado sobre esta cuestión. E eles mesmos van detectando... cousas tan simples como por exemplo, que na clase participan máis os rapaces que as rapazas, porque teñen como unha maior facilidade á hora de presentar as súas opinións sen ser cuestionados xa desde o primeiro momento. Nas nosas aulas hai unha porcentaxe ao mellor dun 70 por cento rapazas e 30 por cento rapaces nalgúns cursos e a participación dos estudantes sempre é maioritariamente de rapaces.
Moitas egresadas volven e din, que pasou aquí?... a metáfora esta do teito de cristal segue funcionando. Nos medios de comunicación só hai que ver os cadros de mando. Cantas directoras de xornal houbo en Galicia ata agora?... pois, moi poucas; sóbranse os dedos dunha man.
O coñecemento de figuras importantes do xornalismo galego, Mari Luz Morales, por exemplo, reivindicada agora nos premios da Academia Galega do Audiovisual, durante canto tempo se ignorou a figura dunha muller que chegou ser directora de varios medios.
Entón, eu creo que os nosos alumnos e alumnas perciben ese teito cada vez máis, son moito máis conscientes, pero tamén lles causa sorpresa chegar ao mercado laboral e ver que aquel espazo no que se sentían protexidas durante os seus estudos, non resposta ao que lles vai acontecer”.

- **IV:** “Eu, por complementar un pouco o que estaba comentando Marta, engadiría que tamén é importante que, cando pensemos no mercado laboral, entendamos que para ter nel máis igualdade, necesitamos máis igualdade dentro dos fogares, porque son dúas partes que van unidas.
Máis que un teito de cristal, moitas sociólogas falan do chan pegañento, que non nos deixa subir. E que é ese chan? Pois, entre outras cousas, que as mulleres dedicamos moito máis tempo ao ámbito dos coidados non só de nenas e nenos, senón de maiores, da casa... e iso ten un impacto tamén á hora de non optar a determinados postos. Como sabemos, se necesita unha rede de confianza, unha relación de confianza, para

promocionar en moitas empresas, polo que as mulleres nos estamos quedando fóra, posto que temos outro tempo de dedicación.

Por outra banda, espero que no mercado laboral galego e español, saíndome xa un pelín do tema, a pandemia sirva para valorar moitos traballos feminizados, que non están valorados, nin socialmente, nin economicamente, como deberían. Estou falando de traballos de limpeza, de coidados, tamén traballos dentro do ámbito social...

Está moi ben que as mulleres entremos en ámbitos técnicos, tecnolóxicos, nas enxeñerías, pero eu tamén estou por empezar a valorar os traballos que socialmente están feminizados, que son esenciais e que claramente iso ten que ver co patriarcado.

Mesmo estamos analizando, porque non sae nese informe, pero na Unidade de Igualdade vemos de rematar un informe que está colgado na web, que fala do impacto da pandemia, do confinamento, na propia produción científica das investigadores e dos investigadores na Universidade.

Quero dicir que os homes, no confinamento, publicaron máis, e as mulleres, menos. E iso dentro duns anos vaise traducir en diferentes tipos de promoción laboral.

Pois, iso que acontece na Universidade, acontece noutros ámbitos.

Polo tanto, temos unha desigualdade que se vai reproducindo. Hai economistas feministas moi interesantes que o que din é: necesitamos máis igualdade dentro dos fogares, para ter máis igualdade dentro do mercado laboral. E que conste que hai que facer intervencións en todos os ámbitos...".

II XORNADA

Venres, 11 decembro

Conferencia “Incidencia do COVID19 na igualdade e na violencia de xénero”

María Dolores Fernández, Valedora do Pobo

Presentador: Alfonso Riveiro, directivo da APG

Currículo María Dolores Fernández

Licenciada en Dereito e diplomada en Práctica Xurídica pola Universidade de Santiago de Compostela, en 1989 superou as oposicións de ingreso na Carreira Xudicial e tamén as oposicións de ingreso na Carreira Fiscal. Nesta última, atópase desde o seu ingreso con categoría de abogada fiscal, en situación de excedencia. Tamén é especialista en Dereito Civil de Galicia. Membro da Carreira Xudicial e da Carreira Fiscal, ambas por oposición. Na primeira, tra-lo seu paso polo Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número 1 de Ponteareas (1990-1992), ascendeu á categoría de maxistrada, con destino entre 1992 e 2001 no Xulgado do Social número 2 de Pontevedra. Desde ese ano está destinada na sección segunda da Audiencia Provincial de A Coruña. Na carreira fiscal encóntrase, desde o seu ingreso con categoría de avogada fiscal, en situación de excedencia. Na carreira xudicial estivo destinada, entre 1990 e 1992, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción 1 de Ponteareas, en Pontevedra. En 1992 ascendeu á categoría de maxistrada, con destino entre o 92 e 2001 no Xulgado do Social 2 de Pontevedra. Desde 2001 está destinada na sección 2ª da Audiencia Provincial de A Coruña. Ademais, ten recoñecida a especialización de Dereito Civil de Galicia, e o coñecemento da lingua galega.

Conferencia María Dolores Fernández

“Bo día. Moitas gracias á Asociación de Periodistas de Galicia pola organización destas xornadas, moitas gracias moi especialmente á súa presidenta, María Méndez, por terme convidado a compartir este tempo con vós, para falar da incidencia da pandemia do COVID na igualdade e na violencia de xénero. E moitas gracias a ti, Alfonso, por estas amables palabras.

Para axustarme ao tempo predeterminado, a exposición vouna abordar desde catro puntos de vista.

En primeiro lugar, vou tratar o tema da saúde; en segundo lugar, o confinamento e a súa influencia na corresponsabilidade na conciliación e na violencia de xénero; en terceiro lugar, a crise socio-económica que trouxo consigo a pandemia; e finalmente farei unha referencia breve -o tempo non me dará para máis- ás causas de discriminación múltiple ou de discriminación interseccional na violencia de xénero.

Xa empezando co primeiro apartado, co tema da saúde, quero dicir que (é un dato que está xa bastante confirmado) case o 70 por cento dos contaxios no ámbito do persoal sanitario, son mulleres. Isto é debido a que as mulleres ocupan

preferentemente esa primeira liña do traballo de coidados, tanto no ámbito sanitario, como socio-sanitario, na axuda do fogar, as empregadas do fogar, o coidado de nenos e as traballadoras de limpeza.

A pandemia puxo o foco precisamente na relevancia deste traballo de coidados, onde as mulleres veñen sendo confinadas nunha especie de paredes de cristal, que as vincula a este rol, a este estereotipo, de boas coidadoras.

Como dicía onte Rosa María Calaf, o estereotipo, utilizando un símil de guerra, era unha especie de munición ideolóxica.

Pois esa relevancia do traballo de coidados que se puxo de manifesto como consecuencia da pandemia, non sempre leva aparelado un recoñecemento das condicións laborais. É certo, como hai pouco publicaba un medio de comunicación, que durante a pandemia, incrementáronse as consultas dos pais para pasar a súa herdanza ás coidadoras e desherdar aos fillos.

Esa relevancia do traballo de coidados, como digo, tería que ver cunha mellora da implementación das condicións laborais e salariais, facendo desaparecer esa fenda salarial que determina que estes traballos claramente feminizados, moitas veces, non están retribuídos co módulo de comparación doutros traballos de igual ou mesmo de menor valor maioritariamente desempeñados por persoal masculino, polos homes.

Un exemplo tamén que ilustra un pouco como se está abordando esta cuestión no tema da pandemia é que, por fin, se recoñeceu que o contaxio de COVID no ámbito sanitario e socio-sanitario ten a consideración de accidente de traballo; pero tamén é certo que ese recoñecemento non se estendeu ao persoal de axuda no fogar.

Seguindo co apartado da saúde, outra das peculiaridades, evidentemente propias da femineidade é a maternidade. O COVID puxo de manifesto o enorme risco das mulleres embarazadas, mesmo para acudir a revisión xinecolóxicas nos centros hospitalarios nese primeiro momento de confusión co manexo dos doentes COVID. E tamén, a OMS veu determinando que a muller embarazada, contaxiada de COVID, ten moito maior perigo de desembocar nun cadro de maior gravidade.

Desde o primeiro momento, aprobouse un protocolo a nivel estatal, polo Ministerio de Saúde, para manexar a estas mulleres embarazadas con COVID e tamén para atendelas no momento do parto e ao recién nado.

Ademais, nós, desde a propia Valeduría, por mor dunha queixa, iniciamos unha investigación pola ausencia de protocolos para o manexo da muller embarazada non contaxiada de COVID; por exemplo, para que se estableceran uns criterios claros para poder saber se no momento do parto ía poder estar acompañada pola súa parella.

O día 28 de marzo, que é o Día Internacional da Saúde das Mulleres, nós, fixemos un comunicado no que puñamos de manifesto que por mor destas

diferencias físicas e sociais, a pandemia estaba deixando clara unha necesidade específica das mulleres... no ámbito do embarazo, pero tamén, no incremento desa vulnerabilidade laboral, como consecuencia da precariedade, no incremento das dificultades de abordar a violencia de xénero nun contexto de confinamento, ou tamén o estrés que podía ocasionar a dobre xornada por esa necesidade de conciliación, e mesmo tamén polo risco laborais do traballo de coidados en tempos de COVID.

É necesario non volver a erros do pasado, cando aqueles tratamentos innovadores testábanse só en homes, así por exemplo pasou cos anti-inflamatorios, ou tamén cando estes protocolos de sintomatoloxía estudábanse unicamente en varóns, por exemplo, no caso do infarto de miocardio.

E polo tanto é necesario incorporar ás mulleres á gobernanza da saúde, tanto no ámbito organizativo de toma de decisións, como no da investigación. Nese senso, nós tamén tramitamos queixas que o que trataban de poñer de manifesto que as investigadoras que disfruten, ou que fagan uso da licencia de maternidade, ou das excedencias para o coidado de fillos, non vexan por iso prexudicada a súa carreira investigadora e, polo tanto, compitan en peores condicións que as mulleres que non fan uso desas licencias ou excedencias (desde logo tamén que os homes que non fagan uso deses permisos ou desas excedencias para o coidado de fillos).

Entremos na segunda cuestión a tratar que son as consecuencias do confinamento e as medidas acordadas para combater a enfermidade sobre os dereitos con maior dimensión de xénero.

Cando se decretou o estado de alarma, estableceuse tamén claramente unha preferencia polo teletraballo e estableceuse o *Plan Mecuida*, que facilitaba unha adaptación das condicións de traballo, incluíndo unha redución da xornada de traballo por unha correlativa redución de salario.

Desde o primeiro momento, quíxose poñer de manifesto que estas medidas eran para facilitar a corresponsabilidade, a implicación dos dous membros da parella nos labores de coidado; e por iso, no *Plan Mecuida*, exclúese completamente a posibilidade de que unha persoa, un home ou unha muller, poida acollerse a dito plan (que facilita, como digo, a modificación das condicións laborais) para coidar aos parentes da parella.

Ademais, haberá que estar moi vixiantes en como se están a implementar estas medidas de conciliación, estas medidas do *Plan Mecuida*, para que non leven consigo ese efecto perverso de vincular á muller nas tarefas de coidado e que, dese xeito non se garanta, que é o que se persigue, o dereito da presenza da muller no centro de traballo, amparando e protexendo en troques a vinculación das mulleres ao traballo de coidado no fogar e a dobre xornada, por mor da conciliación e do confinamento.

Entrando no tema específico da violencia de xénero, un tema que preocupou desde o primeiro momento a todas as autoridades, a todos os poderes públicos, a todas as entidades sociais, é o das mulleres vítimas de violencia de xénero -e

os seus fillos-, que por mor do confinamento, ían ter que convivir neses fogares pouco seguros as 24 horas do día cos seus maltratadores. É unha auténtica bomba de relojería.

E nós, desde a institución da Valeduría do pobo, desde o mesmo día hábil seguinte á instalación do estado de alarma, contactamos con varios centros de información da muller para comprobar que efectivamente continuaban prestando servizos.

Tamén se nos trasladou o problema da necesaria presenza física para a renovación das axudas por violencia de xénero, situación que foi inmediatamente solventada pola Secretaría de Política de Igualdade, remitindo unha instrución para dispensar desa necesaria presenza física.

É certo que por parte dos poderes públicos e das autoridades habilitouse, por exemplo, un chat silencioso de resposta inmediata, e mesmo circuitos que facilitaban a posibilidade de comunicar estas situacións de violencia, por exemplo coa ocasión dunha compra nunha farmacia ou nun supermercado.

De igual xeito é certo que a violencia na época de COVID manifestouse en lugares ou en situacións inesperadas. Entón, por máis que se estableceu rápidamente tamén que os servizos de asistencia á muller vítima de violencia seguían sendo servizos esenciais e non estaban paralizados, esta maior interconectividade que trouxo consigo a pandemia, produciu un aumento dos casos de ciberdelincuencia e, con iso tamén, un aumento dos casos de chantaxe sexual, de acoso sexual a través da rede, ou de vinganza sexual.

A Interpol puxo de manifesto que a situación de pandemia podería ser utilizada polas mafias do tráfico de persoas para abrir novas canles para o tráfico de mulleres e de nenas con fins de explotación sexual.

Xa entrando no tema da crise económica e social que trae consigo a pandemia. Un dos obxectivos da *Axenda 2030* de Nacións Unidas, é o traballo decente para todos e para todas. Traballo decente que, segundo define a Organización Internacional de Traballo, é aquel que permite ser exercido en condicións de dereitos humanos e liberdades fundamentais, que ten unha remuneración xusta e adecuada ao esforzo realizado e que ten aparelhada a protección social.

Pero as mulleres, moitas veces, están en situacións de traballo precarizado. As mulleres, nun 75 por cento, son as que realizan as tarefas do traballo a tempo parcial. En Galicia é moi significativo o traballo do sector da conserva das mulleres, traballadoras fixas discontinuas.

Esa precariedade trouxo algunhas consecuencias. Por exemplo, no caso das empregadas do fogar, que efectivamente, o lexislador dispuxo un sistema de axudas como consecuencia da paralización da actividade, pero vinculadas á alta na Seguridade Social, cando estas tarefas realízanse maiormente en réxime de economía somerxida.

Outra cuestión que abordamos nós desde a institución da Valeduría do Pobo, foi o caso das mariscadoras. O marisqueo tamén é un sector moi feminizado en Galicia e, por estar vinculado ao sector da alimentación, considerouse que era unha actividade esencial e, polo tanto, non era acredor desas axudas por paralización de actividade. Contactamos coa Consellería do Mar para ver en que situación quedaba este colectivo e respondéronnos que estaban arbitrando un sistema de créditos, que estaban proporcionando equipos de protección individual e que se estaba garantindo a salubridade na comercialización do produto.

Con todo, volvemos dicir outra vez que hai que estar moi vixilantes para comprobar que, por mor da pandemia, non se incremente a vulnerabilidade das mulleres traballadoras, cando o certo é que a vulnerabilidade volver ser un caldo de cultivo para a perpetuación da desigualdade e para o mantemento, ou incremento, da violencia de xénero.

E xa entro no último apartado da exposición, sobre o suposto de discriminación múltiple ou interseccional; é dicir, cando á discriminación por razón de xénero se engaden outras circunstancias, ou outras causas de discriminación, que multiplican de xeito exponencial os efectos adversos da propia discriminación. Comezo falando da discriminación por idade, do “idadismo”.

É certo que as mulleres son máis lonxevas que os homes e tamén é certo que padecen en maior medida a discriminación múltiple por ser mulleres e por ser persoas de idade. Nacións Unidas ven de establecer recentemente que o decenio 2020-2030 vai ser o decenio do envellecemento saudable.

Establece dous dos piares a ter en conta: a interconectividade da atención sanitaria das necesidades das persoas maiores (que as persoas maiores reciban esa atención sanitaria dos sistemas de saúde, onde e cando o precisen) e o dereito a esa atención integral nun contexto humano e un contexto seguro. Trátase de poñer os alicerces, os fundamentos, desa atención a longo prazo, que permita ás persoas maiores o disfrute dos seus dereitos e das súas liberdades nunhas condicións dignas.

Na propia Carta de Nacións Unidas sobre Dereitos das Persoas Maiores recolle, por exemplo, o dereito a permanecer no seu fogar tanto tempo como sexa posible, o dereito a ser escoitados e a participar na toma de decisións que lles afecte e o dereito -como xa dixen- a esa atención institucional en lugares humanos e lugares seguros.

Outra causa de discriminación que tamén vai interconectar, de xeito desproporcionado, coa igualdade de xénero é a discriminación por discapacidade. E tamén unha tendencia que está, por desgraza, comprobada: que as mulleres e as nenas con discapacidade son moito máis vítimas de violencia de xénero, que as que non teñen discapacidade.

Nós tamén, desde a institución da Valeduría do Pobo, fixemos un comunicado para dicir que a discapacidade non podería ser unha causa de discriminación para poder recibir a atención sanitaria.

Igualmente puxemos en valor o traballo das entidades sociais de defensa dos dereitos das persoas con discapacidade. Tramitamos tamén queixas da Federación das persoas xordas en relación coa atención sanitaria, con tradución á lingua de signos, ou o dereito tamén a acceder en linguaxe de signos á información relacionada co COVID.

No apartado da aporofobia (a discriminación por ser pobre), podemos dicir que pobreza está moi feminizada. E desde logo a pandemia puxo claramente de manifesto a vulnerabilidade das persoas pobres, incrementando mesmo os fogares que non chegaron percibir ningún ingreso.

Desde a Valeduría, nós tamén abrimos unha investigación de oficio para que, a paralización procedimental dos prazos administrativos que trouxo consigo o estado de alarma, non supuxera a paralización da tramitación das rendas de inserción de Galicia e que mesmo se aceleraran os trámites das novas solicitudes.

Xa para rematar este apartado, podemos falar da discriminación por orientación sexual ou por identidade sexual. Nós, nese senso, tamén abrimos unha investigación para que esa paralización dos trámites administrativos e procesais, non repercutirá nos expedientes ante o Rexistro Civil de cambio de sexo e cambio de nome dos nenos e das persoas trans.

Remato con isto unha exposición que en modo algún é exhaustiva. É meramente indicativa da transcendencia da perspectiva de xénero para analizar a pandemia do COVID e as consecuencias que trouxo consigo.

Únicamente pretende alertar sobre as necesidades de superar a situación xerada pola pandemia, avanzando nunha maior igualdade de xénero, sen que haxa retrocesos.

Resulta oportuno lembrar no remate a Simone de Beauvoir, cando dixo: *non esquezades xamais que bastará unha crise económica, política ou relixiosa, para que os dereitos das mulleres volvan ser cuestionados. Estes dereitos nunca se dan por adquiridos. Debedes permanecer vixilantes toda a vosa vida.* Moitas grazas e con isto póño-me á vosa disposición”.

Coloquio

- **PRESENTADOR:** “Eu quixera facerlle unha pregunta, antes de trasladarlle algunha que me chega aquí, que é un vello debate nos medios de comunicación, e non exclusivo da violencia de xénero... ocorre tamén cos suicidios. Non se debe silenciar esa realidade, pero por outra banda, ás veces, algún compañeiros queíxanse ou teñen dúbidas porque se dan datos demasiado explícitos. É dicir, que se explica con todo luxo de detalles como se produciu a agresión, moitas veces diante dos fillos... é dicir, que papel debemos xogar aí os medios e cal é a posición nese caso concreto?”.

- **MDF:** “Eu penso que os medios de comunicación son fundamentais e, por outra banda, así o veño constatando, para difundir o rexeitamento social que teñen este tipo de condutas. Si que ás veces se dan informacións explícitas, cando por exemplo o asasinato se produce diante dos nenos, pero non é máis que o reflexo da brutalidade da violencia.
Polo tanto, entendo que ese rexeitamento social ven tamén avalado pola inxustiza, a brutalidade, deste tipo de violencia. Realmente, para ir todos a unha hai que dicirlle non ao maltratador, que moitas veces síntese co dereito e cunha razón el, de maltratar, de violentar, para defender un orde social que el pensa que está lexitimado por ese empoderamento tradicional e histórico dos homes. Entón, que os medios de comunicación, na primeira liña, que se fagan eco deste tipo de asasinatos, da súa inxustiza e de toda a súa crueldade, desenmascara ao maltratador.
Hai unha cousa que na práctica forense e xudicial se da: que o asasino da súa parella normalmente non agacha o crime, normalmente entrégase; a diferenza dos outros asasinatos que planifican o crime e o agachan.
Isto, o entregarse era como dicir, *o fixen, porque vós non facedes nada e eu son quen de facelo*. Por iso é tan importante que se poñan de manifesto esa brutalidade e esa inxustiza.
Penso que os medios de comunicación, nese senso, diferenciando claramente cando a vítima é unha vítima de violencia de xénero, diferenciando claramente de que parte está a sociedade, fan un labor de deslexitimación e de repulsa, tanto do agresor, como dese tipo de condutas, que creo que é fundamental para seguir loitando contra esa lacra.
- Algunha pregunta do chat... **MARÍA XOSÉ PORTEIRO**, á que creo que vostede coñece, pregunta que cambios legislativos se derivarán da pandemia...
- **MDF:** “María Xosé, moitas grazas pola pregunta, pero penso que eu non son quen de anticipar esa iniciativa legislativa que traerá consigo a pandemia. Si creo que haberá que incidir nesa consideración, dese recoñecemento, das persoas maiores. Estabamos falando dese decenio 2020-2030, dese programa de Nacións Unidas que evidentemente ten que ser complementado. Tamén hai que avanzar e vixiar como se implementa a lexislación que se ven de aprobar, por exemplo, en materia de teletraballo; tamén aí haberá que estar vixilantes.
E, como xa puxen de manifesto, creo que o traballo de coidados que é fundamental se terá que poñer no centro da reconstrución e ademais haberá que atender a ese relevancia e a esas peculiaridades no traballo de coidados.
E, no ámbito da saúde das mulleres, terán que terse en conta eses factores físicos, biolóxicos e sociais, incidindo por exemplo nesas enfermidades claramente minimizadas, nesas sintomatoloxías que se producen nos traballos moi feminizados, que ás veces non están incluídos no Real Decreto que establece a baremación para determinar patoloxías incapacitantes... moito que facer!”.

- “Pregunta MARÍA MÉNDEZ se cré que hai unha resposta decidida e áxil na súa intermediación das queixas dos cidadáns ante a Administración...”.
- **MDF:** “Estamos falando de igualdade e de violencia de xénero. Un exemplo que xa puxen aquí de manifesto: o luns seguinte á declaración do estado de alarma a nós chéganos a preocupación, trasladada por algún centro de información da muller, sobre que vai a pasaqr sobre esa necesaria presenza das mulleres para solicitar a renovación das axudas. Pois, nin sequera houbo que abrir unha investigación formal. Co contacto telefónico coa Secretaría de Política de Igualdade, a reacción foi inmediata, dirixindo unha instrucción para dispensar desa necesaria presenza.
No tema de violencia, os poderes públicos están actuando. Tamén facía referencia a ese establecemento moi rápido dos servizos de atención ás vítimas como servizos esenciais, a esa instalación dese chat de resposta inmediata (un chat silencioso, para que a muller, que ao mellor non podía chamar desde o seu fogar, poidera comunicar sen que a súa parella tivera coñecemento do que estaba pasando). De feito, incrementáronse esas chamadas a eses teléfonos de atención ás vítimas, se ben no momento do confinamento, parece que as denuncias diminuíron, si que se incrementaron esas chamadas. E desde o primeiro momento, a preocupación e a reacción produciuse, tanto no ámbito das instancias internacionais -Nacións Unidas- e Europeas, como das nacionais e das autonómicas”.
- “Trasládolle parabéns de xente que está a seguir a súa intervención, mesmo desde Madrid, e unha das preguntas é se é unha falacia dicir que o COVID nos fará mellores... o mundo post-COVID vai ser un mundo peor, sobre todo, no que atinxe á muller? Que pensa vostede?”.
- **MDF:** “Eu penso que aínda non estamos no mundo post-COVID e xa se están producindo ámbitos de reflexión, como este mesmo, onde se trata de ver como se pode reactivar e seguir avanzando na causa dos dereitos humanos e dos dereitos fundamentais. Imos dicir que será un mundo mellor. Temos que aprender do que supuxo a pandemia e poñer en valor o positivo e temos que corrixir o que tamén se puxo de manifesto como prexudicial ou negativo”.
- “Trasládolle a última pregunta, porque xa estamos fóra de tempo: só se fala de violencia de xénero entre persoas relacionadas afectivamente, pero para o Consello de Europa esa acepción é máis ampla...”.
- **MDF:** “Si, o trataba un pouco na exposición cando falaba da trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual ou cando falaba tamén da ciberdelincuencia con contido sexual ou sexista. A violencia de xénero, segundo nos di o propio Convenio de Estambul, é a violencia que sofren as mulleres polo feito de ser mulleres. Esa violencia que se manifesta claramente no ámbito da relación de parella ou de ex parella, pero tamén

se manifesta por exemplo nos delitos sexuais, a violación... o violador é un home e a violada, é muller, nunha proporción claramente, claramente, en contra das mulleres. Tamén o acoso sexual, o acoso sexista, ou o acoso por razón de sexo, claramente tamén ten como vítimas ás mulleres. A trata de persoas con fins de explotación sexual tamén incide de xeito desproporcionado nas mulleres e nas nenas. Mesmo a servidume doméstica, que é unha forma contemporánea de esclavitude, ten maiormente como vítimas as mulleres.

Trátase de poñer o énfase en que, por mor destes estereotipos, desa munición ideolóxica, hai un ámbito de violencia que as mulleres padecen e sofren polo feito de ser mulleres. Onte, unha panelista o dicía de xeito tan ilustrativo e é así: uns pais que teñen dous fillos adolescentes ou mozos, fillo e filla, están moito máis preocupados cando a nena regresa a casa pola noite que non cando regresa o neno. É esa situación tamén de vulnerabilidade, que non deixa de ser unha forma de violencia implícita, porque pode que non sexas directamente vítima desa violencia, pero eres candidata a selo por ser muller”.

Panel “Tratamento informativo sobre violencia de xénero en tempos do COVID19”

Miguel Ángel Rodríguez, director de “Diario de Pontevedra”

Fernando González, subdirector de “La Región”

Ana Martínez, directora en Galicia da “Agencia Efe”

Rita Penedo, delegada en Galicia de “Europa Press”

Alejandro López, xefe de Informativos da “Radio Galega”

Moderador: Lalo Pavón, directivo da APG

Currículo Miguel Ángel Rodríguez

Licenciado en CC. da Información pola Universidade Complutense de Madrid. Dirixe “Diario de Pontevedra” desde 2016 e é profesor da Escola Galega da Administración Pública. Traballou na “Cadena Ser”, “Atlántico Diario” e “Xornal Diario”, en Pontevedra, e como delegado, en Vigo. Nesa cidade foi xefe de redacción de “La Voz de Galicia”, onde tamén exerceu como correspondente económico. Responsable de Nacional e Internacional de “Diario 16” en Madrid. Colaborador da “Agencia Efe” e da revista “Eco”. Comentarista en “VTelevisión”, “Popular TV” e “TVG”, e durante 4 anos, consultor de Comunicación.

Currículo Fernando González

Foi coordinador informativo do Gabinete de Prensa da Xunta de Galicia. Na súa faceta radiofónica, exerceu como director autonómico en Galicia da “Cadena Cope”, “Onda Cero” e “Punto Radio”. Ademais, ocupou o cargo de redactor-xefe de Informativos da “TVG”, foi asesor de Comunicación Institucional e Empresarial, columnista de prensa e comentarista político, tanto na radio, como na televisión.

Currículo Ana Martínez

Licenciada en Xornalismo e diplomada en Criminoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Antes de ser nomeada directora en Galicia da “Agencia Efe” traballou durante máis de 10 anos (desde antes de rematar os seus estudos) en varios medios de comunicación escritos e radiofónicos de Galicia. Xunto ao seu labor profesional, destaca pola súa defensa en prol da lingua galega e a súa normalización, no seu desempeño na axencia de novas.

Currículo Rita Penedo

Licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela e máster en Deseño Gráfico Publicitario polo Centro de Formación Especializado ACME. Despois de realizar prácticas en “Onda Cero” e “La Voz de Galicia” en O Carballiño, así como no Gabinete de Prensa da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta, en 1999 incorporouse á redacción da axencia de novas “Europa Press” en Galicia, especializándose en información parlamentaria e política. Desde 2005 é a súa delegada na nosa comunidade.

Currículo Alejandro López

Licenciado en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela, cun ano de estancia na Universidade Carlos III de Madrid. Deu os seus primeiros pasos xornalísticos dirixindo e presentando un espazo en “Cuac FM” e como redactor na “Radio Galega”, primeiro, en prácticas pola Universidade, e logo, mediante un contrato de formación Feuga. Durante un ano dirixiu tamén un curso sobre linguaxes xornalísticos no colexio “Compañía de María”. Posteriormente exerceu como coordinador de Informativos e Multimedia da radio pública galega (“Radio Galega”), para ser nomeado logo xefe de Informativos dese medio.

Intervención Miguel Ángel Rodríguez

“Bos días e encantado de estar aquí con todos vós. Eu quería recoller o argumento da fe que puña Fernando sobre a mesa, para dar unha visión se cadra un pouquiño distinta.

Unha cousa é o recoñecemento do problema, co que eu creo que ninguén pode non estar dacordo, existe un problema, o problema non está resolto e probablemente nos quede un longo camino por percorrer para ir resolvendo pouco a pouco as dificultades.

Pero, polo que atinxe á nosa profesión, a miña experiencia, logo de 35 anos traballando en distintos sitios, de verdade que, nunca como agora, se abriron tantos debates nas propias redaccións, e tense -ou inténtase ter- tanto coidado á hora de tratar informacións tan polémicas como a que nos ocupa hoxe.

Creo que hai unha vontade xeralizada, insisto, con todos os problemas do mundo e cada medio temos os nosos (sei que non chegamos a todo o público, pero a nosa responsabilidade está con noso público, o que sexa). E actos como este son outro recoñecemento explícito de que preocupa e ocupa á profesión xornalística traballar dentro do problema, para ser parte da solución a ese problema.

Quero deixar unha mensaxe de que a lo menos estamos nun bo camiño, do cal quedan moitísimos kilómetros por percorrer, con moitísimo coidado, con moitísimos erros, e probablemente con algunhas carencias.

Eu son firme partidario de medirnos, de controlarnos, de non falar por sensacións de que se está a falar ben ou mal, pouco ou moito, de segundo que cousas. Hai que medilas. Hai que traballar medindo o que facemos ben e o que facemos mal, para corrixir mellor. E hai que ter regras que xeralicen as prácticas xornalísticas e que nos vullan para todos... porque tamén teño a sensación de que, coa mellor vontade, cada un está facendo o que cre que é mellor.

Hai pouca profundidade nesa xeralización das normas, das regras, das pautas de comportamento.

Insisto, situacións como as que nos ocupan hoxe aquí, nun debate deste tipo, son unha boa mostra de que a lo menos temos unha preocupación. Supoño que as vontade ven de seu, non creo que haxa ninguén disposto a traballar do lado equivocado en temas como o que nos ocupa hoxe.

Probablemente, a precariedade da profesión hoxe en día non sexa o mellor aliado para facelo mellor ou para facelo con maior profundidade ou máis a tempo. Pero, tanto as novas xeracións, ás que se refería Fernando, como os máis veteranos, sinceramente creo que estamos máis concienciados que nunca en que temos un papel dentro deste escenario terrible, non só xa da violencia machista, senón da propia loita feminista e da propia conquista da igualdade.

Penso que temos unha concienciación que non vin nos últimos 20 ou 30 anos, e que si estou vendo dos últimos 10 ou 5 anos a esta parte. Polo tanto, o deixo aí e entramos a polemizar todo o que queirades”.

Intervención Fernando González

“Primeiro teño que dar as gracias por ser convidado a este panel e sentirme orgulloso de ser parte da Asociación de Periodistas de Galicia, por que sexamos capaces de montar este tipo de congresos, de convencións, de seminarios...

É un labor importante, que convén que non descoidemos en ningún momento, nin sequera, nos tempos difíciles da cólera chamada COVID. Que non nos bote para atrás esa situación para organizar este tipo de eventos.

Creo que está case todo dito, que todos temos claro que co confinamento -eu non falo tanto da COVID, senón do confinamento- reduciuse moi sensiblemente, como xa se constataba con datos, o número de denuncias por violencia de xénero, incrementáronse as chamadas ao 016, pero todos temos claro que a violencia como tal, obviamente, non desapareceu.

Pola contra, é probable (temos claro tamén todos isto) que as vítimas habituais dese tipo de comportamentos se sentisen indefensas, pechadas durante 24 horas, 7 días á semana, cos seus agresores, os seus maltratadores.

O que non se podía, ou non se vía a capacidade, era a denunciar ou a acudir aos recursos institucionais, que os hai, e dos que se podería dispoñer. Así, se os demandasen nunha situación normal eses servizos funcionarían perfectamente, pero no caso desta situación anómala, estaban aí, pero non podían ser utilizados.

Remarquémolo, o estado de alarma, e sobre todo o que levou consigo, o confinamento, deixou en suspenso todo o bo que podía ter a nosa vella normalidade. Por certo, nunca pensei que vivía na normalidade ata que me din conta de que hai agora unha nova normalidade que é distinta da normalidade anterior.

Con esta ruptura da normalidade, co confinamento e co estado de alarma, acentuouse todo o malo que pode haber nos comportamentos sociais, aínda que hai quen quere ver -e sen dúbida pode velos-, aspectos de bo comportamento.

Creo que sobran exemplos das dúas cousas, pero eu quédome, ao mellor pola experiencia, cos aspectos negativos que acentuou esta pandemia e o confinamento (o vou repetir varias veces, porque en ocasións esquecemos que estivemos tres meses confinados, practicamente pechados nas nosas casas; o que para algunha xente ata puido verlles ben porque estaban pouco na casa, pero, para outros, que padecen problemas, foi algo terrible).

Eu creo que funcionou, xa o vimos, a *policía de balcón*, denuncias entre veciños por incumprimento das restricións -houbo algunhas, espectaculares-, pero ese tipo de denuncias rara vez se producen canco hai sospeitas de malos tratos, violencia... ninguén escoita nada, ninguén ve nada, ninguén sospeita nada, ata que se produce, ás veces, o fatal desenlace, a intervención policial, a morte da vítima, que entón si que parece que hai algún veciño que di: eu xa sospeitaba... Se sospeitaba, porque non fixo algo ao respecto.

Debeu de ser un calvario para moitas mulleres e para os seus fillos, calvario que non contamos nos medios de comunicación, porque a pandemia como tal, ocupaba todo o espazo mediático.

Recoñezámolo, porque creo que temos que recoñecelo, calquera traxedia que non foran os mortos, os contaxiados, os hospitalizados, as cuarentenas,..., parecía que era menos traxedia. Ou sexa, que podía ter menos interese informativo que a propia pandemia e ser menos atractivo, e iso tivo as consecuencias que todos sabemos.

Eu dou fe, tanto pola parte que me toca como informador, como de consumidor voraz, como éramos todos nese momento, de todo tipo de produtos informativos, de que esas cousas que non fosen pandemia tiñan menos tirón.

Se cadra a algúns chamarlle produtos informativos era bastante pretencioso, porque houbo momentos nos que nalgúns medios de comunicación, sobre todo, audiovisuais, faltaba bastante de información con rigor, como dicía Rita.

Penso que o ditoso COVID19 fixo moito dano na médula espiñal do xornalismo e deixou moitas estruturas básicas deste oficio, e do sistema de comunicación, moi tocadas.

Tamén o dicía Rita, e iso o comparto absolutamente, que o teletraballo (que nalgúns casos, non digo que non, evitou que deixasen de saír os xornais, evitou que se deixasen de facer programas de radio e televisión, limitadamente, ou permitiu que os medios dixitais poidesen funcionar con bastante normalidade) illou aos xornalistas en canto equipo -Rita o dicía-.

Esta cousa de non poder falar mentres tomas un café ou algo, ou mentres preparamos o plan de traballo do día, de non poder intercambiar opinións e puntos de vista e aportar cada quen ao seu modo de ver o que é a actualidade e o que non.

Eu creo que nos distanciou das fontes, non hai que esquecerlo, e mesmo, ao mellor é moi forte a expresión, deshumanizaounos un tanto, deshumanizou o noso traballo.

Pero eu quero concluír dicindo que teño fe na capacidade de recuperación deste oficio -son bastante inxenuo, hai que recoñecelo-, e sobre todo teño moita fe (non me queda outra, chegado á miña idade) nas novas xeracións de xornalistas. Tamén porque maioritariamente hoxe, o xornalismo está en mans de mulleres, polo menos o xornalismo de a pé, de facer o produto informativo do día a día... logo xa nas estruturas, en fin, habería que falar doutra cousa.

E, se está en man de mulleres, por fortuna, eu creo que non hai que explicarlles que a perspectiva de xénero, o que ten que ver coas políticas de igualdade, etc, vai de seu nelas, que teñen unha clara conciencia diso.

Tamén se falaba da diferenza de idade e a dificultade de entender certas cousas, como os fenómenos modernos como ciberacoso, todos os problemas que teñen que ver coas redes, o whatsapp, etcétera. Algo que para a xente nova non é problema, por fortuna, e por iso teño fe en que en algo se poida mellorar.

E eu espero, remato con isto, que todos teñamos aprendida a lección; a lección do que foi o momento máis duro da pandemia e do confinamento.

Se isto repítese, pido eu que nos comprometamos a evitar que se confinen os dramas, os problemas, que deberíamos coñecer todos para intentar poñer remedio. Hai que evitar que se confina a verdade da vida e o que de verdade nos ten que importar. Moitas gracias”.

Intervención Ana Martínez

“Boas compañeiros. Primeiramente, espero que todos gocéis dunha estupenda saúde. Sento non poder compartir este día con vós, pero un acto inaprazable require a esta mesma hora a miña presenza na Coruña.

Quería agradecer á nosa presidenta, María Méndez, a comprensión, que me permitirá remitir este texto para que EFE estea aí, como sempre, e a súa preocupación polo incendio que afectou ao edificio no que se encontra a nosa oficina. Nese sentido, María chegou ofrecernos instalacións para poder traballar como na nova normalidade.

Con esa actitude e dedicación, a cita que nos ocupa, *Medios de Comunicación en Tempos de COVID19*, aparte de necesaria, será un éxito.

Malia que os medios de comunicación levamos bastante enriba neste 2020 por unha crise sanitaria que monopoliza os resumes do ano, a lacra machista necesitaba o seu espazo. Non se pode ir de puntillas por esa cuestión.

Por iso, desde *Nacional*, en colaboración coas delegación, impulsouse unha serie coa intención de tocar todos os paus. Radiografía, leis, vixilancia policial, detección, o proceso de reparación, os silencios difíciles de rachar...

En España, 2,8 millóns de mulleres sufriron violencia sexual e máis de 4 millóns, agresións físicas. A máxima expresión da violencia de xénero, o asasinato machista, acabou coa vida de 1.074 persoas desde 2003, máis de 40 no que vai de 2020, un ano no que a pandemia agrabou as situacións de malos tratos.

Violencia física, psicolóxica, sexual, económica, obstétrica... Se ben este país foi pioneiro e referente mundial na loita contra a violencia de xénero no ámbito da parella e exparella, aínda ten pendente, como temos contado -pois, así o cremos-, o recoñecemento do resto de vítimas de violencias machistas, un compromiso que adquiriu España ao ratificar en 2014 o Convenio de Estambul.

Unha débeda que se pretende saldar nesta lexislatura a través de de distintos proxectos normativos, como a Lei de Garantía da Liberdade Sexual, coñecida como a lei do “só o si é si”; a lei contra a trata, ou a reforma da lei de interrupción voluntaria do embarazo, na que se incluírán os ventres de aluguer, as esterilizacións forzosas ou os abortos forzados.

Ante o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller volvimos a situar nesa primeira liña ese Convenio de Estambul, que establece que a violencia contra a muller é unha violación dos dereitos humanos e que os estados son responsables se non respostan e a combaten de maneira adecuada.

E especifica algo fundamental, que esa violencia se pode manifestar de distintas maneiras: violencia física, psicolóxica e sexual, mutilación xenital feminina, matrimonio forzado, acoso, aborto forzado e esterilización forzosa.

Prestamos tamén especial atención ao labor das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, pola súa atención máis cercana que nunca, pois temían que o confinamento cos agresores agudizase o risco e ocasionase un aumento das agresións.

A comisaria María Jesús Cantos, nova responsable do seguimento policial ás vítimas de violencia de xénero Viogén, malia todo, contounos nunha entrevista

que, a pesar dos temores, non se produciu unha explosión da violencia máis grave, pero si un crecemento dos episodios menos graves e da violencia a nivel dixital.

Outra pata na que afondamos é o labor dos médicos de Atención Primaria, que redobraron esforzos para facer do centro de saúde un lugar de detección e seguimento de casos.

Non en van, ninguén como o médico de cabeceira da muller e de toda a súa familia durante anos, para identificar os sinais de alarma, detectar a situación de risco e acompañar á vítima no acotío longo proceso, desde antes de atreverse a denunciar, ata que consegue saír.

Recuperarse da violencia de xénero esixe reconstruír unha vida que foi devastada por un *tsunami*, un camiño de reparación complexo, que algunhas vítimas emprenden desde cero, en ocasións xunto aos seus fillos, nos poucos centros de atención e recuperación integral que hai en España.

Á anguria do maltrato uniuse esta vez a ansiedade pola precariedade da situación causada pola crise do COVID19.

Inés fixo moito pola visibilidade. Compartiu o seu duro testemuño con nós. O seu home intentou matala tres veces e sufriu insultos e palizas durante trinta anos. Foise do pobo á cidade. Ela foi unha desas mulleres dos pequenos municipios, maltratadas durante anos, ou décadas, por maridos ou parellas, na maioría dos casos co coñecemento de todo o contorno, que puido poñer fin ao seu calvario.

A verba medo foi como un mantra na súa vida desde que tila vinte anos. Medo a enfrontarse a el, a separarse, a denunciálo, ao que sería das súas fillas. Aínda hoxe segue a recibir axuda profesional.

Pero, por sorte, actuou. Botou a cortina, entre a rabia e a resignación, entre a dor e o alivio. E, ben... hai pouco máis que engadir, verdade?”.

Intervención Rita Penedo

“Bos días a todos. Espero que todos esteades ben de saúde tamén, nestes tempos de tanta incerteza, tanta incertidume.

Quería empezar contando que, dos primeiros traballos que encarguei unha vez que se decretou o confinamento o pasado mes de marzo, foi pedir a elaboración dunha guía á que todos os compañeiros tivéssemos un acceso áxil e ordenado con todos os teléfonos relacionados que poderíamos necesitar ante un asasinato machista.

Eran tempos de incerteza e non sabiamos como ía resultar iso do teletraballo, co que temía que non fôsemos capaces de reaccionar dun xeito áxil e coordinado ante un caso de violencia machista.

Todos eramos conscientes de que para as mulleres que sufrían violencia de xénero, violencias machista, o peche obrigado que para nós ía ser duro, para elas sería un inferno que podería ter consecuencias fatais ao estar condenadas a vivir cos seus maltratadores.

Pasaron os días e en Galicia durante o confinamento non tivemos que afrontar ningún asasinato machista por sorte (durante o confinamento), pero non nos enganamos agora, nin nos enganabamos entón: todos sabíamos, e sabemos, que as mulleres que sofren violencia machista, son das grandes vítimas do confinamento; e por enriba, o estaban vivindo en silencio, á beira dos seus maltratadores. Como atravesar os muros do fogar, cando tiñan a seu maltratador á beira e case nin podían coller o teléfono para pedir auxilio, porque podían ser escoitadas?.

Aínda que os datos en España confirman un menor número de denuncias nos xulgados especializados en violencia de xénero, en violencia machista, desde que comezou o estado de alarma, sí se produciu un aumento de chamadas ao 016.

En Galicia, outro tanto: as chamadas ao 016, o teléfono de atención a vítimas de violencia de xénero, aumentaron máis dun 14 por cento entre xaneiro e setembro do 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior.

Os expertos achacan a baixada dos asasinatos precisamente a un maior cara á vítima e ademais hai o factor da crise económica. Moitas das vítimas dependen economicamente aínda máis das súas parellas nunha situación tan complicada como a que estamos vivindo.

Nun artigo publicado por *ONU Mulleres* afirmábase que *a enfermidade Covid-19 converteuse na situación perfecta para exercer un comportamento controlador e violento no fogar*.

Máis de 40 mulleres foron asasinadas as súas parellas ou exparellas en España no que vai de 2020, durante os 99 días de confinamento oficial en España (do 15 de marzo ao 21 de xuño), a lo menos foron asasinadas 5 mulleres a mans das súas parellas.

Ante esta realidade que todos sabemos que existe, cal debe ser o tratamento informativo desta lacra en tempos de Covid?.

Fácil na teoría: contando o aumento das chamadas ao 016 mencionado e, sobre todo, eu penso que facendo unha vixilancia exhaustiva de que a prestación de servizos que poidan precisar as vítimas, ademais das liñas telefónicas de axuda, os centros para a atención, os refuxios, a asistencia xurídica e os servizos de protección, non se reduzan aínda máis.

Creo que esa sería unha das grandes contribucións que os medios de comunicación temos que facer para axudar ás vítimas da violencia machista: ser os vixilantes de que teñen todos os medios posibles ao seu alcance para poder pedir auxilio, ser asistidas e poder saír dese inferno.

Por suposto, ese labor de deslexitimación do maltratador da que falaba a Valedora e darlle voz ás propias vítimas.

Pero, o que é fácil na teoría -eu fago autocrítica-, vexoo difícil na práctica. As redaccións, polo menos da cal eu formo parte, atopámonos desbordadas de traballo e nunha situación nova, na que o teletraballo domina, pero a distancia, ademais de complicar a coordinación, tamén elimina o nutritivo debate que se adoita dar nas redaccións sobre os temas que debemos abordar.

Digamos que estamos un pouco máis a salto de mata. Improvisamos un pouco máis porque hai convocatorias de última hora... é todo un pouco caótico.

A realidade, é que estamos tan desbordados co traballo do día a día que, eu teño que recoñecer, que non somos capaces de abarcar todo o que quixéramos abarcar e facelo todo o ben que quixéramos facelo; e unha esfera que é fundamental no xornalismo: a responsabilidade social do xornalismo en canto á violencia machista e a loita pola igualdade de xénero.

Non só de forma puntual, cando se produce un desenlace fatal ou coñecemos que houbo unha agresión porque interviron as forzas e corpos de seguridade. Nese caso a cobertura está garantida... volcámonos.

Refírome a algo máis do día a día, a ese labor de control, de vixilancia, para que as vítimas teñan acceso aos medios que necesitan para cortar cos abusos.

Logo, outro tema de autocrítica: a casualidade fixo que Diego Armando Maradona falecese o 25 de novembro, o Día Internacional Contra a Violencia de Xénero. Con que información abriamos os principais medios de comunicación de España e do mundo? Morrera un xogador de fútbol, arxentino, drogadicto e implicado en casos de violencia contra a muller.

Os medios dicímoslle aos cidadáns a través da priorización de noticias que é o realmente importante e merece a nosa atención. Ese día dixémoslle á sociedade que o que merecía a súa atención é que morrera un deportista extraordinario, si, pero dubido moito que fora un exemplo en nada máis.

Outra das preguntas que se fai este congreso é se a crise da covid está a relegar a igualdade e a violencia de xénero na atención informativa: eu penso que si. Non decae a atención informativa sobre a violencia machista cando hai unha morte ou unha agresión que transcende, porque como comentaba, interveñen os corpos de seguridade. Digamos, cando a violencia machista sae dos muros desa casa.

Pero o seguimento diario desta lacra e da loita pola igualdade de xénero eu teño que recoñecer que sí quedan relegados. Que o intentamos, pero non estou satisfeita, non damos abasto”.

Intervención Alejandro López

“Eu creo que boa parte do éxito que poidamos extraer deste encontro, ten que ver tamén con esta autocrítica permanente que estamos facendo, porque é implícita a reivindicación que cada un fai do seu propio medio nesta cuestión.

Un dos asuntos que eu teño reflexionado e traballado permanentemente é que seguimos sen chegar a ese sector da poboación que realmente pode mudar este problema. Agora mesmo, a porcentaxe que significa a poboación de entre 14 e 34 anos no consumo dos medios de comunicación tradicionais e non tradicionais, segue sendo mínimo... 8 por cento, 10 por cento, 12 por cento, se nos referimos a prensa, radio e televisión, en contidos xerais, pero nin sequera en contidos informativos.

Nestes momentos temos un problema claro de vínculo cun sector da poboación que é fundamental, se temos unha mínima pretensión de mudar a sociedade, ou mínimamente a sociedade, de aquí a 5, 10, 15 ou 20 anos.

Cal é a radiografía desta porcentaxe da poboación relevante a días de hoxe? A debuxan algúns estudos, con máis ou menos rigor, pero que advirten datos que son preocupantes tamén, como a consideración por case o 50 por cento da poboación nova de que non significa violencia controlar o teléfono móbil da túa parella; a consideración de que, aproximadamente o 30 por cento da poboación nova entende que controlar o vestuario ou os costumes da túa parella, non significa violencia.

Esa reflexión vai máis alá, e son palabras maiores, cando falamos do libre e estendido acceso á pornografía a través do teléfonos móbiles por parte da xente máis nova. A media de idade de acceso a contidos pornográficos está situada en 12 anos.

Máis alá do acceso ou non, que quizáis é un debate distinto e para un foro doutras características, si é interesante coñecer que un 45 por cento aproximadamente da xente nova consultada, entende que a prostitución non é violencias machista; é ocio ou é mesmo un traballo.

Con todas esas consideracións, que non deixan de ser unha batería de reflexións sobre as que habería que afondar moito para ser rigoroso, é certo que a pregunta que nos facemos é que estamos a ofrecer a ese sector para mudar as súas interpretacións sociais, e en consecuencia mudar tamén, a continuación, a grande eiva que ten esta sociedade eco que significa a violencia machista. E a resposta é nada, probablemente.

É inxusto, seguramente, porque non se pode xeralizar con algo así, pero a resposta está bastante próxima a nada. Non porque non existan formatos que non cheguen á xente nova -evidentemente, existen-, pero a pregunta clave é se eses formatos e eses programas trasladan valores que contrarresten estas porcentaxes que eu veño de expoñer.

Evidentemente existen, e é un éxito para eses medios de comunicación que existan, pero o debate é se están trasladando os valores novos, ou están trasladando valores que estamos cuestionando en foros coma este.

Eu creo que non estamos facendo dúas cousas ben: a primeira é non chegar á xente máis nova con maior precisión e maior concreción; e a segunda é non informar ao resto da sociedade disto que sucede. Creo que non é por mala intención, nin sequera por falta de tempo. Penso que obedece a un descoñecemento por parte das redaccións actuais do que significa o acoso en idades máis novas.

Seguramente por unha cuestión xeracional existe un descoñecemento en redaccións que teñen unha media de idade de 50, 52, 54 anos, do que significa o acoso en *tik-tok*, ou o que significa o acoso a través de *whatsapp*. Acoso que se incrementou tamén ao longo da pandemia, e aquí ven o concepto do COVID19, porque evidentemente todo o que non funciona ben, cando chega algo tan forte como o COVID19, iso funciona peor.

O acceso libre a un teléfono móbil é perigoso, probablemente, en determinada idade dúas horas ao día; durante 24 horas pode ser demoledor.

Por iso hai estudos que xa constatan ese incremento do acoso, digamos, telemático, por dicilo dalgunha forma.

Quizáis sobre ese asunto non se está informado coa importancia ou a relevancia que ten. Eses temas quedan relegados moitas veces a encher informativos na fin de semana ou noutros espazos festivos.

Pero, un dos asuntos para min prioritarios neste debate é como mudar a sociedade no que se refire á violencia machista desde os medios de comunicación.

A conclusión é que, se non conseguimos chegar, con esforzo, a ese colectivo, todo o demás está moi ben -é un esforzo que hai que valorar e aplaudir-, pero ten pouca transcendencia real”.

Coloquio

- “**MARISA MORÁN** apunta que os puntos de violencia de xénero non deixaron de funcionar e atender en ningún momento, foron considerados servizos esenciais e seguiuise atendendo ás vítimas; e **MARÍA MÉNDEZ** pregunta se se vai recuperar o interese informativo pola igualdade de xénero cando decaía a pandemia”.
- **MAR:** “Eu penso que si. Gustaríame pensar que temos claro o que hai que facer e o que non hai que facer e que, en canto poidamos, en canto nolo permitan as circunstancias, en canto nolo permita a precariedade da situación que temos os propios medios de por si, ímolo facer. Estou absolutamente convencido de que si”.
- **AL:** “Comparto que si e creo que non decaeu ese interese informativo, o que quizáis si decaeu foi o escaparate desas informacións, pero a óptica

de xénero segue presente con esa inqueda e coa mesma autoesixencia nas redaccións”.

- **RP:** “Eu estou dacordo en que o interese non decaeu. O interese mantívose. O problema é que precisamos outras circunstancias para materializar... para facer un seguimento a diario; non puntual só dos casos que trascenden, senón para desenvolver a nosa responsabilidade social. Pero o interese creo que está nas axendas xornalísticas fóra de toda dúbida. O problema é que non somos quen de abarcalo”.
- **FG:** “Comparto absolutamente todo o que se dixo ata agora, ese interese existe e vai seguir existindo, pero o que me preocupa en xeral e que volva unha certa normalidade ao traballo do xornalismo, porque eu creo que hai xente que pretende que este distanciamento, relación coas fontes, que xa viña tamén de antes, quede ata certo punto, para non ter que mirar de fronte, de cara, cunha persoa que che pregunta, repregunta... iso preocúpame moito porque hai xente que empezar a crer que esa nova normalidade non lle convén”.

Conferencia “Como influíu a menor atención informativa sobre a violencia de xénero nos tempos do COVID19?”

Ángeles Carmona, presidenta do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX)

Presentador: Lois Caeiro, membro Consello Asesor da APG

Currículo Ángeles Carmona

Letrada da Administración de Xustiza desde 1994, destinada desde 2009 no Xulgado de Violencia sobre a Muller número 3 de Sevilla. Foi xefa da Unidade de Coordinación Territorial de Violencia de Xénero da Delegación do Goberno en Andalucía. Vocal do Consello Xeral do Poder Xudicial desde 2013, e desde 2014, presidenta do “Observatorio contra la Violencia Doméstica y de Género” do CXPX. Participou como especialista en múltiples comisións, ponencias, congresos, publicacións... Atesoura una grande cantidade de recoñecementos, entre os que compre salientar o premio Puñetas de Plata ao Observatorio que preside, polo seu labor institucional e o seu empeño por acadar un pacto de Estado contra a violencia de xénero en 2018.

Conferencia Ángeles Carmona

“Moitísimas gracias. Para min é unha grande honra estar hoxe aquí. Felicito a todas as persoas que fixeron posible este encontro tan importante da Asociación de Periodistas de Galicia e dou a noraboa a todas as persoas que participaron pola súa sensibilidade, pola súa concienciación na loita contra a violencia de xénero e permítanme que lle dea a noraboa á secretaria xeral de Igualdade, a miña amiga Susana, polo seu traballo e esforzo, porque leva tantísimos anos aí, en Galicia, intentando curar as feridas de todas as vítimas de violencia de xénero.

Dito isto, tocoume falar dun tema moi interesante: que pasou coas vítimas de violencia de xénero durante a pandemia.

Traballo nun xulgado de violencia sobre a muller en Sevilla e podo dar fe do que ocorreu co tema de violencia de xénero e, sobre todo, despois de analizar todas as estatísticas e informes que fixemos no Observatorio da Violencia de Xénero sobre que situación tan terrible tiveron as mulleres e que repercusión tivo iso nos medios de comunicación.

Vou intentar compartir un power point que elaborei a partir de moitas noticias que vimos nesta época do confinamento, tamén despois, na época da desescalada, e eu creo que é importante sinalar...

Estiven escoitando algunha das intervencións xusto antes da miña, nas que gustoume moito ese exercicio de autocrítica que fan os profesionais da comunicación. É realmente escraredor e indicativo deste compromiso que existe.

Quero rachar unha lanza polos profesionais, polos medios, por esa evolución que se está vendo nos últimos anos, no que se refire ao tratamento das noticias da violencia de xénero e, en xeral, da desigualdade de xénero.

Vou tratar de dar unha visión sobre que sucedeu nos tres meses de confinamento, durante esta etapa que vai desde o 13 de marzo ata o 14 de xuño deste ano.

Contabilizamos cinco asasinatos de muller e dous asasinatos de nenos e nenas por violencia de xénero. En todo o ano 2020, 42 mulleres perderon a vida e tres nenos. Desde que levamos facendo estatística, desde o ano 2003, 1.074 mulleres perderon a vida.

Hai que ter en conta que neste período, o mesmo período de marzo a xuño en 2019, houbo 14 asasinatos; en 2018, 13; e en 2017, 11. Non obstante, este ano, cinco e dous de nenos menores de idade.

Son uns datos moi significativos que nos fan ver, analizaremos agora todas e cada unha das circunstancias destes asasinatos, pero é importante que saibamos a situación tan terrible que tiveron que pasar mulleres que, engadindo á súa situación de violencia de xénero esa situación de crise sanitaria, deste medo polo coronavirus, en moitas ocasións non puideron pedir axuda, non puideron ir a denunciar, non puideron nin sequera contar o que lles estaba pasando, posto que estaban controladas as 24 horas do día polo seu maltratador dentro do seu domicilio.

Aquí están todos os asasinatos que ocorreron durante a época do confinamento: unha en Almanzora, en Castellón; 35 anos tiña a muller, foi asasinada diante dos seus fillos, os seus dos fillos menores de idade, non había denuncias previas e sucedeu no domicilio; o segundo foi nas Palmas de Gran Canaria, 78 anos tiña a vítima; outro foi en L'Escala, en Girona, outra muller con 64 anos; en Esplugues

de Llobregat, o 30 de abril, e en Úbeda, o 15 de xuño, que foi o caso no que foi asasinada a muller xunto cos seus dous fillos, menores de idade.

Estes son algúns dos recortes de prensa que saquei das noticias deses asasinatos, Vimos, e co ánimo de rachar unha lanza polo labor tan impresionante e tan importante que fan os medios de comunicación neste tema, algún erro que se seguen repetindo, como son por exemplo amosar o cadaver saíndo do domicilio da vítima, incluír a noticia na sección de *Sucesos* -xa veremos logo cales son as recomendacións que se fan no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero-...

Non obstante, vimos tamén titulares que denominan moi ben a estes incidentes como *violencia machista*, e que poñen o acento sobre o propio asasino (*Un home con antecedentes acoítela á súa parella*), en fin, vimos tamén outros titulares de prensa nos que absolutamente sempre, en todos os casos, se refire, sobreimpresiónase o 016, o número de atención ás vítimas de violencia de xénero.

Vimos como, na época do confinamento, se elevou enormemente o número de consultas ao 016 e iso é, nin máis nin menos, un enorme éxito dos medios de comunicación, que sempre ofrecen esta información; este servizo que as mulleres poden utilizar e que en moitas ocasións salvan vidas, porque o servizo remite directamente á muller aos servizos de asistencia, tanto da Policía, como de órganos xudiciais, para que poida pedir axuda.

Estes son outros dos titulares, precisamente sobre o asasinato de Esplugues de Llobregat, nos que se pon o acento tamén no asasino (*Un home mata á súa muller en L'Escala antes de quitarse a vida*).

É verdade que, nas ocasións nas que hai suicidios, sempre se da esa información, é importante. Ás veces esa información sobre se se suicida ou non pode dar a sensación e pode facer trasladar á audiencia que a meirande parte dos asesinos suicídase, pero non é certo. Tan só o fan entre un 15 e un 20 por cento dos asasinados por violencia machista. Pero é verdade que poñer o acento no maltratador, no asasino, é moi boa noticia para un titular.

Aquí, neste outro titular tamén se inclúe a noticia no espazo de *Sucesos*, o cal para nós é un erro. Desde todos os decálogos e desde o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero sempre se intenta divulgar que a violencia de xénero é unha lacra, algo que convive con nós, pero que non é un suceso, un feito illado, e que non é algo que deba incluírse como unha noticia de algo que é incontrolable, algo que non podemos paliar ou atallar. É un problema da nosa sociedade que nos afecta a todos e a todas.

Igualmente estoutro titular sobre o terrible asasinato de Úbeda, no que foi asasinada unha muller e os seus dous fillos... é importante tamén dar visibilidade ao sufrimento que os nenos menores de idade teñen coa violencia de xénero.

De todos eses asasinatos cales son os trazos comúns: primeiro, todos ocorren no domicilio. Nos estudos que facemos nós no Observatorio, vimos que o 81 por

cento dos asasinatos se producen no domicilio da vítima. Podemos facernos unha idea do calvario, ese escenario do medo do que fala o Tribunal Supremo, que deberon de pasar esas mulleres, sen poder saír da casa; xusto no lugar onde di o Tribunal Supremo que se supón que tes relaxados todos os teus mecanismos e ferramentas de defensa, é xusto onde ocorren os crimes.

E na época do confinamento, precisamente, sen poder saír de aí. Ás veces sen nin sequera poder pedir axuda, porque o maltratador está a controlar continuamente as túas chamadas, as túas saída... pois, precisamente aí é onde vimos a dificultade das mulleres de pedir axuda.

Xa nos di o Tribunal Supremo nesa sentenza esa *especial crueldade destes asasinatos que se producen nese escenario do medo*, está perfectamente descrito. No lugar onde se supón que tes que estar en situación de relaxamento e de intimidade, é onde se produciron os cinco asasinatos.

Temos que analizar tamén como se cualifican estas mortes. Cando as asociacións de mulleres moitas veces se manifestan e din, *non nos matan, asasinannos...* teñen razón, porque os órganos xudiciais cualifican nunha porcentaxe altísima estas mortes, non como homicidio, senón como asesinato.

Porqué? Pois, porque teñen unha especial culpabilidade. Ademais de apreciarse a alevosía de xénero que é unha construción doctrinal do Tribunal Supremo, precisamente porque se producen con especial alevosía no lugar no que estamos relaxados e no momento de relación de parella no que temos máis relaxados os mecanismos de defensa.

Precisamente, esta sentenza do 2017 fala dese tipo especial de alevosía, alevosía convivencial ou alevosía de xénero.

Que relación mantiñan a vítima e o agresor? En todos os casos mantíñase a relación matrimonial ou de parella. Cando a muller tomaba a decisión de deixar a relación afectiva, precisamente polo maltrato ao que estaba sendo sometida, é o momento no que o maltratador non asume, non dixere esa decisión da muller que quere ter unha vida independente, que quere saír dese círculo da violencia, que quere reconstruír a súa vida, e é nese momento no que se producen a maioría dos asasinatos.

E nos casos do confinamento, nos cinco se mantiña a relación conxugal ou de convivencia. Precisamente, nestes estudos vemos como o 41 por cento dos asasinatos se producen cando a muller anuncia a súa decisión de separarse. Hai un *continuum de violencia* no 23 por cento dos casos, carácter ciومتípico ou sospeitas de infidelidade, no 16 por cento, e no 20 por cento non consta nas sentenzas.

Que nacionalidade tiñan?. Todos eran españois, agás unha parella (creo lembrar que eran belgas). A inmensa maioría das mulleres asasinadas en España son españolas, igual que a maioría dos asasinados son españois e iso o visibilizamos porque queremos erradicar esas falsas lendas sobre que a violencia de xénero

só se da entre estranxeiros, que é unha cousa que pertence a outras culturas, é como consecuencia da inmigración... non é verdade.

Por iso é importante que o medio de comunicación, cando o asasinato se produce entre persoas estranxeiras, sempre da ese dato é pode dar a sensación de que todos son estranxeiros. Non é certo.

É verdade que ás veces vemos titulares do tipo *Home marroquino asasina a unha muller estranxeira, ou arxelina*, pero nunca hai por exemplo un titular como *Unha muller sevillana é asasinada por un home madrileño*.

Nos nosos estudos vimos que nun 25-30 por cento as mulleres asasinadas son estranxeiras, que aí é verdade que hai unha especial vulnerabilidade das mulleres estranxeiras, porque están sobre-representadas no que se refire ao número de poboación de porcentaxes en España, pero o certo e verdade é que o problema de violencia de xénero afecta a os españois.

Cal é a idade media das vítimas que foron asasinadas?. A idade media é de 42 anos, a que normalmente adoitamos a ver nos últimos estudos que fixemos. É verdade que houbo un ano, que foi o 2016, na que baixou a idade media moi considerablemente, porque foi asasinada unha nena de 14 anos e outra nena de 18, o cal nos alertou enormemente, fíxonos reflexionar moito sobre que é o que está pasando coa violencia na adolescencia.

Cada vez vemos máis nenas moi novas, menores de idade, que están denunciando violencia de xénero en parella; cada vez inician relación afectivas máis novas; mulleres e nenas que non están previstas, non están educadas para identificar cales son os primeiros sinais de violencia.

Niso os medios de comunicación tedes moitísimo que facer, porque hai que facer moito en educación, e non só nos centros educativos, tamén dentro das familias e dentro dos medios de comunicación.

En que territorios estamos vendo que ocorren estes asasinatos? Pois, na pandemia, en Cataluña, Valencia, Canarias e Andalucía.

A taxa de asasinatos de todos estes anos, de 2003 a 2018, a teñen aí, destacan polas cifras, tanto Baleares, como Canarias, onde hai un índice maior de asasinatos tendo en conta a poboación, se quitamos que hai máis poboación circulante, máis turismo nesas illas. Pero si é certo que, polos estudos que fixemos, en absolutamente todas as provincias de España houbo asasinatos, e só houbo menos en dúas delas. É dicir, non hai ningún territorio en España que estea libre de violencia de xénero e, sobre todo, da violencia de xénero máis cruel, que son os asasinatos.

O 72 por cento dos asasinatos se producen en poboacións de menos de 100.000 habitantes... isto tamén é moi importante para os medios de comunicación.

En calquera territorio, por moi recóndito que sexa, é necesario levar todos os recursos, toda a información a través dos medios, que todas as mulleres saiban

que existen moitísimos recursos asistenciais, que moi perto dos seus domicilios hai un cuartel da Garda Civil, da Policía Nacional, hai un órgano xudicial, un concello onde que seguro hai unha unidade dedicada a protexer ás mulleres da violencia de xénero...

E isto en Galicia é realmente trascendental pola especial ruralidade que existe; é dicir, a ruralidade é un indicador de vulnerabilidade de sufrir violencia de xénero máis grave.

Cal é a reacción do asasino nestes cinco casos? Houbo dous suicidios, dúas detencións e unha entrega voluntaria. E como dicía, no 27 ao 30 por cento dos asasinatos son casos nos que o propio asasino se suicida ou intenta suicidarse, pero na maioría dos casos é detido e, é máis, moitos entréganse voluntariamente, chaman á Policía, é xustifican o asasinato; é máis, culpabilizan á propia muller atacada do seu asasinato, mesmo nalgunhas ocasións temos algunhas reaccións de xactancia, de reivindicación.

É por iso polo que desde o Consello Xeral do Poder Xudicial, entre outras moitas medidas, pedimos que non se aplique a atenuante de confesión para estes delitos tan graves. Hai teñen as atenuantes que se adoitan apreciar nos casos de asasinatos.

O número de atenuantes que se adoitan aplicar -en primeiro lugar é a confesión... por iso pedimos que deixe de aplicarse-, pero é moi curioso como non se aplican atenuantes por drogadicción, nin por alcolismo, nin por enfermidade mental, nin eximentes tampouco completas ou incompletas por adicción ás substancias... quero dicir, estes asasinatos cométese con toda a frialdade, con plenitude de facultades mentais; non están tolos, non están enfermos... son asasinos.

E isto é moi importante a hora de redactar os titulares e as noticias de prensa destes asasinatos. Como ven, nun 91,7 por cento, non se aprecian eximentes nas sentenzas que se dictan en España. Igualmente, as porcentaxes totais de circunstancias apreciadas relativas a alteración mental e consumo de alcol e drogas, tamén son mínimas.

Cal é o método utilizado para causar a morte?. Nos casos ocorridos durante o confinamento, en tres deles, arma branca, apuñalamento; e en dous casos, arma de fogo.

A inmensa maioría dos asasinatos prodúcense coas propias mans. Utilizan arma branca, estrangulamento, asfixia, golpes con obxectos ou coas mans.

Porqué é moi importante recalcar o de *coas propias mans*? Porque se trata de asasinatos especialmente crueis, nos que adoitan apreciarse agravantes de ensañamento. Por iso hai que cualificalos como asasinatos. Mesmo nos estudos que facemos de cales son as circunstancias forenses de todos estes asasinatos conclúese que a maioría deles se leva a cabo con moito ensañamento, *coas propias mans*.

Cantas mulleres presentaron denuncia previa?. Só unha das cinco asasinadas por violencia de xénero durante o confinamento tivo un antecedente, malia que ela se negou a denunciar; acolleuse ao dereito a non declarar, que quizáis é a circunstancia que máis nos preocupa desde o punto de vista da administración de xustiza, que as mulleres non confíen nas institucións e non denuncian.

Por iso o temos que facer todos e todas moi ben no noso traballo profesional, e non só desde o punto de vista da Policía, dos órganos xudiciais, dos sistemas asistenciais; tamén os medios de comunicación o teñen que facer moi ben para que as mulleres saiban que a sociedade rexeita a violencia de xénero.

Que se poña o acento en que a violencia de xénero é un atentado contra os dereitos humanos, que non queremos que haxa impunidade, que o maltratador saiba que maltratando o único que lle vai quedar e toda acción da Xustiza e que a muller confíe en que vai ser protexida e que as institucións estamos aí para iso.

Todo iso é o que temos que trasladar a través dos medios de comunicación. Esta é unha porcentaxe de vítimas que presentaron denuncia previa ao longo dos anos.

Outro dos indicadores de vulnerabilidade da vítima é a maternidade. A maioría dos casos de violencia de xénero e dos casos de asasinatos, as mulleres son nais, e nais de nenos menores de idade.

Nun dos casos do confinamento, os dous menores son asasinados no propio domicilio. Non podemos imaxinar maior vulnerabilidade que a dun neno que está vivindo ese escenario de medo, que está sendo psicolóxicamente maltratado continuamente, só vendo como a súa nai é maltratada e, en moitas ocasións, eles tamén son directamente maltratados.

Noutro dos casos, os dous menores, moi pequenos, foron testemuños do asasinato da súa propia nai. Isto ocorreu durante o confinamento, ao longo do tempo que estivemos metidos na casa... aí temos a porcentaxe das mulleres que son vítimas e que tiñan fillos: o 71 por cento.

En moitas ocasións, non denuncian por protexer aos seus propios fillos, porque pensan que, se marchan da casa, non vai haber ninguén que os poida protexer. E o que peor, pensan que se teñen que cumprir un réxime de visitas, eses nenos van estar totalmente desprotexidos e elas non van poder estar aí para levarse ela todos os golpes.

Vemos as sentenzas que recollen que os fillos son testemuños directos dos feitos. Por desgraza, na actualidade ocorre no noso país.

Esta é a terrible estatística de menores mortos a mans dos seus pais, proxenitores, ou ben a mans das parellas das súas nais. É dicir, asasinados por violencia de xénero, asasinados por causar a maior dor, o maior sofrimento que se pode ocasionar a unha muller, que é que maten ao teu fillo. Que por desgraza, no ano 2020 tivemos que asistir a catro asasinatos de nenos por violencia machista, por violencia de xénero.

Que pasou coas denuncias no confinamento?. Como non podía ser doutra maneira, e como nos temíamos, baixaron un 14,62 por cento, respecto do mesmo trimestre de 2019.

Descendeu o número de mulleres vítimas... é dicir, que non denunciaron feitos. No momento da desescalada vimos como nos xulgados aumentaron. Volvimos outra vez á evolución en alza das denuncias, posto que se están a denunciar agora feitos que, polo confinamento, as mulleres non tiveron oportunidade de denunciar.

Vimos tamén como subieron nun 61 por cento as chamadas ao 016 e aquí de novo racho unha lanza polos medios de comunicación.

O 98 por cento das mulleres en España coñecen o 016 gracias ao acordo de todos os medios de comunicación de sobreimpresionar sempre este número. Temos que congratularnos de que é así gracias a ese esforzo que se está facendo e a esa concienciación.

Observamos, ao longo dos meses de confinamento, noticias e mensaxes sobre os servizos activos e sobre os efectos da violencia durante o confinamento. Aí están algúns recortes... non só houbo noticias sobre asasinatos, tamén houbo noticias sobre cales son as consecuencias que ten o confinamento nas mulleres vítimas.

De feito, como presidenta do Observatorio eu estiven traballando nos xulgados de violencia durante todo o confinamento, estivemos abertos. Todo o que se refire a violencia de xénero foi declarado polo Consello Xeral do Poder Xudicial, esencial.

E polo tanto estivemos totalmente abertos 24 horas ao día e a min chamáronme medios de comunicación para que explique que consecuencias ten o confinamento para as vítimas e para que explique que todas as forzas e corpos de seguridade do estado, todos os servizos asistenciais, casa de acollida, etcétera, seguían abertas para protexer ás mulleres.

Aquí temos, por exemplo, moitas noticias sobre as pulseiras de control, como se triplicaron nos últimos meses e como se duplicaron as atencións ás vítimas. É dicir non só se falou dos asasinatos, senón tamén desas consecuencias e dos recursos que hai para as vítimas; iso é importantísimo.

Mensaxes sobre condenas: cada vez máis, como dicía ao principio, imos vendo como se pon a lupa sobre o maltratador e non só sobre o suceso, sobre a vítima; non.

É importantísimo que a sociedade saiba que a acción da Xustiza recae sobre estes agresores, sobre estes asasinatos, e que se cumpren as condenas. Aí temos bastantes noticias sobre condenas por violencia de xénero, mensaxes sobre menores, de maltratadas aos 14 anos, os 6.000 menores que son vítimas de violencia de xénero a diario...

Son noticias que tamén sensibilizan á sociedade e sobre todo difunden a necesidade de protexer aos menores, os máis vulnerables nun domicilio cando empeza a violencia de xénero. Mensaxes sobre as consecuencias da violencia, sobre todo, da violencia dixital na rede, as secuelas que deixa no cerebro.

Estas noticias que quizáis con máis cercanas ao 25 de novembro, onde si que houbo un repunte e vimos moitas noticias sobre o tema da violencia e, sobre todo, do confinamento.

Mensaxes de esperanza, de mulleres que saíron da violencia, testemuños, mulleres que fuxiron do maltrato tamén, mensaxes sobre implicación social - sobre o importante que é a implicación das persoas que están perto da vítima, dos achegados, dos veciños-. Así, destas chamadas ao 016, vimos como aumentaron moitísimo as de persoas que están perto das vítimas, que non proveñen da propia vítima, senón dos veciños.

E é que é normal. Nos momentos nos que todo o mundo está na súa casa, os veciños puideron oír como a persoa que vive ao carón berra, escoitou golpes... en fin, chamou á Policía e ao 016 tamén. É dicir, esa implicación social é importantísimo difundila. Isto é un problema de todos e todas e só remataremos con isto se nos implicamos toda a sociedade e, por suposto tamén, todos os medios de comunicación.

Por último temos visto moitas noticias e a min fixéronme infinidade de entrevistas sobre este programa *Mascarilla 19*, que se iniciou en Canarias e logo se estendeu por todo o territorio nacional, co cal os farmacéuticos se implicaron na protección das mulleres vítimas. Era unha iniciativa pola que, se unha muller ía a unha farmacia, aínda que fora acompañada do seu maltratador, dicía a expresión Mascarilla 19 e xa podía alertar á persoa que a estaba atendendo que necesitaba axuda porque estaba en risco de sufrir violencia de xénero.

Vou rematando porque tamén quero deixar tempo se hai algunha pregunta, algunha cuestión que queirades plantexar, pero me gustaría lembrar que no Pacto de Estado hai moitas medidas moi, moi recomendables, moi importantes, sobre como se debe tratar a violencia de xénero nos medios de comunicación. Xa estaban na Lei Orgánica 1/2004, pero este Pacto de Estado lémbrañolo e é importante lembralo.

Di o Pacto de Estado que hai que *establecer un acordo marco sobre a corrección*. Isto é evidente. Hai que especializar e formar aos profesionais dos medios de comunicación.

Eu teño pronunciado moitas conferencias, mesmo teño escrito sobre como debe ser o tratamento. E, en moitas ocasións, os profesionais da comunicación -tiven moitísimo contacto con moitos deles e vin que hai unha gran sensibilidade, unha gran concienciación- sorpréndense cando lles conto, por exemplo, que aparece o cadáver dunha muller que ven de ser asasinada, tapada cunha sabá, nos medios audiovisuais, ao día seguinte temos nos xulgados mulleres que nos din

que os seus homes as ameazaron con acabar como esa muller que apareceu no telediario, con acabar nas portadas dos xornais, nas portadas dos telediarios.

Isto ten consecuencias en canto ao modo en como se trata. Agora ben, é necesario falar diso... por supostísimo que si. Hai que falar diso, do sufrimento, do custo social que ten a violencia de xénero na nosa sociedade.

Di o Pacto de Estado *que o debate non se realice sobre a liberdade de expresión, senón sobre a responsabilidade de expresión...* Por suposto, a liberdade de expresión é un principio fundamental do noso ordenamento xurídico, importantísimo, pero é necesario que se exerza con responsabilidade, sendo conscientes de cada unha das palabras, da linguaxe que se utiliza, do material gráfico.

Este é un resumo das recomendacións que se fan no Pacto de Estado e vou a falar dalgunhas delas, pero moi brevemente: a conciencia coa linguaxe; é importante falar de violencia machista, de violencia sobre a muller; buscar un enfoque que non sexa superficial, que non sexa banal, que non quede en detalles amarelos, escabrosos; falar con fontes expertas, non entrevistar a calquera veciño; coidar moito o material gráfico; non xustificar ou escusar ao maltratador -dicindo que estaba tolo-; non culpabilizar á vítima, que o vemos aínda, malia que cada vez menos; non identificar á vítima, poñendo fotos das mulleres vítimas ou do domicilio onde vivía, que afecta moitísimo á familia; poñer o foco na condena do maltratador, que iso xa o estamos conseguindo; desprazar o peso do reproche social do maltratador, é dicir, illarlo; e por suposto, lembrar a gravidade dos feitos.

Por último vou referirme a dúas sentenzas famosísimas, moi desgraciadamente famosas, porque foron feitos moi tristes:

A famosa sentenza de Diana Quer, que foi ditada polo Tribunal Supremo hai moi pouquiño tempo e que se refire aos xuízos paralelos, precisamente. Unha das defensas acusaba de que houbera un xuízo paralelo pola cantidade de información difundida e que iso podía ter mermado o dereito á defensa... o tribunal si que non hai ningunha circunstancia que poña de relevo que houbera algún prexuízo para a lexítima defensa.

De igual xeito, a tamén tristemente famosa sentenza da manada, refírese ao que significa un xuízo paralelo e, non obstante, a propia sentenza -para rematar- di que non hai dúbida de que a causa desenvolveuse tras un proceso con todas as garantías, sendo decisivas as probas que se fixeron, entre outras o vídeo que gravaron os propios condenados, sen relación de causalidade algunha cunha suposta manipulación mediática ou conspiración política.

É dicir, estes xuízos paralelos que por desgraza fan que todos teñamos unha idea na sociedade sobre que é o que pasou, estas dúas sentenzas son moi claras e dinnos que non tiveron repercusión ningunha, nin no tribunal profesional tampouco, en ningún modo.

Con isto o deixo, temos moito que mellorar, por supostísimo que si, todos e todas, os medios e todas as instancias desde o punto de vista xudicial, de forzas e corpos de seguridade do Estado, asistencial... todos temos que mellorar.

Estamos facendo un gran esforzo e a miña intervención hoxe era para rachar unha lanza pola fantástica evolución, esta concienciación, esta sensibilización que cada vez se ve máis e que debe seguir avanzando cara esa formación e esa profesionalización dos profesionais da comunicación. Moitas grazas”.

Coloquio

- “Varios participantes a felicitan pola súa exposición e nalgúns casos concretan esa felicitación na referencia que fai a que os medios temos pecado ou pecamos de citar cando o maltratador ou o asasino é estranxeiro, cando é inmigrante... Felicitounos aos medios polo traballo, pola sensibilidade, pero cales son os principais erros que cometemos (falaba da imaxe en televisión da vítima coa saba e que o señor, ao día seguinte, dicíalle á muller, *a próxima eres ti*) na información sobre a violencia de xénero e os asasinatos?”.

- **AC:** “O que estamos observando, e é verdade que cada vez máis vaise paliando, son aínda algúns titulares que culpabilizan á vítima. Por exemplo, *Foi asasinada porque chateaba con outro*. Non quizáis tanto en prensa escrita, si en prensa dixital ou en redes sociais, por supostísimo, moitísimo. Isto é moi pernicioso, porque infunde é que algo terá feito ela para ser asasinada. Tamén, estes titulares como *O agresor toleou e asasinou á muller...* non. Porque veño de contar que non están tolos, non tolean, non é unha arroutada, non é obcecación; é asasinato cometido con toda a frialdade, con ensañamento, como teño explicado, con alevosía, utilizando ademais ás persoas máis vulnerables, iso é importante. No caso de que se dean detalles demasiado escabrosos, como había un gran charco de sangue, ou lle asestou cincuenta puñaladas, banaliza o feito e, sobre todo, crea unha sensación de distanciamento; como que é algo tan escabroso, que non che pode pasar a ti, é algo que lle ocorre a outras persoas, pero a nós non nos pode ocorrer.

Pódelle pasar a calquera muller. Temos visto mulleres maltratadas de calquera condición social, económica, idade, nacionalidade... é dicir, é importante que se difunda que se trata dun problema que non só nos ocorre aquí, en España, xa que por desgraza é algo que ocorre en todos os países do mundo.

É certo, e tamén é importante reseñar que en España levamos moitísimo tempo cunhas políticas de coordinación, unas políticas nas que se investiu moito en recursos asistenciais. E é importante reflectilo nos medios tamén. A onde poden acudir as vítimas...

Dixen que o 016 é un éxito dos medios de comunicación. É algo único no mundo, non hai ningún país onde tantas mulleres saiban que existe ese número de teléfono para pedir axuda, polo que é importante seguir difundindo que as mulleres teñen medios, que poden saír, que poden confiar nas institucións. É moi importante non culpabilizar a outros

contornos ou outras persoas fóra do asasino... cometemos erros e que os medios de comunicación están aí, precisamente, para controlar os erros que cometemos, é evidente, todas as administracións.

Pero, culpabilizar por exemplo a unha muller por que non tivera pedido unha orde de alonxamento ou por que se retractou ou pediu que se alzara unha orde de alonxamento, ou que non denunciou, por exemplo, é un xeito de culpabilizar á propia vítima de ter sido asasinada. Iso é algo absolutamente pernicioso e ademais, falso, posto que temos que ter en contas todas as dificultades que teñen as mulleres para poder pedir axuda, para poder denunciar.

Nese Pacto de Estado, na última diapositiva que puxen para ver de que maneira se pode mellorar, non xustificar a violencia, intentar poñer o foco nas condenas -non quedar só no suceso-, non poñer a noticia na sección de *Sucesos*... é que non é un suceso, realmente; é unha gran lacra que existe no seo da nosa sociedade.

Iso é o que temos que paliando cada vez máis no tratamento da violencia de xénero”.

- “**OCTAVIO RODRÍGUEZ** pregunta se a presenza da violencia (nomeadamente a de xénero) nas series e nas películas inflúe neses comportamentos”.
- **AC:** “Claro que inflúe, inflúe moitísimo. Temos visto, por exemplo, series que van dirixidas a xente nova, a adolescentes, onde se mitifica o amor, nenas moi novas namóranse perdidamente do *malote* da película, por exemplo, e identifican os ciumes como forma de amor, e se identifica iso que moitas veces segue a repetirse de que *quen ben che quere, farache chorar*... é dicir, sinalan a relación afectiva como algo onde tes que sufrir, onde todo está xustificado polo amor, e hai que ter moito coidado, porque iso inflúe enormemente nos adolescentes.
Cada vez vemos, como dixen, nenas que teñen relacións afectivas máis novas, nenas que non están preparadas para identificar os primeiros sinais de maltrato, e sen dúbida algunha, as series de televisión, películas e, sobre todo, as que van dirixidas aos adolescentes, poden ser algo moi pernicioso. Igual que programas de televisión nos que a imaxe da muller é moi estereotipada, onde se intentan amosar unha muller excesivamente delgada, case unha boneca, cuns ideais estéticos imposibles de acadar. Desde logo, claro que inflúen, sobre todo, nas adolescentes”.
- “**CARIDAD RODRÍGUEZ** pregunta -eu creo que a resposta é obvia- se cando a vítima é unha prostituta hai que citar esa condición”.
- **AC:** “Eu creo que non. Non, porque afecta á propia intimidade da vítima. Para nós, os asasinatos fóra da parella son violencia de xénero, tamén fixemos moitos estudos sobre iso. Por exemplo casos tan terribles e que teño que citar porque todo o mundo os coñece, Laura Luelmo, Diana Quer, son violencia de xénero, aínda que o autor dos feitos non sexa a súa parella, porque foron asasinadas polo feito de ser muller.
E hai moitos asasinatos tamén no ámbito da trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, que igualmente é unha forma de violencia

machista. É moi importante que dentro da linguaxe, do concepto de violencia de xénero, comecemos a incluír (tamén por parte dos medios de comunicación) a trata de mulleres, nenos e nenas. A violencia sexual dentro ou fóra da parella é violencia machista, a mutilación xenital feminina, é dicir, esas outras formas de violencia sobre a muller fóra da parella tamén, e desde logo, a que se exerce dentro do mundo da prostitución é violencia machista. Non creo que sexa bo para ninguén que esa circunstancia sexa coñecida pola maioría da sociedade, se ben é certo que aos efectos nosos, para os estudos, lle deamos visibilidade para saber ata que punto son vulnerables determinados colectivos”.

- “A presidenta da Asociación de Periodistas -paréceme ben para pechar e para darlle as grazas a vostede- pregunta se a escuridade informativa que houbo a redor da violencia de xénero durante a pandemia inflúe en que aumente”.
- **AC:** “Evidentemente, nestes momentos de confinamento, o 90 por cento das informacións foron dirixidas cara á crise sanitaria, que era realmente o que a sociedade demandaba e o que lle preocupaba. Sen dúbida algunha. Un parón en informacións destas características por suposto que afecta. Afecta polo seguinte: en toda a miña exposición quixen trasladar a importancia de que as mulleres se sintan protexidas na sociedade; é dicir, que sintan que a sociedade rexeita a violencia de xénero. Os únicos que poden facer iso son os medios de comunicación. Trasladar mensaxes de que non hai que trasladar nin o máis nimio feito de violencia de xénero é algo que evidentemente é responsabilidade dos medios. E o feito de que houbera un apagón durante tantísimo tempo desde logo que puido afectar, sen dúbida algunha, e temos que seguir traballando. É certo que non só houbo apagón informativo nese tema, senón en todos os demais, porque a realidade abordou, e inundou, sobre a crise sanitaria, pero temos que seguir falando moito máis da violencia de xénero e non só dos asasinatos. De todo, do que significa e, sobre todo, do rexeitamento que a sociedade debe facer a todos os actos de violencia”.

Presentación “Novas medidas para facer fronte ás consecuencias do COVID19 na perspectiva de xénero”

Susana López, secretaria xeral da Igualdade da Xunta de Galicia

Presentadora: Rosa Vilas, directiva da APG

Currículo Susana López

Realizou estudos de Empresariais na Universidade de Vigo. Foi administradora da empresa da súa familia entre 1987 e 1990, e delegada e locutora de “Radio Faro Chantada-Cadena Ser”, entre o 90 e o 99. En política ten sido concelleira de Cultura e Relacións Institucionais, e tenente de alcalde, do Concello da súa localidade natal: Chantada (99-2003); presidenta do PP de Chantada; membro da Xunta Directiva do PP de Galicia e de Lugo; coordinadora de Igualdade do PPdeG; e desde a V lexislatura, deputada no Parlamento de Galicia, onde ten sido voeira de Traballo e voceira adxunta 3ª do Grupo Popular. Entre 2009 e

2011 foi secretaria xeral de Familia e Benestar da Xunta, e desde 2011, secretaria xeral da Igualdade.

Presentación Susana López

“Moitísimas grazas. Antes de nada quixera agradecer a intervención de todas as persoas participantes, expertas na materia, como o caso último de María Ángeles Carmona, presidenta do Observatorio do Consello Xeral do Poder Xudicial, que ademais é unha persoa que, non só polo seu cargo e profesión, pero como muller absolutamente vocacional, ademais, ama a Galicia e tennos axudado a nivel institucional a esta comunidade autónoma e á Xunta de Galicia.

Quixera agradecer á Asociación de Periodistas de Galicia que se comprometerán por segundo ano consecutivo con medidas do Pacto do Estado ao que facía referencia Maru Carmona. Quixemos facer esta alianza coa Asociación de Periodistas de Galicia, primeiro con Arturo Maneiro, a quen saúdo e felicito por ese premio, e tamén a María Méndez e a todas as persoas que formades parte desta Asociación. E a todos os xornalistas en xeral porque, como dicía Maru Carmona, é moi importante o papel dos medios de comunicación na loita contra a violencia machista, está claro.

E a evolución foi tremenda, pero si é verdade que quedan cousas nas que temos que mellorar e nesa formación temos que estar.

Como a min me pedía María, a presidenta da Asociación, que falara precisamente do que fixemos no momento máis crítico que sufrimos este ano 2020, a raíz do COVID19, teño que dicir que decidimos levar ao Consello da Xunta de Galicia, xa o día 20 de marzo, unha serie de medidas específicas dedicadas a aquelas mulleres que sufrían violencia de xénero, que sabiamos que ían estar confinadas e que ían estar nunha situación absoluta, tal e como relataba agora a presidenta do Observatorio.

Polo tanto, vou facer un relato rápido sobre algunhas cuestións desde distintos puntos de vista. Dicía Maru, e perdón que me apoie nela, que algo que se conqueiru neste país, que é extraordinario, e que é gracias aos medios de comunicación é que, cando vemos no telexornal, cando vemos unha noticia nos medios xornalísticos, sempre vemos impreso ese 016 ou, no caso de Galicia, o 900 400 273.

Isto é fundamental, porque evidentemente as mulleres sinten que, nun momento determinado, poden chamar a este número de teléfono.

Quero explicar que o 900 400 273 é un teléfono que se puxo en marcha en Galicia a principios dos anos 2000, mentres que o 016 foi moi posterior. E asinamos un convenio de colaboración co Estado, que agora imos reiterar con melloras substanciais.

Calquera muller galega que chame ao 016 é redirixida ao 900 400 273, onde hai un equipo multidisciplinar para atender as 24 horas do día.

O que fixemos foi efectivamente reforzar ese servizo, tamén o servizo de asesoramento xurídico e algo moi importante: o servizo de atención psicolóxica operativa nas terapias.

Eramos conscientes de que ía facer falta... as usuarias xa habituais dos centros de información á muller dos servizos sociais, as usuarias do Centro de Recuperación Integral, e mesmo as mulleres que estaban no ámbito da Rede Galega de Acollemento, que tiveran un reforzo a través de sesións de todo tipo; tanto telemáticas, como presenciais. Polo tanto, fixemos ese servizo de apoio.

Outra das cuestións que nos parecía fundamental era manter a quenda de garda psicolóxica permanente para apoio nos momentos iniciais da presentación da denuncia ou apoio en sede xudicial.

É un momento moi duro, moi tremendo, para unha muller cando decide dar o paso, polo que reforzamos ese servizo que xa puxéramos en marcha no ano 2019. Unha das primeiras comunidades autónomas, por certo, en tomar esta medida. Apoio psicolóxico no momento de chegar a un cuartel da Garda Civil, ou chegar a unha comisaría da Policía Nacional.

Por outra banda, tamén, os servizos de apoio psicolóxico nas oficinas de atención ás vítimas.

En Galicia, temos sete oficinas de atención ás vítimas do delicto, en xeral, pero si que teñen un apartado específico para as vítimas da violencia machista, entendendo por tal en Galicia o que apuntaba Maru Carmona: todo tipo de violencias machistas.

A lexislación galega xa recollía no ano 2007 que era violencia machista as violencias sexuais, as económicas, as psicolóxicas, a trata de seres humanos con fins de explotación sexual. No ano 2016 reformouse a Lei Galega para acoller precisamente ás vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, como vítimas da violencia machista, froito tamén do Convenio de Estambul, suscrito por España.

Polo tanto, que saibades que reforzamos nas oficinas de atención ás vítimas, que están en sede xudicial e que se encontran nas sete grandes cidades, a atención presencial cando así o requeriran.

Hai que dicir tamén que os servizos de carácter administrativo están operativos *on line*, por teléfono, por correo electrónico, todas as axudas reforzáronse nese momento. Todo o equipo da Secretaría Xeral e das distintas delegación estiveron traballando para evitar que calquera muller que precisase unha prestación económica, ou algún tipo de apoio, o tivera.

Polo tanto, esa era unha das cuestións que máis nos preocupaba... despois veremos algúns datos.

E por suposto o Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia, que está aquí, en Santiago, non ten carácter residencial, pero é quen

coordina a Rede Galega de Acollemento, as casas de acollida. Tanto as que son de titularidade municipal, como as que son ONGs, coas que temos conveniado desde a Xunta de Galicia, a Consellería de Emprego e Igualdade.

E desde logo, o Centro de Emerxencias de Vigo que, en base a un convenio de colaboración co Concello de Vigo e a Xunta de Galicia, é un centro de referencia. Aí tedes os centros de acollida de titularidade de organizacións non gubernamentais...

Abrimos un novo centro na provincia de Lugo, precisamente, por se se daba o caso de que algunha muller que dera positivo en COVID, puidera trasladarse a este centro, que son apartamentos individuais, que están pensados para mulleres e fillos e fillas vítimas da violencia machista. É un centro sufragado ao cento por cento pola Xunta de Galicia.

Pero ademais, asinamos un convenio de colaboración coa Consellería de Cultura para que, tanto albergues, como centros e hoteis, pudieran acoller tamén en casos de emerxencia, a mulleres vítimas da violencia de xénero, e que eran atendidas polo servizo municipal máis próximos ou polos servizos de atención psicolóxica que a Xunta ten conveniados co Colexio de Psicología de Galicia.

Hai certos perfís -aínda que non me gusta moito falar de perfís- de mulleres vítimas da violencia machista en Galicia que, polas súas condicións ou por sufrir unha serie de adicións, non poden ter un acollemento normalizado nunha casa de acollida, polo que tíñamos que buscar outros recursos para poder atendelas.

E ademais, manter unha atención e un seguimento e, por suposto, habilitar axudas económicas para elas, como foi o caso durante a pandemia.

Ademais, estivemos en coordinación con todos os centros de información ás mulleres, que temos 82 en Galicia -nuns días teremos 83-, onde como mínimo hai unha psicóloga e unha asesora xurídica.

Con elas estivemos traballando, preguntándolles que necesidades atopaban, para ir solucionando día a día problemas que, en moitas ocasións, dada a situación de violencia de xénero, son distinto un a outro.

Ningún caso de ningunha muller se parece a outro. Si que é verdade que os comportamentos se reproducen, pero evidentemente cada caso é diferente; e moitas veces dicimos que os casos superan á ficción. O que pensamos que nunca podería ocorrer, ocorre.

Ademais lanzamos varias campañas institucionais para o que dicía antes Maru Carmona, que as mulleres sentiran que a sociedade, que as institucións, estabamos aí para axudalas; que non quedaran no fogar, sufrindo a violencia machista.

E a famosa campaña, tamén, que desde aquí quero agradecer aos colexios de farmacéuticos e farmacéuticas de Galicia o seu esforzo, porque efectivamente é unha campaña que xurdiu dunha idea (nós falamos sempre de boas prácticas

entre as comunidades autónomas cando nos xuntamos nunha conferencia sectorial ou nunha comisión técnica, e poñemos enriba da mesa esas boas prácticas).

Ese foi o caso durante a pandemia: Canarias puxo en marcha a campaña *Mascarilla 19*, en colaboración cos colexios farmacéuticos desa comunidade, e nós inmediatamente replicamos esa campaña, que se nos ofreceu por parte do Goberno de Canarias e que aceptamos, porque nos parecía importantísimo.

Unha muller que está confinada, que está nunha situación de violencia e ao mellor non se atreve, naquel momento só se podía ir á farmacia ou á compra, que soubera que cando ía á farmacia, pedindo a *Mascarilla 19*, estaba pedindo axuda, porque estaba sufrindo violencia.

En consecuencia, insisto en agradecer aos colexios de toda Galicia, das catro provincias, esa implicación que tiveron. Tamén ademais doutras campañas mandando mensaxes, pero para que non se sentiran illadas.

Había unha cuestión que nos preocupaba profundamente, o comentou tamén a presidenta do Observatorio, e é o illamento no ámbito rural. Moi preocupante.

Ela daba datos de que hai unha porcentaxe elevadísima naquelas poboacións de menos de 100.000 habitantes.

Vemos de sufrir un caso, hai poucas semanas, concretamente en Gondomar, onde se deu esa circunstancia. Unha muller de 59 anos foi asasinada polo seu marido en un concello de menos de 10.000 habitantes. Houbo dous casos máis durante este ano, non nese período de confinamento, que foi o caso de A Pastoriza e o caso de Lugo.

Temos que dicir que efectivamente, e daba tamén os datos a señora presidenta do Observatorio, nos atopamos que respecto o semestre do ano anterior, baixaron as denuncias.

Non obstante, en Galicia incrementáronse as ordes de protección nese primeiro semestre, como se pode ver na pantalla. Aumentaron en 87, un 14,8 por cento, se comparamos cos datos do primeiro semestre do ano 2019, mentres que as denuncias descenderon en Galicia en 457, un 13,6 por cento se o comparamos cos datos do primeiro semestre de 2019. Algo que prevíamos, como xa comentaba Maru Carmona, pola situación de confinamento e todas as derivas que ten esa situación nos casos de violencia machista.

As axudas económicas para mulleres vítimas que activamos desde a Xunta de Galicia neses momentos, que incrementamos, a pesar de baixar as denuncias, concedéronse por informes dos servizos sociais e dos centros de información á muller que nos solicitaban.

No primeiro semestre de 2020 as axudas económicas concedéronse a 505 mulleres, 109 máis que no mesmo período do ano 2019 (como ven aí).

E en canto ao programa de atención psicolóxica, no primeiro semestre atendeu a 624 mulleres vítimas de violencia de xénero. O programa está estendido tamén a fillas e fillos, porque a lexislación en Galicia, e en España posteriormente, recolle que os menores, fillos e fillas de mulleres vítimas da violencia, son vítimas directas da violencia machista. E tamén se consideran vítimas directas -e se atenden neste programa- as persoas que dependan delas.

No primeiro semestre de 2020, beneficiáronse 32 persoas menos que no mesmo período do ano 2019, que foron 656. Aquí baixou un pouquiño a atención psicolóxica.

En canto á Rede Galega de Acollemento, no primeiro semestre deste ano residiron sucesiva e temporalmente nos centros de acollida e no Centro de Emerxencias de Vigo, un total de 142 persoas.

Atención a este dato, porque a min me parece moi importante para que se tome conciencia da dimensión da violencia machista: 76 mulleres, pero había 64 menores, nas casas de acollida. Nenos e nenas que tiñan que levar unha vida normal, unha infancia feliz, e que por culpa da violencia machista -eu cada día recalco máis este dato-, tiveron que abandonar a súa casa e familia, e están vivindo en centros de acollemento, por mor da violencia machista.

Como vedes, supuxo un 13,4 por cento menos, que as atendidas no mesmo período do ano pasado, que foron 164 persoas... baixouse aí, ese 13,4 por cento, pero como lles dicía, ampliamos outros servizos.

En canto á información, igual que no resto de España, incrementáronse substancialmente as chamadas ao teléfono da muller. As consultas no teléfono de información á muller 900 400 273, que insisto, é o 016 tamén, ascenderon a 1.842, 477 consultas máis que no mesmo período do ano 2019.

Tamén quería dicir que temos a disposición dúas *apps*, que intentamos difundir constantemente que as descarguen: unha é de agresión *off*, para a seguridade das mulleres, das menores, dos menores, contra as agresións sexuais, que é máis recente e vai acompañado dunha campaña que estivemos facendo estes últimos anos; e temos unha *app* que conveniamos, que levamos adiante co Colexio de Informática de Galicia, *Escape* chámase, que é onde aparecen recollidos todos os recursos, para que unha muller a poida descargar. Se miramos o teléfono móbil e temos descargada esa *app*, aparecerá co icono do tempo, por se o compañeiro agresor controla ese teléfono. Logo hai que entrar cun contrasinal para poder acceder ao despregue da *app*.

Aquí tedes os datos, xa para rematar, porque non quero roubar máis tempo do necesario, no ámbito concreto da violencia de xénero, no primeiro semestre de 2020, dos CIM, dos centros de información á muller, que me parece que son uns servizos fundamentais.

Antes, Maru Carmona falaba de algo moi importante: cando sucede un caso de violencia machista con resultado de morte e cae o foco sobre esa situación, en moitas ocasións, as profesionais que traballamos no ámbito da violencia

machista rebelámonos, porque recórrese ao testemuño dun veciño, unha veciña... *Era bo rapaz*, como escoitei no caso de Gondomar, no caso de Becerreá, en centos de casos...

É preferible, ou é recomendable para todos, poñernos en contacto co alcalde ou alcaldesa e co Centro de Información á Muller, xa que alí imos ter á psicóloga e á asesora xurídica, que nos van dar unha información veraz -non por suposto, de si estivo tratando a esa vítima-, e imos ter unha información e un testemuño dunha persoa profesional, que na maioría dos casos leva moitos anos de experiencia traballando no territorio. No caso de Gondomar traballando onde temos un centro de información.

En moitas ocasións acúdense, entendo que é a inmediatez de dar a noticia, acúdense ao veciño que estaba alí, ou á veciña que estaba alí, ou a algún ou algunha familiar.

No quero falar do caso concreto de Gondomar, porque tería que falar de todos os casos e todos nos abren as carnes como sociedade e, como se dicía anteriormente por todos os ponentes que estiveren seguindo, creo que é moi importante a concienciación de que este é un problema de toda a sociedade, de todas as persoas que estamos nesta sociedade. Non é un problema da familia, da muller, dos fillos. Non. É un problema de todos e todas.

Por suposto, no ámbito laboral. Aí, como dicía Maru Carmona, non só é un problema das mulleres vulnerables. Non. Porque hai ese concepto de que a violencia machista está enfocada, focalizada nas persoas máis vulnerables, e iso non é certo. Ocorre en todos os ámbitos, mesmo entre as profesionais máis cualificadas, que recorren menos á denuncia, aínda que tamén é verdade que teñen, en principio parece que teñen, outros apoios, pero ao final acaban acudindo a forzas e corpos de seguridade, ou xa directamente ao ámbito xudicial.

En resumo quería dicir que os CIM atenderon a 5.465, o que supón 779 consultas máis que no mesmo período do ano pasado, que foron 4.686 consultas (un incremento do 16,6 por cento).

Nós tivemos diversas vídeoconferencias, estivemos permanentemente en contacto telefónicamente, a través desas reunións non presenciais coas distintas profesionais que temos despregadas ao longo do territorio galego.

Elas mesmas contaban o esforzo que tiñan que facer para realizar o seguimento que, non presentando denuncia, sabían que todavía convivían co maltratador, para conectar con elas... *como estás?, necesitas algo?, vente ata aquí, como podemos facer?...*

E a raíz diso, que nolo pediron, estivemos cun plan de formación de practicamente tres meses, fíxose ademais por bloques, un deles, dedicado ao que se lle chama o *síndrome da profesional queimada*, porque foi un momento de tensión grandísimo.

En moitas ocasións, algunha profesional de centros de información á muller dicíanos: *Susana, estamos en semellante tensión que, cando escoitamos un suceso, preguntámonos se será unha das nosas usuarias*; porque é difícilísimo manter o control sobre todas as usuarias en todos os momentos.

As profesionais, que son auténticas vocacionais, pero tamén teñen ese momento de tensión, mesmo de non durmir pola noite, posto que saben que unha muller que non quere denunciar, que está vivindo esa situación e que está sendo usuaria corre ese perigo.

Porque esa é outra cuestión que temos en Galicia desde hai moitos anos: non é necesario para atender a unha muller ningunha orde de protección, de afastamento, nin unha medida cautelar.

Xa o recollía a lexislación no ano 2007, poden acceder a calquera dos recursos que hai con un informe, iso si, dunha profesional, sexa do ámbito dos servizos sociais, ou do Centro de Información á Muller, das oficinas das vítimas ou de calquera profesional dunha casa de acollida.

Ata hai pouco o criterio non era homoxéneo e nalgunhas comunidades autónomas podías acceder a unha casa de acollida se por exemplo tiñas unhas medidas cautelares ou unhas medidas xudiciais en vigor.

En Galicia non. Agora esta cuestión está superada, por fortuna. Estivemos traballando no chamado *título habilitante de vítima de violencia* e que houbera unha homoxeneidade -levamos traballando varios anos- co Estado e co resto das comunidades autónomas, seguindo tamén un pouco o modelo de Galicia y doutras comunidades que tamén o tiñan despregado como Andalucía ou o País Vasco, por poñer algún exemplo.

En resumo xa, e si que agora remato, aí vedes as denuncias. Pero quería destacar o importantísimo dos centros de información á muller que están no ámbito local e o incremento de consultas nas súas distintas formas.

As denuncias descenderon. As medidas de protección aumentaron (estou falando de Galicia). Axudas económicas que temos habilitadas na nosa comunidade autónoma aumentaron. A atención psicolóxica descendeu un 4,8 por cento. O número de mulleres acollidas descendeu un 13,4 por cento. O teléfono de atención de información ás mulleres aumentou as chamadas un 33 por cento. E o número de consultas aos CIM, como xa comentei, incrementáronse nun 16,3 por cento.

Falábamos do ámbito rural. Nós despregamos unha campaña por todo o ámbito rural e tamén reforzamos os servizos. É verdade que aí temos que mellorar todavía, porque cremos que hai zonas da nosa xeografía, en distintas provincias, sobre todo, na montaña lucense e nalgúns outros puntos, onde fan falta servizos, centros de información á muller especializados, porque si que temos unha eiva. Estamos intentando crear varios, posto que é unha situación que realmente nos preocupa.

Aí temos algunhas das medidas máis destacadas que tivemos en marcha e que temos en marcha, seguimos con elas, porque viñeron para quedarse, moitas delas xa estaban, pero foron reforzadas durante este período e durante este ano tan difícil e tan complicado que todos e todas estamos desexando que remate.

Eu tamén remato aquí, asgradecendo unha vez máis a implicación de todo o xornalismo galego por facer posible este congreso tan necesario. Quedamos a disposición de todos e todas vós”.

Coloquio

- **“MARÍA MÉNDEZ** plantexa se se van manter estas medidas cando se retome, digamos, a nova normalidade”.
- **SL:** “Si, a nosa intención é manter todas estas medidas, que reforzamos durante o momento da pandemia, de tensión, de moita preocupación. Tamén, unha parte que mencionei moi por enriba: nós firmamos un convenio de colaboración -a maiores dos que temos habitualmente-, coa Rede Galega Contra a Trata, con organizacións, con varios dispositivos que temos en Galicia que, evidentemente non podemos dicir onde están, para mulleres e adolescentes traficadas por razón sexual. Entón, incrementamos a través de convenios neses días, porque tamén estivemos en contacto coas ONGs, que son fantásticas en Galicia, que son un referente en España, as Rede Galega contra a Trata, para incrementar esas axudas. Porque iso si que foi unha situación moito máis dramática do que xa é de por si a violencia, que coñecemos, a violencia machista, sobre as mulleres que exercen a prostitución por razón de ser traficadas. Iso é tremendo. Desde logo que queremos manter e mesmo incrementar novos recursos da aprendizaxe que tivemos estes meses”.

Clausura do Congreso

María Jesús Lorenzana, conselleira de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia

Intervención da conselleira

“Bos días, case boas tardes. Agradecer por suposto á Asociación de Periodistas de Galicia, á súa presidenta, María Méndez, por facer posible este Congreso: *Influencia da pandemia na igualdade e na violencia de xénero*.

Creo que é dos máis completos e interesantes que se teñen desenvolvido en Galicia, pola representatividade que teñen os nosos medios de comunicación e polas persoas que entre onte e hoxe tiveron a oportunidade de participar como ponentes.

Este Congreso forma parte ou se desenvolve no ámbito da colaboración establecida coa Consellería de Emprego e Igualdade, dentro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, un pacto que consta de 10 eixos de actuación e

292 medidas. Entre estas medidas inclúense precisamente aquelas que fan referencia ao importante papel que teñen os medios de comunicación na loita contra a violencia de xénero.

Concretamente o eixo 1 deste Pacto contra a Violencia de Xénero é o que está dedicado ao fomento das accións de sensibilización da sociedade e da prevención da violencia de xénero, mediante accións e campañas dirixidas a visibilizar o dano que producen a desigualdade e as condutas violentas... tendo en consideración o papel insubstituíble que teñen os medios de comunicación para unha eficaz prevención e loita contra la violencia de xénero e na elaboración de contidos baseados en valores de igualdade e respecto.

Os medios de comunicación constitúen, non cabe ningunha dúbida, unha ferramenta esencial na concienciación da sociedade na loita contra a violencia de xénero, xa que son transmisores de noticias relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes e, polo tanto son, en certa medida, xeneradores de conciencia social.

A propia lei galega de prevención e de tratamento integral contra a violencia de xénero, a Lei 11/2007, indica precisamente que deberá velarse polo tratamento axeitado das novas relacionadas coa violencia de xénero nos medios de comunicación. A Lei Orgánica estatal de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero establece os termos de difusión de informacións relativas á violencia de xénero.

Para acadar o obxectivo dunha imaxe igualitaria e non estereotipada resulta imprescindible a formación, a sensibilización e a información adecuadas, e para isto debemos tamén formar e sensibilizar aos profesionais e contar coa colaboración das persoas directamente involucradas, tanto na información, como na publicidade.

Os profesionais, as profesionais, e os principais medios de comunicación do ámbito galego, co seu compromiso e co seu exemplo, se sitúan na vangarda de creación de novos modelos para a igualdade.

A forma en que os medios tratan unha determinada realidade configura, como dicía, a percepción social que temos dela. Por iso, desde a Xunta de Galicia, concretamente desde a Secretaría Xeral de Igualdade e a Secretaría Xeral de Medios, levamos anos traballando conxuntamente, coordinadamente, para que o tratamento da igualdade e da violencia de xénero nos medios de comunicación, acade a finalidade e os obxectivos que todas e todos queremos.

Lembrar por exemplo que a Secretaría Xeral de Medios, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade, elaborou e difundiu entre os directores e as directoras de medios de comunicación xa no ano 14, o Código de Boas Prácticas para o Tratamento Axeitado da Violencia de Xénero nos Medios de Comunicación.

Téñense levado a cabo numerosos cursos de formación destinados a profesionais da comunicación e da publicidade, e tamén aos alumnos e alumnas das distintas titulacións universitarias.

En 2015 a Secretaría Xeral da Igualdade convoca o *I Concurso Comunicar en Igualdade*, e a segunda edición en 2019.

En 2017 presentamos o díptico informativo *Indicacións para Detectar o Sexismo na Publicidade*, dentro das competencias da Comisión asesora de publicidade non sexista, que é un órgano que depende do Observatorio Galego de Violencia de Xénero.

En novembro do ano pasado, a Xunta tamén colaborou coa Asociación de Periodistas de Galicia na organización do *I Congreso Medios de Comunicación e Igualdade. Unha Mirada Crítica ao Tratamento da Violencia Machista*. Colaboración que reiteramos coa edición deste ano.

Non cabe ningunha dúbida de que os medios contribuíron de forma decisiva á sensibilización da sociedade cara a un problema que en España, desde o ano 2003, lles custou a vida a máis de mil mulleres.

Antes, a violencia de xénero era un problema social oculto, era un problema privado. Só emerxía de cando en vez, en forma de suceso catalogado como *crime pasional*.

Nestes momentos, sen dúbida, os medios de comunicación reflicten un maior número de casos de violencia contra a muller. E se antes a morte dunha muller maltratada era simplemente unha nota máis da sección *Sucesos*, agora o caso adoita ir acompañado de referencias ao problema social das agresións contra as mulleres.

O papel dos medios de comunicación é clave na loita contra a violencia de xénero. Son ferramenta que serve de plataforma para denunciar estas agresións, á vez que son tribuna desde a que se pode concienciar á sociedade de que a violencia contra as mulleres é un delito.

A clave é abrir o foco, dar protagonismo a testemuñas de mulleres que lograron saír disto, dar información positiva do avance co obxectivo de que as mulleres que vexan noticia e se atopen en situacións similares, se animen a denunciar e a saír do inferno de vida no que viven.

Temos que evitar a banalización do problema e calquera tipo de xustificación da violencia. Temos que evitar o sensacionalismo, xa que recrearse nos detalles escabrosos só serve para alimentar o morbo da situación. Temos que evitar os rumores e tratar con coidado as identificacións. Con frecuencia dáse o nome da vítima, pero non do agresor. Temos que evitar a victimización secundaria dos fillos e das fillas. Que non se sintan sinalados porque o seu pai matou á súa nai. Isto pode causarlles un gran sufrimento. É poñer o suceso na súa perspectiva social e recorrer a fontes diversas con autoridade na materia.

Todos estaremos de acordo, creo, se afirmo que o tratamento dos casos de violencia de xénero nos medios debe responder á honestidade e á responsabilidade que definen á profesión.

Os e as xornalistas deben ser conscientes de que a información sobre maltrato evita mortes, por iso é fundamental poñer especial coidado no seu tratamento. Ofrecer unha información responsable, veraz, comprometida. Este é un excelente xeito de combater entre todos a violencia de xénero, e tamén de apoiar a todas mulleres que a sofren.

Vemos desde a Consellería de Emprego de presentar o día 13 de novembro os principais datos da macroenquisa realizada polo Goberno galego sobre a percepción que ten a sociedade galega sobre a violencia de xénero.

É a terceira edición desta macroenquisa -houbo outras dúas no ano 2005 e no ano 2012-, e en concreto, esta enquisa fíxose no mes de xullo, de forma telefónica a 3.874 persoas.

Unha das preguntas que tiñan que respostar os enquisados era en relación cos medios de comunicación e o tratamento que dan os medios de comunicación aos sucesos de violencia machista.

Así, na pregunta sobre o tratamento que os medios de comunicación dan as noticias sobre a violencia contra a muller, todavía máis do 50 por cento da poboación considera que *non lle dan toda a importancia que deberían*.

Isto reflicte á necesidade de promover entre os medios de comunicación unha maior sensibilización sobre este problema no relativo ás vítimas, respectándoas máis a elas e a súa familia; e dándolle a estes delitos a importancia que merecen para lograr erradicarlos.

Dado que os medios guían á opinión pública e abren debates sociais, é fundamental que incorporen a perspectiva de xénero para eliminar calquera tipo de discriminación.

Remato xa afirmando que os medios de comunicación constitúen un pilar esencial para acadar a plena igualdade entre mulleres e homes.

As mulleres que sofren este tipo de violencia en Galicia deben saber que non están soas, que teñen ao seu dispor recursos públicos, apoio de todo tipo desde as distintas institucións, e desde logo, desde a Administración autonómica, para axudalas a atopar unha saída.

Pero tamén os agresores deben saber e lembrar sempre que van atopar o rexeitamento frontal, non só das administracións, senón de toda a sociedade.

Por todo o anterior considero que este Congreso é moi, moi útil e necesario para seguir traballando na procura de informar, de sensibilizar, de concienciar sobre a importancia que efectivamente tendes todos os medios de comunicación no tratamento da violencia machista.

E sempre atoparedes á Xunta de Galicia para loitar, para colaborar neste obxectivo, que é un obxectivo común de todos e todas na nosa sociedade. Moitísimas grazas”.

CONCLUSIÓNS

O Congreso “Medios de Comunicación en Tempos de COVID-19: Influencia da Pandemia na Igualdade e na Violencia de Xénero” deparou unha concordancia unánime en que o coronavirus é un monotema informativo, que arrasa con todo e que relega a atención informativa da igualdade e dos casos de violencia de xénero. Tanto, que durante o foro se falou do COVID “como un *tsunami* informativo”.

Tamén houbo unanimidade respecto a que crise do COVID afecta de forma desproporcionada ás mulleres, polo que a igualdade de xénero ten que supor unha resposta máis xusta e efectiva. Isto obriga a estar vixilantes para que as medidas derivadas da pandemia non incrementen a vulnerabilidade das mulleres traballadoras e sexan un caldo de cultivo para a desigualdade e a violencia de xénero.

Posiblemente unha das máis demoledoras revelacións do Congreso é que o progreso en materia de igualdade de xénero ralentizouse durante o tempo da pandemia. Con esta velocidade, “se non se fai nada, poderíamos acadar a igualdade de xénero dentro duns 60 anos”, segundo a proxección realizada no seu relatorio por Irena Moozova, directora de Igualdade da Dirección Xeral de Xustiza da Comisión Europea.

Concordancia en suliñar a influencia decisiva dos medios, que deben informar axeitadamente para que as vítimas confíen en que van estar protexidas. E aí son esenciais os titulares das noticias de violencia de xénero, o relato informativo ou a sección na que se publican, que non debe ser a de *Sucesos*. Todos os decálogos de boas prácticas indican que a violencia de xénero é unha lacra que non pode tratarse informativamente como un suceso.

As denuncias baixaron un 14,62 por cento no primeiro trimestre de 2020 en relación con 2019, pero subiron un 61 por cento as chamadas ao 016. O confinamento supuxo un escenario de medo para moitas mulleres nos seus fogares, tendo en conta que o 81 por cento dos asasinatos se producen no domicilio.

Este contexto evidencia o carácter esencial do xornalismo para contribuír á igualdade e derrubar estereotipos, que minusvaloran á muller, a categorizan como persoa de segunda, sempre secundaria, pero nunca protagonista da súa propia vida e da historia. Para iso, hai coincidencia na necesidade de redobrar esforzos nos medios de comunicación co fin de incorporar a máis mulleres como fonte informativa. Deste xeito, outra visión do mundo será posible; unha visión máis rica, plural e diversa.

Concordancia, asemade, no exceso de información que se produce, ás veces a costa da calidade; e no déficit de mulleres nos medios de comunicación en responsabilidades de dirección.

E, como colofón, a reiterada necesidade de maior formación reclamada no Congreso para todos os niveis do ensino, con iniciativas que melloren a

sensibilización das persoas máis novas, desde os primeiros estadios do ensino, ata o nivel universitario. Todo, co obxectivo de que as novas xeracións interioricen e arraiguen un comportamento cívico e comprometido coa igualdade, e así desenvolvan unha maior conciencia de xénero, que facilitará a detección de calquera tipo de discriminación ou violencia.

Estas son as conclusións do Congreso “Medios de Comunicación en Tempos de COVID-19: Influencia da Pandemia na Igualdade e na Violencia de Xénero”:

- A crise do COVID está a relegar o tratamento informativo da igualdade e da violencia de xénero. De forma xeralizada, a cobertura de xénero está ausente durante a pandemia en todos os países.
- O coronavirus coloniza informativamente todos os espazos, como un *tsunami* que arrasa con todo.
- Durante a pandemia, as mulleres quedaron, de forma xeralizada, fóra das decisións políticas, fóra da comunidade científica e fóra do foco mediático.
- En España hai unha alta percepción do escaso protagonismo feminino nos medios.
- Necesidade dun maior compromiso cívico do xornalismo coa perspectiva de xénero, para combater os estereotipos sexistas e corrixir os desequilibrios informativos derivados do COVID.
- O tratamento informativo debe estar presidido polo criterio de deslexitimación do maltratador e de maior visibilidade da vítima.
- Vixilancia exhaustiva de que os recursos e a prestación de servizos para violencia de xénero non se reduza.
- Manter a vixilancia para que non se incremente a vulnerabilidade das mulleres traballadoras e a pandemia sexa un caldo de cultivo para a desigualdade e a violencia de xénero.
- Recomendación de recorrer con maior frecuencia a fontes informativas femininas para mellorar a presenza da muller nos contidos informativos e superar o claro predominio masculino nas fontes informativas.
- O xornalismo non pode ser mera caixa de resonancia, debe cumprir un servizo á cidadanía ofrecendo información de calidade.
- Se ben os avances na igualdade profesional no xornalismo son notables, aínda hai déficit de presenza feminina nos espazos de opinión e de dirección dos medios de comunicación.
- É necesario que os medios de comunicación contribúan a dar visibilidade e normalizar que as mulleres son competentes para opinar, liderar e dirixir.

- Os medios dixitais, pola súa organización menos xerarquizada, deben servir de punta de lanza para mellorar as cotas de igualdade.
- Sería recomendable que os medios contasen cun código deontolóxico sobre igualdade e violencia de xénero.
- Esperanza no enfoque con perspectiva de xénero que poden achegar as novas xeracións de xornalistas, maioritariamente mulleres.
- O alumnado universitario demanda máis formación en xénero.
- É necesario introducir a perspectiva de xénero na docencia universitaria.
- Hai que incrementar as liñas de investigación universitaria sobre a perspectiva de xénero.